



BOLETÍN OFICIAL

DA PROVINCIA DE OURENSE



DEPUTACIÓN PROVINCIAL

D. Legal: OR-1/1958

Ano 2003

Venres, 28 de marzo

N.º 72

DEPUTACIÓN PROVINCIAL OURENSE

Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas

A Corporación provincial, na sesión do día 14 de febreiro de 2003, acordou a modificación da ordenanza fiscal reguladora da recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas.

Non presentándose reclamacións durante o período ó público, enténdese como definitivamente adoptado o acordo provisional, de conformidade co disposto no artigo 17, número 3, da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Segundo o establecido no artigo 17.4 de dita Lei, publícase o novo texto da Ordenanza.

Ordenanza fiscal reguladora da recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas.

Natureza e fundamento.

Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 124.1, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas locais, a Excma. Deputación provincial de Ourense establece a recarga sobre o imposto sobre actividades económicas

Feito imponible

Artigo 2º.- Constitúeo o simple exercicio no territorio provincial de actividades empresariais, profesionais ou artísticas.

Considéranse actividades empresariais: as gandeiras, cando teñan carácter independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servicios. Non teñen, por conseguinte, tal consideración as ac-

tividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Base imponible

Artigo 3º.- A base imponible está constituída polas cotas municipais do imposto modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, segundo o previsto no art. 87 da Lei,

Suxeitos pasivos

Artigo 4º.- Son os mesmos que están gravados nos municipios co Imposto sobre actividades económicas, é dicir, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, sempre que realicen no territorio provincial calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Tipo de gravame

Artigo 5º.- Sobre as cotas municipais modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no art.87 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, reformada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, correspondentes a tódalas actividades exercidas nesta provincia, suxeitas ó imposto, recaerá unha Recarga única do 40 por 100.

Xestión

Artigo 6º.- A xestión da Recarga levárase a cabo xuntamente co Imposto sobre o que recae, pola Entidade que teña atribuída a xestión do mesmo.

Recadación

Artigo 7º.- O importe do recadado da Recarga do I.A.E. por recibo en período voluntario entregarase á Deputación dentro dos dous meses seguintes a aquel no que finalice o período de recadación. Este importe incrementárase coas cantidades recadadas ata a data de finalización de dito período voluntario, que non

estiveran incluídas no padrón ou matrícula.

As cantidades recadadas no semestre natural inmediatamente posterior ó mes no que finalice o período voluntario, a que se refire o parágrafo anterior, entregaranse dentro dos dous meses seguintes ó referido semestre.

Artigo 8º.- As cantidades ingresadas fora dos prazos indicados producirán intereses de demora, fixados nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado correspondente, desde o día seguinte ó vencemento do prazo para a entrega ata a data do seu ingreso.

Artigo 9º.- Caso de efectuarse a recadación do I.A.E. pola Deputación, practícarase directamente o ingreso da Recarga en arcas provinciais.

Artigo 10º.- A Deputación, de conformidade co disposto no apartado 5 do artigo 124 da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderá solicitar do Estado a retención, con cargo á participación nos Tributos do Estado, das débedas firmes que contraeran os municipios pola recarga provincial no I.A.E., máis os intereses de demora.

Entenderase que a débeda é firme cando a recadación da recarga provincial non se entregara nas formas previstas anteriormente e conste en certificación acreditativa expedida polo Interventor local do municipio correspondente, segundo figura no apartado 5 do artigo 124 da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 11º.- As retencións efectuadas, segundo se dispón no apartado 5 citado, serán entregadas polo Estado dentro do mes seguinte a aquel no se que verificaran as retencións.

Ditos importes non poderán, no seu conxunto, exceder da porcentaxe que

cada ano se establece nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado para as compensacións das débedas dos municipios. Vixencia

Artigo 12º.- A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor trala súa publicación integra no "BOP", con efectos desde o 1º de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ourense, a 27 de marzo de 2003.- O presidente. Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

R. 1.469

DEPUTACIÓN PROVINCIAL OURENSE

Unha vez aprobada a oferta de emprego público deste Instituto para o ano 2003, e de conformidade coa resolución da Subdirección Xeral da Función Pública, de que non é necesaria a súa publicación no BOE, publícase no BOP, para coñecemento e efectos que procedan.

A mencionada oferta de emprego público é a seguinte:

Provincia de Ourense
Código Territorial -

Corporación: Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico- INORDE (Organismo autónomo dependente da Deputación Provincial de Ourense).

Oferta de emprego público correspondente ó exercicio de 2003.

Aprobada por decreto da Presidencia do Inorde do 14 de febreiro de 2003.

Persoal laboral

Nivel de titulación: Bacharel Superior.

Denominación do posto: Director-xerente. Persoal alta dirección. Contratación laboral temporal-concurso público.

Número de vacantes: 1.

Ourense, 14 de febreiro de 2003.- O presidente do INORDE. O secretario.

Ourense, 20 de marzo de 2003.- O presidente do Instituto. Asdo.: Antonio Mouriño Villar.

R. 1.390

CONCELLOS

A PEROXA

EDICTO

Elevándose a definitivo, por non presentarse reclamacións, o acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 12 de febreiro de

2003, de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais municipais reguladoras do imposto sobre bens inmobles, imposto sobre actividades económicas e imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se transcribe a continuación, co texto integro das mesmas resultante da modificación, que se achega como Anexo de este edicto, faise público en cumprimento do disposto polo artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, facendo constar que contra o mesmo poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala de dita xurisdicción do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación deste acordo e das ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia.

"4- Expediente de modificación de ordenanzas de impostos locais.

Tendo coñecemento da entrada en vigor da nova Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, así como da entrada en vigor da Lei 48/2002, de 28 de decembro, reguladora do catastro inmobiliario e a súa incidencia nos bens inmobles principalmente, e a modificación substancial que estas leis comportan respecto das ordenanzas fiscais municipais reguladoras do imposto sobre bens inmobles, imposto sobre actividades económicas e imposto sobre construcións, instalacións e obras; recoñecida a potestade regulamentaria do Concello, o abeiro do disposto no art. 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais lexislación de aplicación, e a competencia municipal na materia, derivada dos principios de fiscalidade municipal recollidos na Constitución Española.

Vista a Memoria da Alcaldía, o informe de Secretaría-Intervención e demais documentación obrante no expediente, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar, provisionalmente, a modificación das ordenanzas fiscais que se relacionan a continuación, que quedan redactadas co texto que figura no Anexo á Memoria da Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2003 que encabeza o expediente, conforme ó disposto no artigo 16 da citada Lei 39/1988:

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construción, instalacións e obras.

Segundo.- Expor ó público o presente acordo e as ordenanzas fiscais, tal como preceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionada Lei 39/1988.

Terceiro.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentaren reclamacións e continuar o expediente ata a súa conclusión de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida Lei 39/1988.

Cuarto.- As ordenanzas fiscais modificadas entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003."

Concluído o debate, a proposta da Alcaldía sobre "expediente de modificación de ordenanzas de impostos locais.", someteuse á votación, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes (nove votos a favor) quedando a referida proposta convertida en acordo nos seus propios termos.

A Peroxa, 25 de marzo de 2003.- O alcalde.

Anexo

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade asemade co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das facendas locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles.

Artigo 1º.- Feito imponible.

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servicios públicos ós que estean afectos.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufructo.
- Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior polo orden establecido nel, determinará a non suxeición do inmovible ó resto das modalidades previstas nel.

3. Ten a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos

e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artículo 2º.- Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria suportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós cánones que deban satisfacer cada un deles.

Artículo 3º.- Responsables

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións nas obrigacións tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artículo 4º.- Exencións

1. Son exencións directas de aplicación de oficio as comprendidas no artigo 63, apartado 1, da Lei 39/1988.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 63 apartado 2, letras a), b) e c) da Lei 39/1988.

3. Estarán asemade exentos:

a) Os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 6,00 euros.

b) Os bens inmobles de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no

termino municipal sexa inferior a 12,00 euros.

4. Con carácter xeral, a concesión de exencións terá efectos a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal solicitase antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artículo 5º.- Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e da maneira que a Lei prevea.

Artículo 6º.- Reducións

1. A redución na base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urbanos e rústicos que se encontren en algunha destas dúas situacións:

a) Inmovible no que o valor catastral se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral en virtude da:

1.º A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobada con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1997.

2.º A aplicación de sucesivos relatores totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 69.1 da Lei 39/1988.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que teña dado lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1.º Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral.

2.º Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.

3.º Procedementos simplificados de valoración colectiva.

4.º Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e rectificacións de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta redución aplicarase de oficio de acordo coas normas contidas nos artigos 69, 70 e 71 da Lei 39/1988.

3. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artículo 7º.- Base liquidable

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda o inmovible así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral deste imposto.

4. O valor base será a base liquidable conforme ás normas da Lei 39/1988 e da Lei 48/2002, de 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario.

5. A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e o réxime de recursos contra os actos administrativos o establecido en dita Lei así como na Lei 39/1988.

Artículo 8º.- Tipo de gravame e cota

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,6%.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,6 %.

c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais: o 1,3%.

Artículo 9º.- Bonificacións

1. No suposto de novas construcións, pódese conceder unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras, ás empresas urbanizadoras, constructoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a ela, de conformidade co artigo 74 da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización, o de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización o construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa dedicase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

3. Terán unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido no artigo 134 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Cooperativas.

4. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, mentres por normativa se encontre dita familia constituída como tal.

Artigo 10º.- Período impositivo e de obriga de contribuir do Imposto

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. A obriga de contribuir o imposto nace o primeiro día do período impositivo.

As variacións de orde físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ó que figura no seu Padrón, liquidará o imposto na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

A liquidación do Imposto comprenderá a cota correspondente os exercicios mencionados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van a finalizar as obras que orixinaron a modificación do valor e o presente exercicio.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e os anteriores a cota satisfeita por este imposto a razón doutra configuración do inmovible diferente da que ten na realidade.

Artigo 11º.- Réxime de declaración e de ingreso

1. Os efectos previstos no artigo 77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos, están

obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orde físico, económico ou xurídico nos bens inmovibles que teñan transcendencia a efectos deste Imposto.

2. É competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse a eles deben ser presentados á administración municipal, ante a que se debe indicar, asemade, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obrigación dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais ó Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licencia ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostra claramente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme á Lei 48/2002 e a Lei 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iniciarase o período executivo, o que comporta a acreditación do recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por 100 cando a débeda se ingrese antes de que sexa notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º.- Xestión por delegación

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración coa que se subscribe o convenio ou coa Administración na que se delega.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13º.- Data de aprobación e vixencia

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión realizada o 12 de febreiro de 2003 entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, régulase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1º.- Feito imponible.

1. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal directo de carácter real, o feito imponible do cal está constituído polo mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non estean exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, se

atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2. Os efectos deste imposto, considéranse actividades empresariais as da gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración, as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinen o feito impositivo.

Artigo 3º.- Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º.- Exencións.

1. Están exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, así como os Organismos autónomos do Estado, e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade no territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os efectos da aplicación da exención prevista neste parágrafo teranse en conta as regras que se conteñen no artigo 83 da Lei 39/1988.

d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos que realicen.

g) As fundacións e asociacións para o exercicio daquelas actividades que constitúan o seu obxecto social ou finalidade específica, non supoñan competencia desleal e os seus destinatarios sexan unha colectividade xenérica de persoas. A tal efecto estarase ó establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións e na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

h) A Cruz Vermella.

i) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2. As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

3. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuír do tributo concorran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, incluído o elemento superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realiza a actividade regulados nos artigos 6 e 7 da presente Ordenanza.

Artigo 6º.- Coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, sobre as

cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); coeficiente

Dende:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29
- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,01; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo co previsto na parágrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de facendas locais.

Artigo 7º.- Coeficiente de situación.

1. Os efectos do previsto no artigo 88 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, as vías públicas deste municipio non se clasifican en categorías fiscais.

Artigo 8º.- Bonificacións.

Sobre a cota do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións

a) O abeiro do que prevé a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota as cooperativas, as súas unións, federacións e confederacións, así como as sociedades agrarias de transformación.

b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

c) Unha bonificación do 50% da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen pola cota municipal, durante os cinco anos seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento dela.

A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade se

exerceu anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do art. 83 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

d) Unha bonificación por creación de emprego do 50% da cota correspondente, para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que incrementen o termo medio do seu cadro de persoal de traballadores por contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior o da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, de se-lo caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b) e c) deste artigo.

e) Unha bonificación do 50% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeneración, ou que realicen as súas actividades industriais, dende o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións afastadas das zonas máis poboadas do termo municipal, ou que establezan un plan de transportes para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ó lugar do posto de traballo e fomentar o emprego de medios de transporte máis eficientes, como o transporte colectivo ou o compartido.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, de se-lo caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b), c) e d) deste artigo.

Artigo 9º.- Período impositivo e percibo do imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trata de declaracións de alta, no caso das cales, comprenderá dende a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de inicio da actividade non coincida co ano natural, no caso das cales as cotas calcularanse proporcionalmente o número de trimestres naturais que queden para acabar o ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

3. Tamén, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres natu-

rais, excluído aquel no que se produza dito cese. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se houberse exercido a actividade.

4. Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgúns dos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da Sección I das Tarifas do IAE, percibirán no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente os metros vendidos ou espectáculos cobrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

Artigo 10º.- Réxime de declaración e de ingreso.

1. É competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que conduzan á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os anteditos actos, e actuacións para información e asistencia o contribuínte, sen prexuízo das facultades de delegación.

2. Contra os actos de xestión tributaria competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende:

- A data da notificación expresa, no caso de liquidacións de ingreso directo.

- A finalización do período de exposición pública do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime, por tratarse de exercicios seguintes a aquel no que tivo lugar o alta.

3. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que, dentro do prazo previsto para interpoñelos, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

No obstante elo, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre de xeito inequívoco que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4. As liquidacións de ingreso directo deberán de satisfacerse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se realice o ingreso iniciarase a vía de prema e aplicarase a recarga establecida na Lei xeral tributaria.

As cantidades debidas reportan intereses de mora desde o día seguinte ó vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese se aplicarase sobre a débeda tributaria, excluída a recarga de prema.

O tipo de interese e o vixente ó longo do período en que se perciba, fixado de acordo co disposto no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria e disposicións legais que resulten de aplicación.

5. Cando o concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censal, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto se esixirá en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados para o efecto pola entidade local.

Artigo 11º. Comprobación e investigación.

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o concello ou ente en quen este delegase as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do imposto sobre actividades económicas, que comprenderán a comprobación e a investigación, a práctica das liquidacións tributarias que, se cabe, sexan procedentes e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo iso referido, exclusivamente, os supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 12º. Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 12 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do título II e artigos 102 a 104, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de de-

cebros, reguladora das facendas locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación da dita norma, regúlase mediante a presente ordenanza fiscal o imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para as que se esixa a obtención da licenza de obras ou urbanística correspondente, obtivérase ou non esta licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

A) Obras de construción de edificacións e instalacións de calquera tipo de nova planta.

B) Obras de demolición.

C) Obras en edificios, tanto as que modifiquen a súa disposición interior como as que modifiquen o seu aspecto exterior.

D) Aliñacións e rasantes.

E) Obras de fontanería e de rede de sumidoiros.

F) Movimentos de terra tales como desmontes, explanacións, escavacións, terrapléns, obras de peche de solares ou terreos, valados e estadas.

G) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra ou urbanística.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realiza aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite a correspondente licenza ou quen realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

3. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a designar un representante con domicilio

en territorio español, para os efectos das súas relacións coa Facenda Pública.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

5. As débedas por este imposto serán esixibles ás persoas físicas e xurídicas que sucedan o debedor no exercicio das explotacións e actividades económicas.

Artigo 4º. Exencións.

Están exentos do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra das que sexan propietarios o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitos ó imposto, vaian a destinarse directamente a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e as súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de conservación.

Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquelas.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, de se-lo caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

Artigo 6º. Tipo de gravame e cota.

1. O tipo de gravame será o 2,4%.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

Artigo 7º. Bonificacións.

1. Concédese unha bonificación do 2,4% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas o de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarse, trala solicitude previa do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2. Concederase unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da administración competente.

A bonificación prevista neste apartado aplicarase á cota resultante de aplicar, de se-lo caso, a bonificación a que se refire o punto anterior.

3. Concederase unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras vinculadas ós planos de fomento dos investimentos privados en infraestruturas. A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, de se-lo caso, as bonificacións as que se refiren os puntos anteriores.

4. Concederase unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, de se-lo caso, as bonificacións a que se refiren as letras anteriores.

5. Poderase deduci-lo 75% da cota íntegra do imposto ou, de se-lo caso da cota bonificada, o importe satisfeito ou que deba satisfacer-lo suxeito pasivo en concepto de taxa por outorgamento da licenza urbanística correspondente á construción, instalación ou obra de que se trate.

Artigo 8º. Percibo do imposto.

O percibo do imposto nacera no momento de iniciarse a construción, a instalación ou a obra, aínda que non se obtivese a licenza correspondente.

Artigo 9º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. O solicitante dunha licenza para realiza-las construcións, instalacións ou

obras enumeradas no artigo 1º, punto 2, desta ordenanza deberá presentar no momento da solicitude o proxecto e o presuposto de execución estimado.

2. Cando se conceda a preceptiva licencia practicarase unha liquidación provisional e a base imponible determinarase en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que este estivese visado polo colexio oficial correspondente. Se non fora así, a base imponible determinarase os técnicos municipais.

3. Á vista das construcións, as instalacións ou as obras realizadas e o seu custo real efectivo, o Concello, mediante a comprobación administrativa correspondente, poderá modificar, se procede, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicará a liquidación definitiva correspondente e esixirá do suxeito pasivo o ingreso da diferenza entre a liquidación provisional e a definitiva ou reintegraralle, se procede, a cantidade que corresponda.

4. O ingreso das liquidacións, provisional e definitiva, se efectuará nas entidades colaboradoras da recadación nos prazos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Artigo 10º.- Comprobación e investigación.

1. A inspección e a comprobación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

2. En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que lles correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolven.

3. Ós efectos previstos neste apartado considerarase de especial transcendencia para a xestión do imposto a presentación das declaracións esixidas pola normativa vixente e recollidas nesta Ordenanza.

Artigo 11º. - Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión realizada o día 12 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento de este Im-

posto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

A Peroxa, 24 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.353

PARADA DE SIL

Elevándose a definitivo, por non achegarse reclamacións, o acordo do Pleno de 12 de febreiro de 2003, relativo á modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles e a Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

En cumprimento do disposto no artigo 17.4 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, publícase, como Anexo a este anuncio o texto íntegro delas.

Contra o presente acordo definitivo de modificación dos devanditos impostos, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da presente publicación.

Parada de Sil, 25 de marzo de 2003.- O Alcalde,

Anexo

Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles

Artigo 1º.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos na Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, e a Lei 48/2002, de 23 de decembro, de catastro inmobiliario.

Constitúe o feito imponible do Imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufructo.
- Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior polo orden establecido nel, determinará a non suxeición do inmóble ó resto das modalidades previstas nel.

Ós efectos deste imposto terán a consideración de bens inmobles rústicos, de

bens inmobles urbanos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario, en particular, o disposto no artigo 2º da Lei 48/2002, de 23 de decembro.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmóble de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon.

Artigo 3º.- Base imponible

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles.

Artigo 4º.- Base liquidable

A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións legais que de se-lo caso sexan de aplicación.-

Artigo 5º.- Exencións

Á vista da facultade outorgada polo apartado 4º do artigo 7º da Lei 51/2002, do 27 de decembro, polo que se modifica o artigo 63 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, decláranse exentos os seguintes bens inmobles; os urbanos nos que a súa cota líquida sexa inferior a seis euros (6,00) e os rústicos, no caso que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no municipio sexa inferior tamén a seis euros (6,00).

Artigo 6º.- Cota tributaria.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable os seguintes tipos de gravame:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0'7 %.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0'8 %.

c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais o 1,30%

Artigo 7º.- Período impositivo e devengo

1.- O imposto devengará o primeiro día do período impositivo.-

2.- O período impositivo coincide co ano natural.

3.- Os feitos actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ante o catastro inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ó momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e

de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.-

Artigo 8º.- Xestión do imposto

1.- A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos, salvo delegación en forma no organismo competente e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión de documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a existencia e informacións ó contribuínte.

2.- A xestión catastral é competencia exclusiva da administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais.-

3.- De conformidade coa prerrogativa outorgada polo apartado 2º do artigo 78 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, agrúpanse nun único documento de cobro sempre que isto sexa posible, cando se refiran a bens que radiquen nun mesmo municipio.-

Artigo 9º.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.

En canto non contradiga ou non esté previsto na presente ordenanza serán de aplicación as normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, reguladora das facendas locais, e o disposto na Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Concello en Pleno, en sesión de data 12 de febreiro de 2003, que entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Ordenanza fiscal do imposto sobre actividades económicas

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos lo-

cais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, régulase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1º.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real constituíndo o seu feito imponible o mero exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérzense ou non en local determinado e estean ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos do imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 3º.- Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarifas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 87 da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, tendo en conta o seguinte cadro:

Importe neto da cifra e negocios (euros)

Dende:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29
- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,00; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Ós efectos da aplicación do coeficiente ó que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de conformidade co previsto no parágrafo c) do apartado 1º do artigo 83 da Lei 39/1988, na súa redacción dada polo artigo 23 da Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Artigo 4º.- Periodo impositivo e devengo.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, abarcando neste caso dende a data de comezo da actividade ata o remate do ano natural.

2. O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, agás cando, nos

casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, calculándose neste suposto as cotas de xeito proporcional ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o de comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no suposto de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o devandito cese. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se tivese exercicio a actividade.

3. Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presenta-las correspondentes declaracións na forma na que se estableza regulamentariamente.

Artigo 5º.- Xestión de imposto.

O imposto xestiónase a partires da matrícula do mesmo. Dita matrícula formarase anualmente para cada termo municipal e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, de se-lo caso, da recarga provincial.

Artigo 6º.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.

En canto non contradiga ou non estea previsto nesta ordenanza estarase ó disposto nas normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Concello no Pleno, en sesión de data 12 de febreiro de 2003, que entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse con efectos a partires do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

R. 1.399

* * *

LOBEIRA

Unha vez elevado a definitivo, por non se ter presentado reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión de 13 de febreiro do ano 2003, de aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Actividades Económicas, publícase seguidamente, en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local:

Anexo I (Ordenanza Reguladora)

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 113.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, regúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

O Pleno do Concello, por unanimidade, acorda aprobar inicialmente a modificación da ordenanza, elevándose a definitivo unha publicada polo prazo de trinta días sen que contra a mesma se formulasen reparos ou alegacións

Artigo 1º.- Feito imponible.

1. O imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal directo de carácter real, o feito imponible do cal está constituído polo mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non estean exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2. Os efectos deste imposto, considéranse actividades empresariais as da gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración, as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos ás persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinen o feito imponible.

Artigo 3º.- Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitíranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e

ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral tributaria.

Artigo 4º.- Exencións.

1. Están exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, así como os Organismos autónomos do Estado, e as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades Autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade no territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas

- Os suxeitos pasivos do imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 decembro, Xeral Tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os efectos de aplicación da exención prevista neste parágrafo teranse en conta as regras que se conteñen no artigo 83 da Lei 39/1988.

d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo do ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos que realicen.

g) As fundacións e asociacións para o exercicio daquelas actividades que constitúan o seu obxecto social ou finalidade específica, non supoñan competencia desleal e os seus destinatarios sexan unha colectividade xenérica de persoas. A tal efecto estarase ó establecido na Lei 50/2000, do 26 de decembro de fundacións e na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades

sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenado.

h) A Cruz Vermella.

i) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenio internacionais.

2. As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e considéranse, cando proceda, a instancia de parte.

3. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refire a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuír do tributo concorresen os requisitos legalmente esixidos para o goce da exención.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto incluído o elemento superficie, coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realiza a actividade regulada no artigo 6 da presente Ordenanza.

Artigo 6º.- Coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neta da cifra de negocios (euros); Coeficiente

Desde:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29
- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Mais de 100.000,01; 1,35

Sen cifra de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de Facendas Locais.

Artigo 7º. Bonificacións.

Sobre a cota do imposto aplicaremos, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) O abeiro do que prevé a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota as cooperativas, as súas unións, fe-

deracións e confederacións, así como as sociedades agrarias de transformación.

b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Artigo 8º. Período impositivo e percibo do imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, no caso das cales, comprenderá desde a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de inicio da actividade non coincida co ano natural, no caso das cales as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que queden para acabar o ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

3. Tamén, no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateadas por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte da cota correspondente os trimestres naturais nos que non se houberse exercido a actividade.

4. Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgúns dos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da Sección I das Tarifas do IAE percibirán no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente en metros vendidos ou espectáculos cobrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

Artigo 9.- Réxime de declaración e ingreso.

1. É competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e deneigación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que conduzan á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os anteditos actos, e actuacións para informa-

ción e asistencia ó contribuínte, sen prexuízo das facultades de delegación.

2. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar desde:

- A data de notificación expresa, no caso de liquidación de ingreso directo.

- A finalización do período de exposición ó público do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime por tratarse de exercicios seguintes a aquel no que tivo lugar a alta.

3. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que, dentro do prazo previsto para interpoñelos, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

Non obstante, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre de xeito inequívoco que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4. As liquidacións de ingreso directo han de satisfacerse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se realice o ingreso se iniciará a vía de constrinximento e se aplicará o recargo establecido na Lei Xeral Tributaria.

As cantidades endebedadas reportan intereses de demora desde o día seguinte ó vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese se aplicará sobre a débeda tributaria, excluído o recargo de prema.

O tipo de interese é o vixente o longo do período en que se perciba, fixado de acordo co disposto no artigo 58.2.c) da Lei Xeral Tributaria e disposicións legais que resulten de aplicación.

5. Cando o Concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censual, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto se esixirá en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados o efecto pola entidade local.

Artigo 10º.- Comprobación e investigación.

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o Concello ou ente en que este delegase as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e a investigación, a práctica das liquidacións tributarias que, si cabe, sexan procedentes e a noti-

ficación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo elo referido, exclusivamente, os supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 11º.- Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o 13 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia" e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

Lobeira, 24 de marzo do ano 2003.- O Alcalde

R. 1.395

Unha vez elevado a definitivo, por non se ter presentado reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión de 13 de febreiro do ano 2003, de aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, publícase seguidamente, en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local:

Anexo I (Ordenanza Reguladora)

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ó establecido nos artigos 5 e seguintes, así como do Título II, e art. 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002 de 27 de decembro de modificación de dita norma, e Lei 48/2002 reguladora do Catastro Inmobiliario, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmóveis.

O Pleno do Concello, por unanimidade, acuerda aprobar inicialmente a modificación da ordenanza, elevándose a definitivo unha publicada polo prazo de trinta días sen que contra a mesma se formulasen reparos ou alegacións

Artigo 1º.- Feito imponible.

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmóveis está constituído pola ti-

tularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que están afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a suxeición do inmovible ó resto de modalidades previstas no mesmo.

2. Ten a consideración de bens inmobles de natureza urbana, rústica e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do inmovible.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

1º. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades a que se refire o art. 33 da lei 230/1963 de 28 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de máis de un concesionario sobre un mesmo inmovible de características especiais, será o substituto do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir este sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º.- Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades Xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e hasta o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicará.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º.- Exencións.

1. Exencións directas de aplicación de oficio: as comprendidas no art. 63, apartado 1, c) da Lei 39/1988 na súa redacción dada pola Lei 5/2002 de 27 de decembro.

2. Exencións directas de carácter rogado: as comprendidas no artigo 63.2, letras a), b) e c) da Lei 39/1988 na súa redacción dada pola Lei 5/2002 de 27 de decembro.

3. Exencións potestativas:

a) Os bens inmobles de natureza urbana, que a súa cota líquida sexa inferior a 6 Euros.

b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos, posuídos no termo municipal sexa inferior a 6 Euros.

4. Con carácter xeral, a concesión de exencións producirá efecto a partir do exercicio seguinte a data de solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederase se na data de cobro do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu disfrute.

Artigo 5º.- Base imponible.

1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán se obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e da maneira que a lei prevea.

Artigo 6.- Reducións.

1.- A redución da base imponible será aplicable ós bens inmobles, urbanos e rústicos, que se atopen en algunha destas situacións:

a) Inmobles que o seu valor catastral se incremente como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación da nova ponencia total de valoración aprobada con posterioridade o 1-1-1997 ou por aplicación de sucesivas ponencias totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no art. 69.1 da Lei 39/1988.

b) Cando se aprobe unha ponencia de valores que dera lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e que o seu valor catastral se altere antes de finalizar o prazo de redución para:

1.- Procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.

2.- Procedemento de valor colectivo de carácter parcial.

3.- Procedemento simplificado de valoración colectiva.

4.- Procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e subsanación de discrepancia e inspección catastral.

2.- A redución será aplicada de oficio coas normas contidas no art. 69, 70 e 71 da Lei 39/1988, na modificación establecida pola Lei 51/2002.

Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7º.- Base liquidable.

1. A base liquidable será o resultado de practicar, de se-lo caso, na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base do inmovible así como o importe da redución, de se-lo caso, e da base liquidable do primeiro ano da vixencia do valor catastral.

4. O valor base será a base liquidable conforme ás normas da Lei 39/1988 e Lei 48/2002 de 23 de decembro do Catastro Inmobiliario.

5.- A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e no réxime de recursos contra os actos administrativos, o establecido en dita lei, así como na Lei 39/1988.

Artigo 8º.- Tipo de gravame e cota .

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,7 % .

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,5 % .

c) Para tódolos grupos de bens inmobles de características especiais o 1,3 % .

Artigo 9º.- Bonificacións especiais.

1. No suposto de novas construcións, pódese conceder unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras ás empresas urbanizadoras, constructoras e promotoras, tanto se se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a esta, de conformidade co artigo 74 de Lei 39/1988 de 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización ou de construción e un ano mais a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción que se trate, a cal farase mediante certificación do Técnico-Director competente das mesmas, visado polo Colexio Oficial.

b) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, a cal farase mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, a cal farase mediante certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T. a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde que se poida acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50% durante o prazo de tres anos, contados dende o outorgamento da calificación definitiva e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

Transcorridos os tres anos, contidos anteriormente, disfrutarán dunha bonificación do 50% por 3 anos.

3. Gozarán dunha bonificación do 95% da cota os bens de natureza rústica das Cooperativas Agrícolas e de Explotación Comunitaria da terra, de acordo co art. 134 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Cooperativas.

Artigo 10º.- Período impositivo e acreditación do imposto.

1. O período impositivo é o ano natural.

2. O Imposto devenga o primeiro día do período impositivo.

3. As variación de orden físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, ten efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

4. Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación do valor catastral, respecto o que figura no seu padrón, liquidará o IBI na data en que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

5. A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente ós exercicios meritados e non prescritos, entendéndose por este os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van remata-las obras que orixinaron a modificación do valor e o presente exercicio.

6. No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e ós anteriores a cota satisfeita por IBI a razón doutra configuración do inmovible, diferente da que tivo en realidade.

Artigo 11.- Réxime de declaración e ingreso.

1. Os efectos previstos no art.77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos, están obrigados a formaliza-las declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade no caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orde físico, económico ou xurídico nos bens inmovibles que teñan transcendencia a efectos do imposto.

2. Sendo competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse deben ser presentadas á administración municipal, ante a que se deberá indicar, así mesmo, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obriga dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais, o Concello sen menoscabo das facultades do resto de administracións públicas, comunicará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licencia ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da facultade de xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición do recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante isto, en caso excepcional, a alcaldía pode acorda-la suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostre fidedignamen-

te a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme a Lei 48/2002 e 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que as débedas se satisfixeran, iniciárase o período executivo, o que comporta a acreditación da recarga do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos intereses de demora correspondentes.

A recarga será do 10% cando a débeda se ingrese antes que fose notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º.- Xestión por delegación.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola administración convida ou delegada.

Para o procedemento de xestión e recadación no establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido na lexislación vixente.

Artigo 13º.- Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión realizada o 13 de febreiro de 2003 comezará a rexer o día 1º de xaneiro de 2003 e continuará vixente mentres non se acorde a modificación ou derogación.

Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Lobeira, 24 de marzo do ano 2003.- O alcalde.

R. 1.396

Logo de transcorre-lo prazo de información pública da "Ordenanza reguladora da tenza de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servicios" do Concello de Lobeira, ó non presentaren reclamacións ou alegacións dentro do dito prazo, enténdese

elevado a definitivo o acordo adoptado polo Concello Pleno na sesión de 27 de xuño do ano 2002, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedéndose á publicación do texto definitivo.-

Ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servizos.

Capítulo I.- Disposicións xerais.

Artigo 1º.- Obxecto.

1.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da concesión e renovación das licencias administrativas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a regulación do rexistro municipal de animais potencialmente perigosos e a determinación das taxas pola prestación destes servizos.

2.- Asemade, créase a Sección Local do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos (REGIAC), que conterà a información referente ós animais de compañía residentes no Concello, que se remita desde o REGIAC.

3.- Quedan excluídos da aplicación da presente ordenanza os cans e animais pertencentes ás forzas armadas, forzas e corpos de seguridade do Estado, corpos da policía das comunidades autónomas, policía local e empresas de seguridade con autorización oficial.

Artigo 2º.- Definición de animal potencialmente perigoso.

1.- Considéranse animais potencialmente perigosos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, todos aqueles que pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionala morte ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cousas.

2.- No caso concreto dos cans, entenderase por potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

a) Cans que tiveran algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas.

b) Cans que foran adestrados para a garda e defensa.

c) Cans que polas súas características raciais puidesen ser aptos para o adestramento para garda e defensa e, en con-

creto, os pertencentes ás razas seguintes: American Staffordshire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Doberman, Dogo Arxentino, Dogo de Bordeos, Dogo do Tibet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (Ca de Bou), Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu. Tamén serán considerados neste apartado os cruces en primeira xeración destes, cruces destas razas entre si ou cruces destes con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar a algunha das razas anteriormente descritas.

d) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. A dita agresividade será apreciada pola autoridade competente da Consellería de Medio Ambiente, de oficio ou logo de notificación ou denuncia, e logo de informe dun adestrador ou veterinario designado para o efecto.

Capítulo II.- Da licenza municipal.

Artigo 3º.- Licenza municipal.

1.- A tenza de animais potencialmente perigosos requirirá a obtención, con carácter previo á adquisición do animal, da correspondente licenza municipal, que se expedirá no Concello de residencia habitual do propietario.

2.- Nos supostos previstos no apartado 2.a) do artigo 2º, o titular do can disporá do prazo dun mes para solicita-la licenza administrativa, contado desde a resolución dictada para tales efectos.

3.- Nos supostos previstos no apartado 2.d) do artigo 2º, o Concello comunicará os feitos á autoridade competente da Consellería de Medio Ambiente, xuntando os informes esixidos no dito apartado, debidamente motivados. No caso de que se dictara resolución na que se aprecie a agresividade, o titular disporá do prazo dun mes, contado desde a súa notificación, para solicita-la licenza administrativa.

Artigo 4º.- Órgano competente para a concesión da licenza.

Tramitado o expediente conforme ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, concederáse a licenza e o número correspondente desta, mediante resolución do órgano que teña atribuída a competencia.

Artigo 5º.- Requisitos e documentación para obte-la licenza municipal.

1.- Para obte-la licenza municipal será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) - Ser maior de idade.

- Acreditarase mediante fotocopia do DNI ou do pasaporte.

b) - Non ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á tenza de animais potencialmente perigosos.

- Acreditarase mediante certificado de antecedentes penais.

c) Non ter sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das previstas no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou, de selo caso, renovación da licenza, ter sido sancionado coa suspensión temporal desta, sempre que, no momento da solicitude, a sanción de suspensión anteriormente imposta fora cumprida integramente.

- Acreditarase mediante certificado negativo expedido pola Consellería de Medio Ambiente.

d) - Dispoñer de certificado de capacidade física e aptitude psicolóxica para a tenza de animais potencialmente perigosos, expedido polo director dun centro médico-psicotécnico debidamente autorizado, conforme se recolle nos artigos 4º, 5º e 6º do RD 287/2002, do 22 de marzo.

e) - Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poida causa-lo animal, cunha cobertura mínima de 125.000 euros. Este seguro deberá renovarse anualmente.

- Acreditarase mediante presentación de copia da póliza de seguro claramente detallada ou certificado da compañía aseguradora.

Artigo 6º.- Vixencia e renovación das licencias.

1.- As licencias terán unha vixencia de cinco anos. Transcorrido este período deberán ser obxecto de renovación, por período de igual duración, mediante a presentación da mesma documentación esixida para a súa obtención e sinalada no artigo anterior.

2.- A licenza perderá a súa vixencia no momento no que o seu titular deixe de cumprir calquera dos requisitos establecidos no artigo anterior.

Artigo 7º.- Acreditación da licenza.

A tenencia da licenza municipal acreditarase mediante a entrega dunha copia da resolución do expediente administrativo iniciado a solicitude do interesado,

e mediante a entrega dunha tarxeta acreditativa expedida polo Concello, onde se fagan consta-los seguintes datos:

- Número de licenzia municipal.
- Data de resolución do expediente de solicitude da licenzia.
- Data de caducidade da vixencia da licenzia.
- Nome e apelidos do titular.
- DNI do titular.
- Enderezo do titular.
- Fotografía actualizada do titular.
- Selo do Concello.

Artigo 8º.- Revisión e revogación da licenzia.

1.- Calquera variación dos datos que figuran na licenzia deberalle ser comunicada polo seu titular, no prazo de 15 días contados desde a data en que se produza, ó órgano competente do Concello ó que lle corresponda a súa expedición, para que se proceda a realiza-la revisión correspondente.

2.- A perda polo titular de calquera dos requisitos esixidos no artigo 5º, dará lugar á revogación da licenzia municipal outorgada, trala tramitación de expediente contradictorio.

A revogación da licenzia dará lugar á perda do dereito á tenza do animal. O propietario procederá, no prazo máximo de quince días, á entrega do animal a un novo propietario que posúa licenzia en vigor. De non atoparse un novo propietario no prazo referido, entregarase o animal no centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados dependente do Concello, respectando en todo momento o disposto na Lei 1/1993, do 13 de abril, e nos artigos 53 ó 60 do Decreto 153/1998, do 2 de abril, que a desenvolve.

Capítulo III.- Do rexistro municipal.

Artigo 9º.- Rexistro Municipal de animais Potencialmente Perigosos.

1.- Créase o Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, no que se inscribirán os animais potencialmente perigosos que teñan a súa residencia habitual no Concello.

2.- O rexistro terá un tratamento informatizado, no que se farán constar, de conformidade co disposto no artigo 4.2 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, como mínimo, os seguintes datos:

- Datos do animal:
- Número de microchip.
 - Nome do animal.
 - Especie.
 - Raza (no caso de cans).
 - Sexo.
 - Características externas (descrición da capa, tipo e cor da pel, etcétera).
 - Data de nacemento.
 - Aptitude (función do animal): compañía, garda, defensa, caza, etcétera.

- Causa de inclusión no rexistro (sinalar supostos do artigo 2.2 do Decreto 90/2002).

- Enderezo habitual do animal.
- Data de adquisición do animal.
- Forma de adquisición do animal (cría, doazón, traspaso, venda, outras: especificar).

- Observacións.

Datos do propietario ou posuidor:

- DNI.
- Apelidos.
- Nome.
- Enderezo habitual.
- Teléfonos de contacto.
- Licenzia administrativa: número de licenzia, data de expedición e Concello de expedición.

3.- A identificación definitiva con microchip dos animais potencialmente perigosos é obrigatoria sen excepcións. A identificación definitiva con microchip de tódolos cans, independentemente da súa raza ou condición, será obrigatoria a partir do 2 de xullo de 2003, tal e como se recolle na disposición transitoria segunda do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.

4.- O Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos é un rexistro de carácter público, ó que terán acceso as administracións públicas e autoridades competentes, así como aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecemento dos datos obrantes nel. En todo caso, o uso e tratamento dos datos contidos no Rexistro será conforme co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos persoais.

Artigo 10.- Inscripción no rexistro.

1.- Os titulares da licenzia administrativa están obrigados a efectua-la inscrición do animal no Rexistro Municipal do Concello de residencia habitual do animal, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenzia, tal e como se recolle no artigo 6.2º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, e no artigo 4.1º do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.

2.- Tamén será obrigatoria, a instancia do propietario, a inscrición do animal no Rexistro Municipal do Concello correspondente cando se efectúe o seu traslado dun Concello a outro por período superior a tres meses.

3.- Conforme se dispón no artigo 4.3º do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, os datos recollidos no rexistro municipal serán remitidos á Consellería de Medio Ambiente no prazo máximo de 15 días, contados desde o momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso.

Artigo 11º.- Acreditación da inscrición no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos.

A inscrición no rexistro acreditarase mediante entrega dunha copia da resolución do expediente administrativo iniciado a solicitude do interesado, e mediante entrega dunha tarxeta acreditativa, tamaño carné, expedida polo Concello, onde se fagan consta-los seguintes datos:

- Número do microchip e data de alta do animal no rexistro municipal.
- Nome, especie, raza, sexo, capa e data de nacemento do animal.
- Enderezo do animal.
- Nome, apelidos do propietario.
- Licenzia do propietario (número, data de expedición, Concello).
- DNI do propietario.

Artigo 12.- Baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

1.- A baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos efectuarase a instancia do interesado, trala acreditación da morte do animal (esta última certificada por veterinario ou autoridade competente).

2.- Igualmente, se procederá á baixa no rexistro no caso de traslado de residencia habitual do animal a Municipio distinto, que así quede acreditado a instancia do interesado. Neste caso o propietario deberá dar de alta ó animal no novo concello de residencia.

3.- A perda ou substracción do animal, por un prazo superior a tres meses, considerase baixa definitiva do animal no rexistro.

4.- Farase constar no rexistro como de titularidade municipal aqueles animais depositados no centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados dependentes do Concello, como consecuencia da recollida destes da vía pública, que carezan de dono ou que sendo este identificado non o reclamase no prazo de 10 días do aviso efectuado, consonte co previsto no artigo 53 do Decreto 153/1998, do 2 de abril. Así mesmo, constarán como de titularidade municipal os que foran obxecto de comiso definitivo ó propietario.

Artigo 13º.- Comunicacions do propietario do animal ó Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

1.- O propietario do animal deberá comunicarlle ó rexistro calquera variación dos datos que figuran nel, no prazo de 15 días desde que se producise a modificación.

2.- Deberá comunicarse ó rexistro municipal a venda, traspaso ou doazón do animal.

3.- Calquera incidente producido por animais potencialmente perigosos ó longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais, faranse constar na folla rexistral de cada animal, tal e como se recolle no artigo 6.4º da Lei 50/1999, do 23 de decembro. No caso de agresións recollerase, como mínimo, a seguinte información: data da denuncia, descrición dos feitos e consecuencias xurídicas.

4.- A substracción ou perda do animal deberá serlle comunicada polo titular do animal ó rexistro municipal, no prazo máximo de 48 horas desde que se teña coñecemento destes feitos, tal e como se recolle no artigo 8.6º do RD 287/2002, do 22 de marzo.

5.- Os propietarios de animais potencialmente perigosos deberán comunicarlle ó rexistro a castración ou esterilización do animal, se esta se producise, remitindo copia da certificación veterinaria correspondente que acredite este feito.

Capítulo IV.

Artigo 14º.- Sección Local do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos (REGIAC).

1.- Ó amparo dos principios de lealdade institucional, cooperación e colaboración previstos no artigo 4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, créase a Sección Local do Rexistro de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos, que se nutrirá cos datos remitidos polo REGIAC, dependente da Consellería de Medio Ambiente.

2.- Cos datos contidos nesta sección formarase, a data 31-12 de cada ano, o censo ó que se refire o artigo 27º do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

Capítulo V.

Artigo 15º.- Circulación e permanencia dun can potencialmente perigoso en vías públicas e locais.

1.- Os propietarios, criadores ou posuidores deberán manter os animais que estean baixo a súa custodia en axeitadas condicións hixiénico-sanitarias e cos coidados e atencións necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal, en cumprimento da Lei 1/1993, do 13 de abril e do Decreto 153/1998, do 2 de abril, en concreto nos seus capítulos IV, VII e X.

2.- A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espazos públicos esixirá que a persoa que os conduza e controle leve consigo a licenza municipal e a certificación acreditativa da inscrición do animal no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

3.- Os cans potencialmente perigosos, en lugares e espazos públicos, deberán levar obrigatoriamente buxeiro apropiado para a tipoloxía racial de cada animal.

4.- Os cans potencialmente perigosos deberán ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de menos de 2 metros, sen que poida levarse máis dun destes cans por persoa.

Capítulo VI.

Artigo 16º.- Cans potencialmente perigosos abandonados ou vagabundos.

1.- A administración local é responsable da recollida e mantemento dos animais vagabundos ou abandonados, segundo se recolle no artigo 11.1º da Lei 1/1993, do 13 de abril, e no artigo 54º do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

2.- Os animais recollidos serán trasladados e mantidos en centros de recollida de animais vagabundos ou abandonados, autorizados e rexistrados. As instalacións destinadas a albergaren cans potencialmente perigosos deberán reunilas medidas de seguridade necesarias para evita-las fuxidas sen produciren danos ós animais.

3.- Os prazos de estadía previstos serán os que se dan para tódolos individuos da especie canina e que veñen reflectidos nos artigos 53, 57 e 58 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

4.- Estes animais poderán ser cedidos en adopción sempre e cando o novo propietario posúa a licenza administrativa correspondente, e o can supere as probas de socialización que demostren que o animal non é perigoso para a seguridade das persoas.

Capítulo VII.- Infraccións e sancións.

Artigo 17º.- Infraccións.

1.- En materia de infraccións e sancións rexerá o disposto na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos e na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade.

2.- As infraccións que se cometan contra o disposto nesta ordenanza clasifícanse como moi graves, graves e leves.

3.- Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves as previstas no artigo 13.1º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 22º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

4.- Terán a consideración de infraccións administrativas graves as previstas no artigo 13.2º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 21º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

5.- Son infraccións administrativas leves as previstas no artigo 13.4º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como

as establecidas no artigo 20º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

Artigo 18º.- Sancións.

1.- As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas con multas con contías que serán as fixadas no artigo 13.5º da Lei 50/1999, do 23 de decembro e no artigo 24º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

2.- En todo caso, as infraccións graves e moi graves, tipificadas no artigo anterior desta ordenanza, poderán levar aparelladas como sancións accesorias a confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenza de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación do adestrador.

Artigo 19º.- Responsable.

Considéranse responsables das infraccións ós que por acción ou omisión participaran para cometelas, o propietario ou posuidor dos animais ou, se é o caso, o titular do establecemento, local ou medio de transporte no que se produzan os feitos, e neste último suposto, asemade, o encargado do transporte.

Artigo 20º.- Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador aplicable rexerá polo establecido na Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como a Lei 30/1992, do 26 de novembro, e as normas que as desenvolven.

Artigo 21º.- Exercicio da potestade sancionadora.

1.- Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos artigos 24.2º da Lei 1/1993, do 13 de abril, serán:

a) Por infraccións leves, o Alcalde.

b) Por infraccións graves, o Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.

c) Por infraccións moi graves, o conselleiro de Medio Ambiente.

2.- A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións tipificadas como leves correspóndelle ó Concello. Non obstante, o Alcalde poñerá en coñecemento, de xeito que faga fe, do Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, toda acción ou omisión que poida ser tipificable como infracción grave ou moi grave.

3.- Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, o Alcalde poderá proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación dun expediente sancionador.

Capítulo VIII.- Da taxa por expedición de licencia, renovación, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelacións.

Artigo 22º.- Obxecto.

De conformidade co disposto nos artigos 15º ó 19º, en relación co artigo 20º da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establécese a taxa pola prestación de servizos especiais de expedición de licencia, as súas renovacións, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelacións.

Artigo 23º.- Feito imponible.

O feito imponible da taxa é a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta ordenanza para a concesión da licencia indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que desta deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aquel outros servizos que se recollen nas tarifas desta ordenanza.

Artigo 24º.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición no rexistro municipal e os propietarios que soliciten a expedición da licencia ou que renoven esta.

Artigo 25º.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1º e 39º da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40º da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 26º.- Aplicación da taxa.

1.- A aplicación da taxa producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible.

2.- A non concesión da licencia, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.

Artigo 27º.- Tarifas.

1.- Licencia de cans potencialmente perigosos, 30 euros.

2.- Ficha identificativa individual, 6 euros.

3.- Renovación de licencias, 15 euros.

4.- Inscrición no rexistro de animais Potencialmente Perigosos, 6 euros.

5.- Inscrición no censo de animais de compañía, 4 euros.

6.- Modificacións rexistras, 3 euros.

7.- Cancelación rexistral, 3 euros.

8.- Os actos ós que se refiren os epígrafes 1, 3, 4 e 7, cando os soliciten os suxeitos pasivos a que se refire o núme-

ro 2 do artigo 22, terán unha recarga do 50%.

Artigo 28º.- Ingreso da taxa.

O ingreso da taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ó acto que o motiva.

Artigo 29º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas lles corresponden en cada caso, ateranse ó disposto nos artigos 77º e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición adicional única.

Quedan excluídos da obriga de obter a licencia municipal aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa de organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha finalidade social.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor coa súa publicación íntegra no diario oficial correspondente e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, continuando en vigor ata a súa derogación expresa polo Concello.

R. 1.397

* * *

Unha vez elevado a definitivo, por non se ter presentado reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión de 13 de febreiro do ano 2003, de aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora dos Servizos Técnicos Municipais por uso de maquinaria, publícase seguidamente, en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local:

Anexo I (Ordenanza Reguladora)

O Pleno do Concello, por unanimidade, acorda aprobar inicialmente a ordenanza, elevándose a definitivo unha publicada polo prazo de trinta días sen que contra a mesma se formularen reparos ou alegacións.-

Fundamento e natureza:

Artigo 1.- En exercicio das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigos 6 e 329 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e ó abeiro dos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, establécese a Taxa sobre a Prestación de Servizos Técnicos Municipais.

Artigo 2.- Constitúe o obxecto desta exacción a utilización dos servizos técnicos municipais comprensible de uso

de maquinaria de propiedade municipal solicitado a instancia de persoas naturais, xurídicas, públicas ou privadas en especial o Tractor Rozadoira.

Feito imponible e obriga de contribuir:

Artigo 3.- O feito imponible está constituído pola prestación do servizo con maquinaria do parque municipal do Concello de Lobeira.

O servizo, previa xustificación do interese público, pode ser susceptible de ser prestado fóra do término municipal.

Artigo 4.- A obriga de contribuir nacerá dende o momento en que teña lugar a prestación do servizo e se utilice a maquinaria do Concello.

Suxeito pasivo:

Artigo 5.- Estarán obrigados ó pagamento aquelas persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas que soliciten mediante instancia ó efecto a prestación do servizo.

Tarifas:

Artigo 6.- As tarifas a aplicar son as seguintes:

a) Utilización de tractor rozadoira: 17 Euros / Hora (dezasete euros por hora).

b) Os contratistas adxudicatarios de obras municipais que se benefician do servizo abonarán a tarifa de 30 Euros/Hora (trinta euros por hora).

c) Prestación do servizo fóra do término municipal 30 Euros / Hora (trinta euros por hora) mais 0,30 Euros / quilómetro (cero trinta euros).

d) As Comunidades de Montes en Man Común constituídas por veciños do Concello de Lobeira por razóns de interese público se declaran exentas no aboamento de tarifas.

Administración e cobranza:

Artigo 7.- Todo usuario do servizo de maquinaria a que se refire a presente Ordenanza, deberá de solicita-lo por escrito mediante o modelo oficial que se servirá nas oficinas municipais.

A petición formulada será resolta pola Alcaldía ou Comisión de Goberno segundo a urxencia do caso mediante resolución que disporá a utilización do servizo de maquinaria, segundo a dispoñibilidade, sen que sexa obrigatorio accederen ó solicitado polo interesado.

Acordada a prestación do servizo, este poderase suspender por razóns de interese público, o que se comunicará inmediatamente ó usuario e sen que este teña dereito a indemnización ou contra-prestación de resarcimento ó seu favor.

Artigo 8.- O modelo oficial de instancia recollerá entre outros datos: nome e apelidos do interesado, domicilio ou razón social, NIF ou CIF, denominación da finca, do lugar, paraxe e parroquia, superficie a rozar, tipo de maleza, días

solicitados, xornada de utilización prevista con indicación das horas estimadas para a prestación do servizo. Finalmente o interesado indicará si se trata de primeira utilización do servizo ou a prestación do mesmo resulta en concepto de mantemento.

Artigo 9.- Prestado o servizo e practicado previamente a notificación da resolución o interesado procederá inmediatamente a abonar a liquidación practica-da.

Artigo 10.- As cotas non satisfeitas faranse efectivas polo procedemento de constrinximento administrativo cando teña transcorrido un mes dende o seu vencemento que se cumprirá transcorridos oito días dende o remate da utilización do servizo.

Artigo 11.- Considéranse partidas nulas ou créditos incobrables aquelas cotas que non se poideran facer efectivas polo procedemento de constrinximento. Esta declaración formalizarase mediante o oportuno expediente e de acordo co previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

Infraccións:

Artigo 12.- Todo o relativo a infraccións e as súas distintas cualificacións así como as sancións que poidan corresponder e no procedemento de sanción estarase ó que dispón subsidiariamente a Lei Xeral Tributaria, todo elo sen prexuízo de cantas outras responsabilidades civís ou penais en que poidan concorrer infractores.

Actualización de tarifas:

Artigo 13.- As tarifas establecidas na presente Ordenanza estarán vixentes para o exercicio económico de 2003 e incrementaranse nun 5 por 100 (cinco por cen) cada ano sen prexuízo das variacións que poidan sufrilos impostos que sexan de aplicación.

Disposición final.

A presente Ordenanza comezará a rexer dende o día seguinte ó da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e permanecerá vixente sen interrupción en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Lobeira, 24 de marzo do ano 2003.- O alcalde.

R. 1.394

O PEREIRO DE AGUIAR

ANUNCIO

Aprobación definitiva Ordenanzas Fiscais:

- Imposto sobre Bens Inmóveis. (IBI).
- Imposto sobre Actividades Económicas. (IAE).

Elevado a definitivo, por no presentarse reclamacións ó acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria de 14 de febreiro de 2003, de aprobación provisional dos expedientes de modificación das Ordenanzas Fiscais, que se transcribe a continuación, e das Ordenanzas modificadas, que se adxuntan como Anexo deste Edicto, faise público en cumprimento do disposto no art. 17.4 da Lei 39/1.988, de 28 de decembro.

Modificación ordenanzas fiscais o abeiro da Lei 51/2002 de reforma da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais.

Visto o expediente tramitado para a modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras do Imposto sobre Bens Inmóveis e do Imposto sobre Actividades Económicas ó abeiro da Lei 51/2002, de Reforma da Lei 39/1.988, Reguladora das Facendas Locais, no que constan os Informes de Secretaría-Intervención e o dictamen favorable da Comisión Especial de Contas, a proposta do Sr. Alcalde, por unanimidade dos once Concelleiros/as que de dereito compoñen a Corporación, acórdase:

1.- Aprobar provisionalmente para o exercicio 2003 e seguintes a modificación das Ordenanzas Fiscais que se relacionan a continuación e a Memoria de Alcaldía que encabeza o expediente en armonía co disposto no artigo 16 e concordantes da citada lei:

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas

2.- Expor ó público o presente acordo provisional e o novo texto das Ordenanzas Fiscais afectadas durante o prazo de trinta días hábiles, tal e como preceptúa o artigo 17 da antedita Lei 39/1.988.

3.- Elevar a definitivo o presente acordo se non se presentasen reclamacións o mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida lei.

4.- As referidas Ordenanzas fiscais modificadas entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo definitivo de imposición e de ordenación dos devanditos impostos, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte o da presente publicación.

O Pereiro de Aguiar, 26 de marzo de 2003.- O alcalde.

Anexo I

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmóveis

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade asemade co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das facendas locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, de modificación de dita norma, régúlese mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmóveis.

Artigo 1º.- Feito imponible.

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmóveis está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóveis rústicos e urbanos, e sobre os inmóveis de características especiais:

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóveis ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufructo.

d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior polo orden establecido nel, determinará a non suxeición do inmóvel ó resto das modalidades previstas nel.

3. Ten a consideración de bens inmóveis rústicos, de bens inmóveis urbanos e bens inmóveis de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmóvel de características especiais, será substituído do contribuínte ó que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles

corresponda en proporción ós cánones que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º.- Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións nas obrigas tributarias destas entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirase, en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º.- Exencións.

1. Son exencións directas de aplicación de oficio as comprendidas no artigo 63, apartado 1, da Lei 39/1988.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 63, apartado 2, letras a), b), e c) da Lei 39/1988.

3. Do mesmo xeito, estarán exentos:

a) Os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 6,00 Euros.

b) Os bens inmobles de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no término municipal sexa inferior a 6,00 Euros.

4. Con carácter xeral, a concesión de exencións terá efectos a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Sen embargo cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederese se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 5º.- Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e da maneira que a Lei prevea.

Artigo 6º.- Reducións.

1. A redución na base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urba-

nos e rústicos que se encontren en algunha destas dúas situacións:

a) Inmable no que o valor catastral se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral en virtude da:

1.º A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobada con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1997.

2.º A aplicación de sucesivos relatorios totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 69.1 da Lei 39/1988.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que teña dado lugar á aplicación da redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1.º Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral.

2.º Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.

3.º Procedementos simplificados de valoración colectiva.

4.º Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e rectificacións de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta redución aplicarase de oficio de acordo coas normas contidas nos artigos 69, 70 e 71 da Lei 39/1988.

3. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7º.- Base liquidable.

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda ó inmable así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral deste imposto.

4. O valor base liquidable conforme ás normas da Lei 39/1988 e da Lei 48/2002, de 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario.

5. A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e, o réxime de recursos contra os actos administrativos o es-

tablecido en dita lei así e como na Lei 39/1988.

Artigo 8º.- Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,6 %.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,7%.

c) Para tódolos grupos de bens inmobles de características especiais: o 1,3%.

Artigo 9º.- Bonificacións.

1. No suposto de novas construcións, pódese conceder unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras, ás empresas urbanizadoras, constructoras e promotoras, tanto se se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a ela, de conformidade co artigo 74 da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización, ou de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional correspondente.

b) Acreditación de que a empresa se adica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmable obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

3. Terán unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido no artigo 134 da Lei

20/1990, de 19 de decembro, de Cooperativas.

Artigo 10º.- Período impositivo e de obriga de contribuír co Imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. A obriga de contribuír co imposto nace o primeiro día do período impositivo.

As variacións de orde física, económica ou xurídica, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ó que figura no seu Padrón, liquidará o imposto na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

A liquidación do Imposto comprenderá a cota correspondente ós exercicios mencionados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e ós anteriores a cota satisfeita por este imposto a razón doutra configuración do inmovible diferente da que ten na realidade.

Artigo 11º.- Réxime de declaración e de ingreso.

1. Os efectos previstos no artigo 77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así e como as restantes declaracións por alteración de orde física, económica ou xurídica nos bens inmovibles que teñan transcendencia ós efectos deste Imposto.

2. É competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse a eles deben ser presentados á administración municipal, ante a que se debe indicar, así mesmo, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obriga dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais ó Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións públicas, comunicará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licenza ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como ás liquidacións por ingreso directo, sen pre-

xuízo da facultade de delegación da xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo de un mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostra claramente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme á Lei 48/2002 e á Lei 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iniciarase o período executivo, o que comporta a acreditación do recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así e como dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por 100 cando a débeda se ingrese antes de que sexa notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º.- Xestión por delegación.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración coa que se subscribe o convenio ou coa Administración na que se delega.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberase aplicar o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13º.- Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 14 de febreiro de 2003 entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003 e continuará vixente mentres

non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado ou por outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Anexo II

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas

Ó abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, régulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1º. Feito imponible.

1.- O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal directo de carácter real, o feito imponible do cal está constituído polo mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non estean exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, se atopan ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2.- Os efectos deste imposto, considéranse actividades empresariais as da gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servicios. Polo tanto, non teñen esta consideración, as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinen o feito empoñible.

Artigo 3º. Responsables.

1.- Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participa-

cións das obrigas tributarias destas entidades.

3.- No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4.- A responsabilidade esixirásese en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1.- Están exentos do imposto:

a). O Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, así como os Organismos autónomos do Estado, e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

b). Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade no territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

c). Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os efectos da aplicación da exención prevista neste parágrafo teranse en conta as regras que se conteñen no artigo 83 da Lei 39/1988.

d). As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e). Os Organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos ben sexan costeados integramente con fondos do Estado, ben das Comunidades Autónomas ou ben das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo.

f). As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos realicen.

g). As fundacións e asociacións para o exercicio daquelas actividades que constitúan o seu obxecto social ou finalidade específica, non supoñan competencia

desleal e os seus destinatarios sexan unha colectividade xenérica de persoas. A tal efecto estarase ó establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións e na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

h). A Cruz Vermella.

i). Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2.- As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

3.- As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuir co tributo concorreran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, incluído o elemento superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realiza a actividade regulados nos artigos 6 e 7 da presente Ordenanza.

Artigo 6º. Coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); Coeficiente		
Desde	1.000.000,00	ata
5.000.000,00;	1,29	
Desde	5.000.000,01	ata
10.000.000,00;	1,30	
Desde	10.000.000,01	ata
50.000.000,00;	1,32	
Desde	50.000.000,01	ata
100.000.000,00;	1,33	
Mais de 100.000.000,00;	1,35	
Sen cifra neta de negocio;	1,31	

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por él e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de facendas locais.

Artigo 7º. Coeficiente de situación.

1.- Os efectos do previsto no artigo 88 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, as vías públicas deste municipio clasifícanse en dúas categorías fiscais:

- Categoría primeira: totalidade de vías públicas do Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar, existentes e as que resulten de futuras ampliacións.

- Categoría segunda: vías públicas do resto do Concello.

2.- Sobre as cotas incrementadas pola aplicación do coeficiente sinalado no artigo 7º desta Ordenanza, e atendendo á categoría fiscal da vía pública na que radica fisicamente o local no que se realiza a actividade económica, establécese a seguinte táboa de coeficientes:

Categoría fiscal das vías públicas; índice aplicable

Primeira: Vías públicas do Pque. Empresarial de Pereiro; 1,10

Segunda: Vías públicas do resto do Concello; 1,00

3.- O coeficiente aplicable a calquera local ven determinado polo correspondente á categoría da rúa na que teña sinalado o número de policía ou no que se atope situado o acceso principal.

Artigo 8º. Bonificacións.

Sobre a cota do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) Ó abeiro do que prevé a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota as cooperativas, as súas unións, federacións e confederacións, así como as sociedades agrarias de transformación.

b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Artigo 9º. Período impositivo e percibo do imposto.

1.- O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trata de declaracións de alta, no caso das cales, comprenderá desde a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2.- O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, excepto cando, nos casos de declaracións de alta, o día de inicio da actividade non coincida co ano natural, neste caso as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimes-

tres naturais que queden para acabar o ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

3.- Tamén, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se houberse exercido a actividade.

4.- Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgúns dos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da Sección I das Tarifas do IAE, percibirán no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente ós metros vendidos ou espectáculos cobrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración complementaria haberá de ser presentada xunto coa declaración de baixa.

Artigo 10º. Réxime de declaración e de ingreso.

1.- É competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que condúzan á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os anteditos actos, e actuacións para a información e a asistencia ó contribuínte, sen prexuízo das facultades de delegación.

2.- Contra os actos de xestión tributaria competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar desde:

- A data da notificación expresa, no caso de liquidacións de ingreso directo.

- A finalización do período de exposición pública do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime, por tratarse de exercicios seguintes a aquel no que tivo lugar a alta.

3.- A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que, dentro do prazo previsto para interpoñelos, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

Nembargantes, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre de xeito inequívoco que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4.- As liquidacións de ingreso directo han de satisfacerse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sin que se realice o ingreso, iniciárase a vía de prema e aplicarase o recargo establecido na Lei xeral tributaria.

As cantidades debidas reportan interese de demora dende o día seguinte ó vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese aplicarase sobre a débeda tributaria, excluído o recargo de prema.

5.- Cando o Concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censal, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto esixírase en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados o efecto pola entidade local.

Artigo 11º. Comprobación e investigación.

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o Concello ou Ente en quen este delegase as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e a investigación, a práctica das liquidacións tributarias que sexan procedentes e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo isto referido, exclusivamente, ós supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 12º. Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 14 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

O Pereiro de Aguiar, 26 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.398

VILARIÑO DE CONSO

Don Juan Vicente González Losada, secretario acctal. do Concello de Vilariño de Conso (Ourense).

Certifico:

Que as ordenanzas Fiscais "Reguladora do Imposto sobre bens inmóveis

rústica e urbán" a "Ordenanza Reguladora do Imposto sobre bens inmóveis de características especiais" e a "Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre Actividades Económicas" permaneceron expostas ó público no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia núm. 35 de data 12/02/2003 polo prazo de trinta días, desde o trece de febreiro pasado ata ó dezanove do corrente, amboledous incluídos sen que se teñan producido reclamacións.

Asemade, de conformidade co Acordo Plenario adoptado en Sesión Extraordinaria o día 11 de febreiro pasado, ó non producirse reclamacións contra as mesmas, quedan automaticamente elevados a definitivos, procedendo a publicación das ditas ordenanzas como Anexos a este anuncio e de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais. Contra o presente Acordo definitivo de aprobación destas ordenanzas Fiscais poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da presente publicación.

Vilariño de Conso, a 24 de marzo do 2003.- O alcalde. O secretario.

Ordenanza fiscal del impuesto sobre bienes inmuebles de características especiales.

A tenor de las facultades normativas otorgadas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución Española y por el artículo 106 de la Ley 7/1985 reguladora de las Bases de Régimen Local, y de conformidad a lo establecido en los artículos 15 y siguientes, así como del Título II y en especial de los artículos 61 y siguientes de la Ley 39/1988 de 28 de diciembre reguladora de las Haciendas Locales en su redacción dada por la Ley 51/2002 de 27 de diciembre, y Ley 49/2002 de 23 de diciembre reguladora del Catastro Inmobiliario, se regula el impuesto sobre bienes inmuebles de características especiales (IBI) que se registrará por la presente Ordenanza Fiscal.

Artículo 1º.- Naturaleza y Hecho Imponible del IBI relativo a los Bienes Inmuebles de Características especiales.

El Impuesto sobre Bienes Inmuebles, es un tributo directo de carácter real que grava el valor de los bienes inmuebles en los términos establecidos en la Ley 39/1988 y Ley 42/2002.

Constituye el Hecho Imponible del Impuesto sobre Bienes Inmuebles relativo a los bienes de características espe-

ciales, la titularidad de los siguientes derechos sobre éstos:

- a) De una concesión administrativa sobre los propios inmuebles o sobre los servicios públicos a que estén afectos.
- b) De un derecho real de superficie.
- c) De un derecho real de usufructo.
- d) Del derecho de propiedad.

La realización del hecho imponible que corresponda de entre los definidos en el apartado anterior por el orden en él establecido determinará la no sujeción del inmueble a las restantes modalidades en el mismo previstas.

Artículo 2º.- Bienes inmuebles de características especiales.

A los efectos de este Impuesto tendrán la consideración de bienes inmuebles de características especiales los comprendidos en los siguientes grupos:

- a) Los destinados a la producción de energía eléctrica y gas y al refino de petróleo, y las centrales nucleares.
- b) Las presas, saltos de agua y embalses, incluido su lecho o vaso.- Se exceptúan las destinadas exclusivamente a riego sin otro destino o utilidad; estarán por tanto sujetos los bienes anteriormente relacionados si además de riego cumplen otras funciones o finalidades.
- c) Las autopistas, carreteras y túneles de peaje.
- d) Los aeropuertos y puertos comerciales.

Artículo 3º.- Sujetos pasivos.

Son sujetos pasivos a título de contribuyentes del Impuesto sobre bienes inmuebles de características especiales las personas físicas y jurídicas y las entidades a que se refiere el artículo 33 de la Ley 230/1963 de 28 de diciembre, General Tributaria que ostenten la titularidad del derecho que, en cada caso sea constitutivo del hecho imponible de este impuesto.

En el supuesto de concurrencia de varios concesionarios sobre un mismo inmueble de características especiales, será sustituto del contribuyente el que satisfaga el mayor canon, sin perjuicio de poder repercutir éste sobre los demás concesionarios la parte de la cuota líquida que le corresponda en proporción a los cánones que deban satisfacer cada uno de ellos.

Artículo 4º.- Base Imponible:

La Base imponible de este impuesto estará constituida por el valor catastral de los bienes inmuebles de características especiales determinado para cada bien inmueble a partir de los datos obrantes en el Catastro Inmobiliario y estará integrado por el valor del suelo y el valor de las construcciones, determinándose mediante la aplicación de la correspondiente ponencia de valores elabo-

radas por la Dirección General del Catastro directamente o a través de los convenios de colaboración, siguiendo las normas de aplicación.

El Procedimiento de valoración de los bienes inmuebles de características especiales se iniciará con la aprobación de la correspondiente ponencia especial cuando afecten a uno o varios grupos de dichos bienes.- Y ello sin perjuicio de las disposiciones transitorias vigentes para tales bienes a partir del día 1 de enero de 2003.

Los bienes inmuebles de características especiales que a fecha 1 de enero de 2003 consten en el Catastro Inmobiliario conforme a su anterior naturaleza de bienes inmuebles urbanos, mantendrán hasta el 31 de diciembre de 2005 el valor, sin perjuicio de su actualización cuando proceda, así como el régimen de valoración, debiéndose incorporar al Catastro Inmobiliario los restantes bienes que tengan la condición de bienes inmuebles de características especiales antes del 31 de diciembre de 2005, mediante los procedimientos de declaración, comunicación, solicitud, subsanación de discrepancias e inspección catastral.

Artículo 5º.- Base Liquidable.

La Base liquidable de este impuesto será el resultado de practicar en la base imponible las reducciones legales que en su caso sean de aplicación.

Artículo 6º.- Cuota tributaria

La cuota íntegra del Impuesto sobre bienes Inmuebles de características especiales será el resultado de aplicar a la base liquidable el siguiente tipo de gravamen:

El 0.9 por 100 aplicable desde la entrada en vigor de esta ordenanza y para ejercicios sucesivos, hasta que no se acuerde mediante modificación otro tipo distinto.

Asimismo y de darse mientras esté vigente la ordenanza de este impuesto, alguno de los supuestos contemplados en el artículo 73 de la Ley 39/1988 se aplicarán los incrementos que procedan.

Artículo 7º.- Período impositivo y devengo.

El Impuesto se devengará el primer día del período impositivo que coincidirá con el año natural.

La efectividad de las inscripciones catastrales resultantes de determinación del valor catastral de los bienes inmuebles de características especiales coincidirá con la prevista en las normas reguladoras del Catastro Inmobiliario.

Las alteraciones concernientes a los bienes inmuebles susceptibles de inscripción catastral determinarán la obligación de los sujetos pasivos de forma-

lizar las declaraciones conducentes a su inscripción en el Catastro Inmobiliario conforme a lo establecido en sus normas reguladoras.

Conforme a lo establecido en el artículo 5 de la Ley 48/2002 del Catastro Inmobiliario, y sin perjuicio de los procedimientos regulados en el artículo 4 para la incorporación en el Catastro Inmobiliario de los bienes inmuebles y de sus alteraciones, el Ayuntamiento se acoge al sistema de comunicaciones: son comunicaciones las que formule el Ayuntamiento poniendo en conocimiento del Catastro Inmobiliario los hechos, actos o negocios susceptibles de generar un alta, baja o modificación catastral, derivados de actuaciones para las que se haya otorgado la correspondiente licencia o autorización municipal en los términos y con las condiciones que se determinen por la Dirección General del Catastro, gozando dichas comunicaciones de presunción de certeza conforme al artículo 116 de la Ley 230/1963 de 28 de diciembre General Tributaria.

Serán objeto de comunicación los hechos, actos o negocios contemplados en el artículo 5 de la Ley 48/2002, debiéndose notificar a los interesados, teniendo efectividad el día siguiente a aquel en el que se produzcan los hechos, actos o negocios que originen la incorporación o modificación catastral con independencia del momento en que se notifiquen.

En los supuestos de cambio, por cualquier causa, en la titularidad de los derechos que constituyen el hecho imponible de este impuesto, los bienes inmuebles de características especiales objeto de dichos derechos, quedaran afectados al pago de la totalidad de la cuota tributaria en los términos previstos en el artículo 41 de la Ley 230/1963 General Tributaria.

Artículo 8º.- Gestión del Impuesto sobre bienes inmuebles de características especiales.

La gestión del Impuesto sobre bienes inmuebles de características especiales comporta dos vías:

- a) La gestión tributaria: que comprende la propia gestión y recaudación de este impuesto, así como la revisión de los actos dictados en esta vía de competencia exclusiva de este Ayuntamiento, salvo delegación en forma en el organismo competente, y comprenderá las funciones de reconocimiento y denegación de exenciones y bonificaciones, realización de las liquidaciones conducentes a la determinación de las deudas tributarias, emisión de los documentos de cobro, resolución de expedientes de de-

volución de ingresos indebidos en su caso, resolución de recursos que se interpongan contra dichos actos y actuaciones para la asistencia e información al contribuyente.

b) La gestión catastral: competencia exclusiva de la Administración catastral del Estado en la forma prevista en las disposiciones legales. Comprende la gestión del impuesto a partir de la información contenida en el padrón catastral y demás documentos elaborados por la Dirección General del Catastro.

Artículo 9º.- Cuestiones no previstas en esta ordenanza.

En cuanto no contradiga o no esté previsto en la presente ordenanza, se estará a las normas contenidas en la Ley 39/1988 de 28 de diciembre y Ley 48/2002 de 23 de diciembre.

Disposiciones transitorias

1ª.- Los bienes inmuebles de características especiales que a fecha 1 de enero de 2003 consten en el Catastro Inmobiliario conforme a la naturaleza vigente antes de la reforma de la Ley 39/1988 por Ley 51/2002 y de la vigencia de la Ley 48/2002 mantendrán hasta el 31 de diciembre de 2005 el valor, sin perjuicio de su actualización cuando legalmente proceda y su régimen de valoración, debiéndose incorporar en todo caso al Catastro Inmobiliario conforme a las normas reguladoras y siguiendo los procedimientos legales para tales actos antes del día 31 de diciembre de 2005, debiendo en consecuencia los sujetos pasivos comunicar a este Ayuntamiento los bienes y derechos que con arreglo a esta ordenanza constituyen el hecho imponible de este impuesto.

Disposición final.- La presente ordenanza fiscal ha sido aprobada por el pleno de este Ayuntamiento en sesión de fecha 11 de febrero del 2003 y comenzará a aplicarse el día 1 de enero de 2003, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

Ordenanza fiscal número 6 Imposto sobre bens inmuebles.

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade asemade co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, re-

gulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmuebles.

Artigo 1º.- Feito imponible.

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmuebles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmuebles rústicos e urbanos e sobre os inmuebles de características especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmuebles ou sobre os servicios públicos ós que estean afectos.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufructo.
- Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior polo orden establecido nel, determinará a non suxeición do inmueble ó resto das modalidades previstas nel.

3. Ten a consideración de bens inmuebles rústicos, de bens inmuebles urbanos e bens inmuebles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artículo 2º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, Xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmueble de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós cánones que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria o que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións nas obrigacións tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital,

que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1. Son exencións directas de aplicación de oficio as comprendidas no artigo 63, apartado 1, da Lei 39/1988.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 63 apartado 2, letras a), b) e c) da Lei 39/1988.

3. Estarán asemade exentos:

a) Os bens inmuebles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 6 euros.

b) Os bens inmuebles de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termino municipal sexa inferior a seis euros.

4. Con carácter xeral, a concesión de exencións tera efectos a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal solicitase antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmuebles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e da maneira que a Lei prevea.

Artigo 6º. Reducións.

1. A redución na base imponible será aplicable a aqueles bens inmuebles urbanos e rústicos que se encontren en algunha destas dúas situacións:

a) Inmuelle no que o valor catastral se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral en virtude da:

1.º A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobada con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1997.

2.º A aplicación de sucesivos relatos totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 69.1 da Lei 39/1988.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que teña dado lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes

de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1.º Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral.

2.º Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.

3.º Procedementos simplificados de valoración colectiva.

4.º Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e rectificacións de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta redución aplicarase de oficio de acordo coas normas contidas nos artigos 69, 70 e 71 da Lei 39/1988.

3. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7.º.- Base liquidable.

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda ó inmovible así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral deste imposto.

4. O valor base será a base liquidable conforme ás normas da Lei 39/1988 e da Lei 48/2002, de 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario.

5. A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e o réxime de recursos contra os actos administrativos o establecido en dita Lei así como na Lei 39/1988.

Artigo 8.º. Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,45 %.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,3 %.

c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais o 0,9%.

A regulación dos Bens de características Especiais regulase en Ordenanza anexa e específica para tales bens formando parte como unidade normativa ambos textos.

Artigo 9.º. Bonificacións

1. No suposto de novas construcións, pódese conceder unha bonificación do 0% (entre 50-90%) na cota íntegra do Imposto, previa solicitude dos interesa-

dos e antes do inicio das obras, ás empresas urbanizadoras, constructoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a ela, de conformidade co artigo 74 da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización, ou de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa dedícase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular dende o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados dende o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

Transcorridos os tres anos, contidos anteriormente, terán unha bonificación do 0% (ata o 50%) por 0 anos (especificar o número de anos).

3. Terán unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido no artigo 134 da Lei 20/1990, de 19 de decembre, de Cooperativas.

4. Terán dereito a unha bonificación do 0 (ata o 90%) da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, mentres por normativa se encontre dita familia constituída como tal.

Artigo 10.º. Período impositivo e de obriga de contribuir do Imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. A obriga de contribuir o imposto nace o primeiro día do período impositivo.

As variacións de orden físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ó que figura no seu Padrón, liquidará o imposto na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

A liquidación do Imposto comprenderá a cota correspondente os exercicios mencionados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e os anteriores a cota satisfeita por este imposto a razón doutra configuración do inmovible diferente da que ten na realidade.

Artigo 11.º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. Os efectos previstos no artigo 77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orden físico, económico ou xurídico nos bens inmobles que teñan transcendencia a efectos deste Imposto.

2. É competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse a eles deben ser presentados á administración municipal, ante a que se debe indicar, asemade, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obrigación dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais ó Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licencia ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notifi-

cación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostra claramente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme á Lei 48/2002 e a Lei 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iniciarase o período executivo, o que comporta a acreditación do recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por 100 cando a débeda se ingrese antes de que sexa notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º. Xestión por delegación.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración coa que se subscribe o convenio ou coa Administración na que se delega.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13º. Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada a 11 de febreiro de 2003 entrara en vigor o día 1 de xaneiro de 2003 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán

de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Ordenanza fiscal número 4. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Ó abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, regúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. O imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal directo de carácter real, o feito imponible do cal está constituído polo mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non esten exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2. Os efectos deste imposto, consideráranse actividades empresariais as da gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración, as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinen o feito imponible.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1. Están exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, así como os Organismos autónomos do Estado, e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade no territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os efectos da aplicación da exención prevista neste parágrafo teranse en conta as regras que se conteñen no artigo 83 da Lei 39/1988.

d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, ou por fundación declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos que realicen.

g) As fundacións e asociacións para o exercicio daquelas actividades que constitúan o seu obxecto social ou finalidade específica, non supoñan competencia desleal e os seus destinatarios sexan unha colectividade xenérica de persoas. A tal efecto estarase ó establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións e na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

h) A Cruz Vermella.

i) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2. As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

3. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuír do tributo concorreran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, incluído o elemento superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realiza a actividade regulados nos artigos 6 e 7 da presente Ordenanza.

Artigo 6º. Coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); Coeficiente.

Desde 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29

Desde 5.000.000,00 ata 10.000.000,00; 1,30

Desde 10.000.000,00 ata 50.000.000,00; 1,32

Desde 50.000.000,00 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,00; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de facendas locais.

Artigo 7º. Coeficiente de situación.

1. Os efectos do previsto no artigo 88 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, as vías públicas deste municipio clasifícanse en 1 categorías fiscais. Anexo a esta Ordenanza fiscal figura o índice alfabético das vías públicas con expresión da categoría fiscal correspondente e aprobe a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

2. As vías públicas que non aparezan similares no índice alfabético antes indicado consideraranse de última categoría e permanecerán na antedita clasificación ata o día 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel no que o Pleno desta corporación aprobe a categoría fiscal correspondente e aprobe a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

3. Sobre as cotas incrementadas pola aplicación do coeficiente sinalado no artigo 7º desta Ordenanza, a atendendo á categoría fiscal da vía pública na que radica fisicamente o local no que se realiza a actividade económica, establécese a seguinte táboa de coeficientes (do 0,4 ó 3,8):

Categoría fiscal das vías públicas; Índice aplicable.

Primera; -;

Segunda; -;

Tercera; -;

Cuarta; -;

Quinta; -;

...; -;

4. O coeficiente aplicable a calquera local ven determinado polo correspondente á categoría da rúa na que teña sinalado o número de policía ou no que se atope situado o acceso principal.

Artigo 8º. Bonificacións.

Sobre a cota do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) O abeiro do que prevé a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota as cooperativas, as súas unións, federacións e confederacións, así como as sociedades agrarias de transformación.

b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos dende a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

c) Unha bonificación do 0% (ata o 50 por 100) da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen pola cota municipal, durante os cinco anos seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento dela.

A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade se exerceu anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de

fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do art. 83 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

d) Unha bonificación por creación de emprego do 0% (ata o 50 por 100) da cota correspondente, para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que incrementen o termo medio do seu cadro de persoal de traballadores por contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior o da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b) e c) deste artigo.

e) Unha bonificación do 0% (ata o 50 por 100) da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeneración, ou que realicen as súas actividades industriais, dende o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións afastadas das zonas máis poboadas do termino municipal, ou que establezan un plan de transportes para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ó lugar do posto de traballo e fomentar o emprego de medios de transporte máis eficientes, como o transporte colectivo ou compartido.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións ás que se refiren os apartados a), b), c) e d) deste artigo.

Artigo 9º. Período impositivo e percibo do imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trata de declaracións de alta, no caso das cales, comprenderá deste a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de inicio da actividade non coincida co ano natural, no caso das cales as cotas calcularanse proporcionalmente o número de trimestres naturais que queden para acabar o ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

3. Tamén, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres natu-

rais, excluído aquel no que se produza dito cese. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se houberse exercido a actividade.

4. Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgún dos epígrafes 833.1 e 833.2, 965.1, 965.2 e 965.3 da Sección I das Tarifas do IAE, percibirán no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente ós metros vendidos ou espectáculos cobrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

Artigo 10º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. É competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que conduzan á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os anteditos actos, e actuacións para información e asistencia de contribuínte, sen prexuízo das facultades de delegación.

2. Contra os actos de xestión tributaria competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar desde:

- A data da notificación expresa, no caso de liquidacións de ingreso directo.

- A finalización do período de exposición pública do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime, por tratarse de exercicios seguintes a aquel no que tivo lugar o alta.

3. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que, dentro do prazo previsto para interpoñelos, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

No obstante elo, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre de xeito inequívoco que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4. As liquidacións de ingreso directo han de satisfacerse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se realice o ingreso iniciarase a vía de prema e aplicarase o recargo establecido na Lei xeral tributaria.

As cantidades adebedadas reportan interese de demora desde o día seguinte o vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese aplicarase sobre a débeda tributaria, excluído o recargo de prema.

O tipo de interese e o vixente o longo do período en que se perciba, fixado de acordo co disposto no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria e disposicións legais que resulten de aplicación.

5. Cando o Concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censal, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto esixirase en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados o efecto pola entidade local.

Artigo 11º. Comprobación e investigación.

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o Concello ou Ente en quen este delegase as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e investigación, a práctica das liquidacións tributarias que, si cabe, sexan procedentes e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo elo referido, exclusivamente, os supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 12º. Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 11 de febreiro do 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

R. 1.400

PONTEDEVA

EDICTO

O Pleno do Concello de Pontedevea, en Sesión celebrada na data do 23 de xaneiro de 2003, tomou o seguinte acordo:

7.- Aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles de características especiais- O Alcalde vistos os informes de Secretaría Intervención, así como o

dictame da Comisión de Contas, todos en sentido favorable.

Considerando que a Lei 50/1998, de 30 de decembro posibilita ós Concellos o establecemento dunha ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, de características especiais.

Este Pleno, por unanimidade, acorda

1º Aproba-la ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles de características especiais, da maneira sinalada pola proposta do sr. Alcalde.

2º Expor este acordo ó público, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles.

3º Transcorrido o prazo anterior sen reclamacións, considerárase definitivamente aprobada a sinalada modificación, que terá que publicarse xunto con este acordo no Boletín Oficial da provincia de Ourense.

Pontedevea, 24 de marzo de 2003.- O alcalde.

Anexo

Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles de características especiais.

A teor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como co Título II, en especial os artigos 61 e seguintes da Lei 39/1988 de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002 do 27 de decembro, e Lei 49/2002 do 23 de decembro reguladora do Catastro Inmobiliario, regulase o imposto sobre bens inmobles de características especiais, (IBI), que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 1º.- Natureza e Feito Imponíble do IBI relativo ós Bens Inmobles de Características especiais.

O imposto sobre Bens Inmobles, é un tributo directo de carácter xeral que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos na Lei 39/1988 e Lei 42/2002.

Constitúe o Feito Imponíble do Imposto sobre Bens Inmobles relativo ós bens de características especiais, a titularidade dos seguintes dereitos sobre estes:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos os que estean afectos.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufructo.
- Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecido determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

Artigo 2º.- Bens inmovibles de características especiais.

Os efectos deste Imposto terán a consideración de bens inmovibles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

a) Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ó refino de petróleo, e as centrais nucleares.

b) As presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso. Exceptúanse as destinadas exclusivamente ó rego sen outro destino ou utilidade; estarán por tanto suxeitos os bens anteriormente relacionados se ademais do rego cumpren outras funcións ou finalidades.

c) As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.

d) Os aeroportos e os portos comerciais.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes do Imposto sobre Bens Inmovibles de características especiais as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963 de 28 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituído do contribuínte o que satisfaga o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir este sobre os demais concesionarios na parte da cota líquida que lle corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 4º.- Base imponible.

A Base Imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmovibles de características especiais determinado para cada ben inmovible a partir dos datos que figuran no Catastro Inmobiliario e estará integrado polo valor do solo e o valor das construcións, determinándose mediante a aplicación da correspondente ponencia de valores elaboradas pola Dirección Xeral do Catastro directamente ou a través dos convenios de colaboración, seguindo as normas de aplicación.

O Procedemento de valoración dos bens inmovibles de características especiais iniciarase coa aprobación da correspondente ponencia especial cando afecten a un ou varios grupos de ditos bens. E elo sen prexuízo das disposicións transitorias vixentes para tales

bens a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

Os bens inmovibles de características especiais que á data 1 de xaneiro de 2003 consten no Catastro Inmobiliario conforme á súa anterior natureza de bens inmovibles urbanos, manterán ata o 31 de decembro de 2005 o valor, sen prexuízo da súa actualización cando proceda, así como o réxime de valoración, debéndose incorporar ó Catastro Inmobiliario os restantes bens que teñan a condición de bens inmovibles de características especiais antes do 31 de decembro de 2005, mediante os procedementos de declaración, comunicación, solicitude, achegamento de discrepancias e inspección catastral.

Artigo 5º.- Base liquidable.

A Base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións legais que no seu caso sexan de aplicación.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

A cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmovibles de características especiais será o resultado de aplicar á base liquidable o seguinte tipo de gravame:

O 1,3% aplicable dende a entrada en vigor dista ordenanza e para exercicios sucesivos, ata que non se acorde mediante modificación outro tipo distinto.

Asemade e de darse mentres se atope vixente a ordenanza deste imposto, algún dos supostos contemplados no artigo 73 da Lei 39/1988 aplicaranse os incrementos que procedan.

Artigo 7º.- Período impositivo e devengo.

O Imposto reportarase o primeiro día do período impositivo que coincidirá co ano natural.

A efectividade das inscricións catastrais resultantes da determinación do valor catastral dos bens inmovibles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

As alteracións concernentes ós bens inmovibles susceptibles de inscrición catastral determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario conforme ó establecido nas súas normas reguladoras.

Conforme ó establecido no artigo 5 da Lei 48/2002 do Catastro Inmobiliario, e sen prexuízo dos procedementos regulados no artigo 4 para a incorporación no Catastro inmobiliario dos bens inmovibles e das súas alteracións, o Concello acóllese ó sistema de comunicacións: son comunicacións as que formule o Concello pondo en coñecemento do Catastro Inmobiliario os feitos, actos ou negocios susceptibles de xerar unha alta, baixa ou

modificación catastral, derivados de actuacións para as que outorgara a correspondente licenza ou autorización municipal nos termos e coas condicións que se determinen pola Dirección Xeral do Catastro, gozando ditas comunicacións de presunción de certeza conforme ó artigo 116 da Lei 230/1963 de 28 de decembro Xeral Tributaria.

Serán obxecto de comunicación os feitos, actos ou negocios contemplados no artigo 5 da Lei 48/2002, debéndose notificar ós interesados, tendo efectividade o día seguinte a aquel no que se produzan os feitos, actos ou negocios que orixinen a incorporación ou modificación catastral con independencia do momento no que se notifiquen.

Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen, o feito imponible deste imposto, os bens inmovibles de características especiais obxecto de ditos dereitos, quedarán afectados ó pagamento da totalidade da cota tributaria nos termos previstos no artigo 41 da Lei 230/1963 Xeral Tributaria.

Artigo 8º.- Xestión do imposto sobre bens inmovibles de características especiais.

A xestión do Imposto sobre Bens Inmovibles de características especiais comporta dúas vías:

a) A xestión tributaria: que comprende a propia xestión e recadación deste imposto, ase como a revisión dos actos ditados nesta vía de competencia exclusiva deste Concello, salvo delegación en forma no organismo competente, e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos no seu caso, resolución de recursos que interpoñan contra os ditos actos e actuacións para a asistencia e información ó contribuínte.

b) A xestión catastral: competencia exclusiva da Administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais. Comprende a xestión do imposto a partir da información contida no padrón catastral e demais documentos elaborados pola Dirección Xeral do Catastro.

Artigo 9º.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.

En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988 de 28 de decembro e Lei 42/2002 de 23 de decembro.

Disposicións transitorias.

1ª.- Os bens inmoables de características especiais que á data 1 de xaneiro de 2003 consten no Catastro Inmobiliario conforme á natureza vixente antes da reforma da Lei 39/1988 pola Lei 51/2002 e da súa vixencia da Lei 48/2002 manterán ata o 31 de decembro de 2005 o valor, sen prexuízo da súa actualización cando legalmente proceda e o seu réxime de valoración, debéndose incorporar en todo caso ó Catastro Inmobiliario conforme ás normas reguladoras e seguindo os procedementos legais para tales actos antes do día 31 de decembro de 2005, debendo en consecuencia os suxeitos pasivos comunicar a este Concello os bens e dereitos que con ó abeiro a esta ordenanza constitúan o feito imponible deste imposto.

Disposición derradeira.- A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión de data 23 de xaneiro de 2003 e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

R. 1.402

QUINTELA DE LEIRADO

EDICTO

Daniel Carnoto Espiño, Secretario do Concello de Quintela de Leirado (Ourense);

Certifico:

Que o Pleno deste Concello na sesión Extraordinaria realizada o 4 de febreiro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

2.- Modificación ordenanza fiscal nº 1 IBI.

1º Resultando necesario utiliza-los recursos económicos que establece o artigo 2.1 b) da lei 39/1988, do 28 de decembro, entre os que se atopa o sinalado tributo, tramítase o expediente administrativo para a modificación da dita ordenanza. Vistos os informes favorables de Secretaría e Intervención e demais que figuran no expediente, así como o dictame, no mesmo sentido, da Comisión de Facenda, por cinco votos a favor e unha abstención (D. Alfredo Domínguez Alonso, por considerar que non existía información, a pesar de que estivo á súa disposición todo o expediente durante as 48 horas anteriores á realización da Sesión), acorda:

1º Aprobar, provisionalmente, a modificación da Ordenanza Fiscal número 1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmoables, figurando o texto da mesma como anexo á memoria da Alcaldía que principia o expediente, ó abeiro do artigo 16 da dita lei.

2º Expor ó público o presente acordo provisional e o novo texto da Ordenanza fiscal afectada, polo prazo de trinta días hábiles, tal como sinala o artigo 71.1 e 2 da mencionada lei.

3º Elevar a definitivo este acordo se non se achegaran reclamacións ó mesmo e continua-lo expediente ata o seu remate, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida lei.

4º A sinalada ordenanza fiscal modificada entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

E, asino esta certificación coa finalidade da súa publicación no BOP, co visto e prace do señor alcalde, en Quintela de Leirado o día 24 de marzo de 2003.- Visto e prace. O alcalde.

Anexo 1º

Ordenanza fiscal número 2 Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmoables.

Artigo 1º.-

De conformidade co disposto no artigo 73 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmoables, aplicables neste Concello, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º.-

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmoables, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,6%.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmoables aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado no 0,3%.

Artigo 3.-1. Non tributarán polo dito imposto, os bens inmoables de natureza urbana, cando a cota líquida a aboar sexa igual ou inferior a 3,60 euros

Non tributarán polo dito imposto, os bens inmoables de natureza rústica, cando a cota líquida a aboar sexa igual ou inferior a 9,00 euros.

Artigo 3º.-

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 2ª, da sección 3ª, do capítulo II, da Lei 39/1988, concordantes e complementarias da mesma, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, ase como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Disposición final

A Presente Ordenanza Fiscal, coa súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do concello en sesión celebrada na data do 4 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publica-

ción no Boletín Oficial da provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

R. 1.401

QUINTELA DE LEIRADO

EDICTO

Daniel Carnoto Espiño, Secretario do Concello de Quintela de Leirado (Ourense);

Certificado:

Que o Pleno deste Concello na sesión Extraordinaria realizada o día 4 de febreiro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

2.- Aprobación Ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmoables de características especiais.

2º Resultando necesario utiliza-los recursos económicos que establece o artigo 2.1 b) da lei 39/1988, do 28 de decembro, entre os que se atopa o sinalado tributo, tramítase o expediente administrativo para a modificación da dita ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmoables de características especiais. Vistos os informes favorables de Secretaría e Intervención e demais que figuran no expediente, así como o dictame, no mesmo sentido, da Comisión de Facenda, por cinco votos a favor e unha abstención (D. Alfredo Domínguez Alonso, por considerar que non existía información, a pesar de que estivo á súa disposición todo o expediente durante as 48 horas anteriores á realización da Sesión), acorda:

1º Aprobar, provisionalmente a ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmoables de características especiais, figurando o texto da mesa como anexo á memoria da Alcaldía que principia o expediente, ó abeiro do artigo 16 da dita lei.

2º Expor ó público o presente acordo provisional e o novo texto da Ordenanza fiscal afectada, polo prazo de trinta días hábiles, tal como sinala o artigo 71.1 e 2 da mencionada lei.

3º Elevar a definitivo este acordo se non se achegaren reclamacións ó mesmo e continua-lo expediente ata o seu remate, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida lei.

4º A sinalada ordenanza fiscal modificada entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

E, asino esta certificación coa finalidade da súa publicación no BOP, co visto e prace do señor alcalde, en Quintela de Leirado o día 24 de marzo de 2003.- Visto e prace. O alcalde.

Anexo nº 1

Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles de características especiais.

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como co Título II, e en especial os artigos 61 e seguintes da Lei 39/1988 de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002 do 27 de decembro, e Lei 49/2002 do 23 de decembro reguladora do Catastro Inmobiliario, regulase o Imposto sobre Bens Inmobles de características especiais (IBI), que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 1º.- Natureza e Feito Imponíble do IBI relativo ós Bens Inmobles de Características especiais.

O Imposto sobre Bens Inmobles, é un tributo de carácter xeral que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos na Lei 39/1988 e Lei 42/2002.

Constitúe o Feito Imponíble do Imposto sobre Bens Inmobles relativo ós bens de características especiais, a titularidade dos seguintes dereitos sobre estes:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos os que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponíble que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecido determinará a non suxeición do inmoble ás restantes modalidades no mesmo previstas.

Artigo 2º.- Bens inmobles de características especiais.

Ós efectos diste Imposto terán a consideración de bens inmobles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

- a) Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ó refino de petróleo, e as centrais nucleares.
- b) As presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso. Exceptúanse as destinadas exclusivamente ó rego sen outro destino ou utilidade; estarán por tanto suxeitos os bens anteriormente

relacionados se ademais do rego cumpren outras funcións ou finalidades.

c) As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.

d) Os aeroportos e os portos comerciais.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes do Imposto Sobre Bens Inmobles de características especiais as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963 de 28 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso sexa constitutivo do feito imponíble diste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmoble de características especiais, será substituído do contribuínte o que satisfaga o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir este sobre os demais concesionarios na parte da cota líquida que lle corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 4º.- Base imponíble.

A Base Imponíble diste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmobles de características especiais determinado para cada ben inmoble a partir dos datos que figuran no Catastro Inmobiliario e estará integrado polo valor do solo e o valor das construcións, determinándose mediante a aplicación do correspondente relatorio de valores elaboradas pola Dirección Xeral do Catastro directamente ou a través dos convenios de colaboración, seguindo as normas de aplicación.

O Procedemento de valoración dos bens inmobles de características especiais iniciarase coa aprobación do correspondente relatorio especial cando afecten a un ou a varios grupos de ditos bens. E elo sen prexuízo das disposicións transitorias vixentes para tales bens a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

Os bens inmobles de características especiais que a data 1 de xaneiro de 2003 consten no Catastro Inmobiliario conforme a súa anterior natureza de bens inmobles urbanos, manterán ata o 31 de decembro de 2005 o valor, sen prexuízo da súa actualización cando proceda, así como o réxime de valoración, debéndose incorporar ó Catastro Inmobiliario os restantes bens que teñan a condición de bens inmobles de características especiais antes do 31 de decembro de 2005, mediante os procedementos de declaración, comunicación, solicitude, achegamento de discrepancias e inspección catastral.

Artigo 5º.- Base liquidable.

A Base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponíble as reducións legais que no seu caso sexan de aplicación.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

A cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmobles de características especiais será o resultado de aplicar á base liquidable o seguinte tipo de gravame:

O 1,3% aplicable dende a entrada en vigor desta ordenanza e para exercicios sucesivos, ata que non se acorde mediante modificación outro tipo distinto.

Asemade e de darse mentres se atope vixente a ordenanza deste imposto, algún dos supostos contemplados no artigo 73 da Lei 39/1988 aplicaranse os incrementos que procedan.

Artigo 7º.- Período impositivo e devengo.

O Imposto reportarase o primeiro día do período impositivo que coincidirá co ano natural.

A efectividade das inscricións catastrais resultantes da determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

As alteracións concernentes ós bens inmobles susceptibles de inscrición catastral determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes a súa inscrición no Catastro Inmobiliario conforme ó establecido nas súas normas reguladoras.

Conforme ó establecido no artigo 5 da Lei 48/2002 do Catastro Inmobiliario, e sen prexuízo dos procedementos regulados no artigo 4 para a incorporación no Catastro Inmobiliario dos bens inmobles e das súas alteracións, o Concello acollese ó sistema de comunicacións: son comunicacións as que formule o Concello pondo en coñecemento do Catastro Inmobiliario os feitos, actos ou negocios susceptibles de xerar unha alta, baixa ou modificación catastral, derivados de actuacións para as que se outorgara a correspondente licencia ou autorización municipal nos termos e coas condicións que se determinen pola Dirección Xeral do Catastro, gozando ditas comunicacións de presunción de certeza conforme ó artigo 116 da Lei 230/1963 de 28 de decembro Xeral Tributaria.

Serán obxecto de comunicación os feitos, actos ou negocios contemplados no artigo 5 da Lei 48/2002, debéndose notificar ós interesados, tendo efectividade o día seguinte a aquel no que se produzan os feitos, actos ou negocios que orixinen a incorporación ou modificación catastral con independencia do momento no que se notifiquen.

Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles de características especiais obxecto de ditos dereitos, quedarán afectados ó pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos no artigo 41 da Lei 230/1963 Xeral Tributaria.

Artigo 8º.- Xestión do Imposto sobre Bens Inmobles de características especiais.

A xestión do Imposto sobre Bens Inmobles de características especiais comporta dúas vías:

a) A xestión tributaria: que comprende a propia xestión e recadación deste imposto, así como a revisión dos actos ditados nesta vía de competencia exclusiva deste Concello, salvo delegación en forma no organismo competente, e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos no seu caso, resolución de recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a asistencia e información ó contribuínte.

b) A xestión catastral: competencia exclusiva da Administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais. Comprende a xestión do imposto a partir da información contida no padrón catastral e demais documentos elaborados pola Dirección Xeral do Catastro.

Artigo 9º.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.

En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988 de 28 de decembro e Lei 48/2002 de 23 de decembro.

Disposicións transitorias.

1ª.- Os bens inmobles de características especiais que á data 1 de xaneiro de 2003 consten no Catastro Inmobiliario conforme á natureza vixente antes da reforma da Lei 39/1988 pola Lei 51/2002 e da vixencia da Lei 48/2002 manterán ata o 31 de decembro de 2005 o valor, sen prexuízo da súa actualización cando legalmente proceda e o seu réxime de valoración, debéndose incorporar en todo caso ó Catastro Inmobiliario conforme ás normas reguladoras e seguindo os procedementos legais para tales actos antes do día 31 de decembro de 2005, debendo en consecuencia os suxeitos pasivos comunicar a este Concello os bens e dereitos que con ó abeiro a esta

ordenanza constitúan o feito imponible deste imposto.

Disposición derradeira.- A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión de data 4 de febreiro de 2003 e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

R. 1.405

CELANOVA

EDICTO

O Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 14 de febreiro de 2003, aprobou, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles.

Elevado o acordo provisional a definitivo, ó non presentarse reclamacións contra o mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 17.4 da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, publícase seguidamente xunto co texto íntegro da correspondente Ordenanza.

Celanova, 26 de marzo de 2003.- O alcalde.

I.- Acordo

2º.- Modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI. A Lei 51/2002, de 27 de decembro, reforma profundamente a Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Entre as novidades da Lei figura a desaparición da exención no IBI por razón da contía mínima na base imponible, que era de 1.200 euros para inmobles rústicos e 600 euros para os inmobles urbanos, supondo para moitos contribuíntes propietarios de inmobles de moi escaso valor, que se encontraban exentos en virtude da normativa anterior, verse obrigados a efectuar o pago do IBI por inmobles que normalmente se encontran en ruínas ou teñen un valor irrisorio.

Previendo estas dificultades, a propia Lei, no artigo 63.4 establece que os Concellos poderán establecer, en razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, a exención dos inmobles rústicos e urbanos, nos que a cota líquida non supere a contía que se determine mediante ordenanza fiscal.

Tendo en conta que o tipo de gravame do IBI Rústica é do 0,75% e o de IBI urbana de 0,60%, o que daría como resultado que sexa preciso fixar unha cota exenta de 9,00 euros para Rústica e 5,00 euros para urbana, coa finalidade de evitar precisamente a aparición de recibos de contribuíntes antes exentos, por una-

nimidade, de conformidade co dictame da Comisión informativa de Economía e Facenda, acórdase, o seguinte:

Primeiro: Aprobado, provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do IBI, engadíndolle o seguinte artigo:

4º.- “En virtude do establecido no artigo 63.4 da Lei 39/1988 reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción dada pola Lei 51/2002 (BOE de 28 de decembro), establécese atendendo a criterios de eficiencia e economía na recadación, a exención no IBI dos inmobles rústicos e urbanos que teñan una cota líquida neste imposto, que non supere, respectivamente, os 9,00 e os 5,00 euros.

Para os inmobles de natureza rústica, ós efectos desta exención, terase en conta a cota que resulte da agrupación de tódolos inmobles desta natureza que posexa o contribuínte neste término municipal (Artigo 78.2 da Lei 39/1988 de Facendas Locais, modificado pola Lei 51/2002)”.

Segundo: Expor ó público o presente acordo, durante 30 días, mediante anuncios publicados no BOP de Ourense e no Taboleiro de Anuncios do Concello a efectos de reclamacións. Caso de non formularse ningunha, entenderase elevado a definitivo o presente acordo provisional.

II.- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles.

Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 73 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmobles, aplicables neste municipio, queda fixado nos términos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º.-

1. O tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,60%.

2.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado no 0,75%.

Artigo 3º.- No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos 61 a 78 da referida Lei 39/1988, concordantes e complementarios da mesma e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas Disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 4º.- “En virtude do establecido no artigo 63.4 da Lei 39/1988 reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción dada pola Lei 51/2002 (BOE de 28 de decembro), establécese atendendo

a criterios de eficiencia e economía na recadación, a exención no IBI dos inmo- bles rústicos e urbanos que teñan una cota líquida neste imposto, que non su- pere, respectivamente, os 9,00 e os 5,00 euros.

Para os inmoables de natureza rústica, ós efectos desta exención, terase en conta a cota que resulte da agrupación de tódolos inmoables desta natureza que posexa o contribuínte neste término mu- nicipal (Artigo 78.2 da Lei 39/1988 de Facendas Locais, modificado pola Lei 51/2002).

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal, aproba- da polo Pleno da Corporación da súa re- dacción definitiva, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplica- ción a partir do día un de xaneiro de dous mil tres, permanecendo en vigor ata a súa derogación expresa.

R. 1.418

* * *

CARBALLEDA DE VALDEORRAS

ANUNCIO

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o día 17 de febreiro de 2003, aprobou pro- visionalmente por maioría absoluta da Corporación a modificación das orde- nanzas fiscais reguladoras do Imposto sobre Bens Inmoables urbanos, rústicos e de características especiais, e do Impos- to sobre Actividades Económicas.

No Boletín Oficial da Provincia de data 19 de febreiro de 2003, publícase o pertinente anuncio de exposición públi- ca do acordo de aprobación provisional polo prazo de 30 días hábiles, sen que no prazo de exposición pública se tivese presentado reclamación ou alegación al- gunha.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 da Lei 39/1988 de 28 de de- cembro, Reguladora de Facendas Lo- cais, fanse públicos os acordos de apro- bación e o texto íntegro das ordenanzas como anexos ó presente anuncio, ó quedar elevados a definitivos os acordos provisionais.

Contra o acordo de aprobación defini- tiva, os interesados poderán interpor re- curso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Carballeda de Valdeorras, 27 de marzo de 2003.- A alcaldesa.

Anexo I

Modificación Ordenanza Fiscal re - guladora do Imposto sobre bens in - moables urbanos, rústicos e de ca - racterísticas especiais:

A) Acordo de aprobación:

“...1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal regu- ladora do imposto sobre bens inmoables urbanos, rústicos e de características es- peciais, que queda redactada co texto que obra no expediente, na que, de con- formidade co previsto nos artigos 15.2 e 73 da vixente Lei de Facendas Locais, establécense os seguintes tipos de gravamen: 0,6 por 100 para os bens inmoables de natureza urbana e rústica, e o 1,3 por 100 para os bens inmoables de caracte- rísticas especiais. Deixando exentos aque- les recibos cunha cota líquida non supe- rior a cantidade de 6 euros.

2º.- De conformidade co previsto no artigo 17.1 e 2 da Lei 39/1988, expoñer ó público o presente acordo por un prazo de 30 días contados a partir do día seguinte á inserción do anuncio no Bo- letín Oficial da Provincia, ó obxecto de que os interesados poidan examinar na Secretaría do Concello o expediente e presenta-las alegacións que estimen oportunas.

3º.- O presente acordo, de aprobación provisional, entenderase definitivamente adoptado sen necesidade de acordo ple- nario, no suposto de que non se presen- te reclamación algunha contra o mesmo. Proseguindo a tramitación do expedien- te ata a súa conclusión, de conformidade co previsto no artigo 17.3 e 4 da merita- da Lei.

4º.- A Ordenanza fiscal modificada entrará en vigor o mesmo día da publi- cación do texto íntegro no Boletín Ofi- cial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2003”.

B) Texto da ordenanza:

Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmoables urbanos, rústicos e de ca- racterísticas especiais.

Artigo 1.- Natureza e feito imponible

O imposto sobre bens inmoables é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmoables nos termos establecidos na Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1998, e a Lei 48/2002, de 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Constitúe o feito imponible do impos- to a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmoables rústicos e urba- nos e sobre os inmoables de caracte- rísticas especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmoables ou sobre os servicios públicos ós que estean afectos.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufructo.
- Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda dentre os definidos no apar- tado anterior polo orden nel establecido, determinará a non suxeición do inmoable ás restantes modalidades no mesmo pre- vistas.

Ós efectos deste imposto terán a con- sideración de bens inmoables rústicos, de bens inmoables urbanos e de bens inmo- ables de características especiais os defi- nidos como tales as normas reguladoras do catastro inmobiliario, en particular, o disposto no artigo 2º da Lei 48/2002, de 23 de decembro.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos:

Son suxeitos pasivos, a título de con- tribuíntes, as persoas naturais e xurídi- cas e as entidades a que se refire o arti- go 33 da Lei 230/1963, de 28 de decem- bro, xeral tributaria, que ostenten a titu- laridade do dereito que, en cada caso, sea constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmo- ble de características especiais, será substituto do contribuínte o que deba sa- tisface-lo maior canon.

Artigo 3.- Base imponible:

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmoables.

Artigo 4.- Base liquidable:

A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións legais que no seu caso sexan de aplicación.

Artigo 5.- Exencións:

Á vista da facultade outorgada polo apartado 4º do artigo 7º da Lei 51/2002, de 27 de decembro, polo que se modifi- ca o artigo 63 da Lei 39/1988, regulado- ra das facendas locais, decláranse exen- tos os recibos correspondentes a inmo- ables rústicos e urbanos e de bens inmo- ables de características especiais nos que a cuota líquida non supere a cantidade de 6,00 euros.

Artigo 6.- Cota tributaria:

A cota íntegra deste imposto será o re- sultado de aplicar á base liquidable os seguintes tipos de gravamen:

- Para os bens inmoables de natureza urbana o 0,6 por cen.
- Para os bens inmoables de natureza rústica o 0,6 por cen.
- Para os bens inmoables de caracte- rísticas especiais o 1,30 por cen.

Artigo 7.- Período impositivo e devengo:

1.- O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

2.- O período impositivo coincide co ano natural.

3.- Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ante o catastro inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ó momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmóbeles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

Artigo 8.- Xestión do imposto:

1.- A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados na vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos Concellos, salvo delegación en forma no organismo competente e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións condulentas á determinación das deudas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a existencia e información ó contribuínte.

2.- A xestión catastral é competencia exclusiva da administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais.

3.- De conformidade coa prerrogativa outorgada polo apartado 2º do artigo 78 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto sobre bens inmóbeles de natureza rústica, agrúpanse nun único documento de cobro sempre que isto sexa posible, cando se refiran a bens que radiquen neste Concello.

Artigo 9.- Cuestións non previstas nesta ordenanza:

En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988 de 28 de decembro, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, reguladora das facendas locais, e o disposto na Lei 48/2002, de 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Disposición final:

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Concello en Pleno, na sesión de data: 17 de febreiro de 2003, que entrará en vigor o día da súa publicación

no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Annexo II

Modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas:

A) Acordo de aprobación:

“...1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal do imposto sobre actividades económicas, que queda redactada co texto que obra no expediente, no que se establece un coeficiente de ponderación física do local do 3,8 para aqueles establecementos ou locais situados na travesía da Carretera de Entoma e Avda. Leoncio Fernández Real do núcleo de Sobradelo, e do 3,7 para os locais e instalacións situados en calquera outro punto do Concello.

2º.- De conformidade co previsto no artigo 17.1 e 2 da Lei 39/1988, expoñer ó público o presente acordo por un prazo de 30 días contados a partir do día seguinte á inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que os interesados poidan examinar na Secretaría do Concello o expediente e presenta-las alegacións que estimen oportunas.

3º. O presente acordo, de aprobación provisional, entenderase definitivamente adoptado sen necesidade de acordo plenario, no suposto de que non se presente reclamación algunha contra o mesmo. Proseguindo a tramitación do expediente ata a súa conclusión, de conformidade co previsto no artigo 17.3 e 4 da meritada Lei.

4º.- A Ordenanza fiscal modificada entrará en vigor o mesmo día da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2003.

B) Texto da ordenanza:

Imposto sobre actividades económicas

Artigo 1.- Natureza e feito imponible:

O imposto sobre actividades económicas é un tributo de carácter real, o feito imponible está constituído polo mero exercicio no territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, se exerzan ou non en local determinado, atópense ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos:

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que realicen en

territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 3.- Cota tributaria:

A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarifas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 87 da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, tendo en conta o seguinte cuadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); Coeficiente

Desde:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29
- 5.000.000,00 ata 10.000.000,00; 1,30

- 10.000.000,00 ata 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,00 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,01; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo có previsto no parágrafo c) do apartado 1º do artigo 83 da Lei 39/1988, na súa redacción dada polo artigo 23 da Lei 51/2002, de 27 de decembro.

Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación anterior aplicarase o coeficiente de ponderación física do local no que se exerce a actividade que será do 3,8 para os locais e instalacións nos que se realicen as actividades gravadas que estean situadas na travesía da Carretera de Entoma e na Avda. Leoncio Fernández Real do núcleo de Sobradelo; e do 3,7 para os locais e instalacións situados en calquera outro punto do Concello.

Artigo 4.- Período impositivo e devengo:

1.- O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta; neste caso abarcará desde a data de comenzo da actividade ata o final do ano natural.

2.- O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de comenzo da actividade non coincida co ano natural; neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para rematar o ano, incluído o de comenzo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestre naturais que resten para rematar o ano, in-

cluído o de comezo do exercicio da actividade.

3.- Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións aisladas, o percibo do imposto prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presenta-las correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

Artigo 5.- Xestión do imposto:

1. O imposto xestionarase a partir da matrícula do mesmo. Dita matrícula formarase anualmente para cada término municipal e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas, e, no seu caso, do recargo provincial.

Artigo 6.- Cuestións non previstas nesta ordenanza:

En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro.

Disposición final:

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Concello en Pleno, en sesión de data: 17 de febreiro de 2003, que entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

R. 1.426

O BARCO DE VALDEORRAS

ANUNCIO

Aprobado definitivamente, de forma automática por transcurso de prazo establecido en el artículo 17 de la Ley 39/1988 RHL, el acuerdo de modificación de la Ordenanza fiscal reguladora del IBI, cuyo texto se transcribe a continuación, adoptado en sesión 06/02/2003 por el Ayuntamiento Pleno; se expone íntegramente el texto modificado, de conformidad con lo establecido en el artículo 17.4 de la Ley 39/1988.

Modificación de la ordenanza reguladora del impuesto de bienes inmuebles, que quedará redactada del siguiente modo:

Artículo 3º.- Exenciones.

Gozarán de exención los bienes de naturaleza urbana cuya cuota líquida sea inferior a 2,60 euros por cada bien y los bienes de naturaleza rústica cuando para cada sujeto pasivo la cuota líquida correspondiente a la totalidad de los bienes

de tal naturaleza sitos en el término municipal sea inferior a 9,01 euros.

Artículo 4º.- Notificacións.

Al amparo de lo que dispone la Disposición Transitoria undécima de la Ley 51/2002, las alteraciones introducidas en la presente ordenanza, no están sujetas al requisito de notificación individual notificándose colectivamente mediante Edicto.

Disposición final.

La presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor el día primero de Enero de 2003 y se mantendrá vigente hasta su modificación o derogación expresa.

O Barco, 24 de marzo de 2003.- El alcalde.

R. 1.407

CHANDREXA DE QUEIXA

Logo de transcorrer-lo prazo de información pública da modificación das ordenanzas fiscais reguladoras dos seguintes impostos:

- Impostos sobre actividades económicas.

- Imposto sobre bens inmuebles urbanos, rústicos e de características especiais.

O non presentarse reclamacións dentro do dito prazo, elévase a definitivo o acordo adoptado polo concello, no pleno que tivo lugar o día 12 de febreiro de 2003, de conformidade co disposto na disposición transitoria quinta da Lei 51/2002, do 27 de decembro e no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación dos textos definitivos:

Imposto sobre actividades económicas

Artigo 1º.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real, feito imponible que está constituído polo simple exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, se exerzan ou non en local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que se realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 3º.- Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarifas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 87 da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de

reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, tendo en conta o seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); coeficiente

Desde:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29.

- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30.

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32.

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33.

Máis de 100.000.000,00; 1,35.

Sen cifra neta de negocio; 1,31.

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1º do artigo 83 da Lei 39/1988, na súa redacción dada polo artigo 23 da Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Artigo 4º.- Período impositivo e cobro.

1.- O período impositivo coincide co ano natural excepto cando se trate de declaracións de alta, en tal caso abarcará desde a data de comezo da actividade ata o remate do ano natural.

2.- O imposto cobrarase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, en tal suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finalizar-lo ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán rateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. Para tal fin os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte de cota correspondente ós trimestres naturais nos que se exercera a actividade.

3.- Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, a aplicación prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presenta-las correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

Artigo 5º.- Xestión do imposto.

1.- O imposto xestionase a partir da matrícula deste. A dita matrícula formarase anualmente para cada termo municipal e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e de se-lo caso, da recarga provincial.

Artigo 6.º.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.

En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada polo Concello en Pleno, na sesión de data 12 de febreiro de 2003, que entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais.

Artigo 1.º.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos na Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988 e a Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Dun dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxección do inmueble ás restantes modalidades nel previstas.

Para os efectos deste imposto terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do catastro inmobiliario, en particular, o disposto no artigo 2º da Lei 48/2002, do 23 de decembro.

Artigo 2.º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan a titularidade do dereito que en cada caso sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmo-

ble de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacerlo maior canon.

Artigo 3.º.- Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles.

Artigo 4.º.- Base liquidable.

A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións legais que, de se-lo caso, sexan de aplicación.

Artigo 5.º.- Exencións.

Á vista da facultade outorgada polo apartado 4º do artigo 7º da Lei 51/2002, do 27 de decembro, polo que se modifica o artigo 63 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, decláranse exentos os recibos correspondentes a inmobles rústicos e urbanos de bens inmobles de características especiais do que a súa cota líquida non supere a cantidade de 6,00 euros.

Artigo 6.º.- Cota tributaria.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o seguinte tipo de gravame:

- a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,65.
- b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,65.
- c) Para os bens inmobles de características especiais o 1,30.

Artigo 7.º.- Período impositivo e obriga de contribuir.

1.- O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo.

2.- O período impositivo coincide co ano natural.

3.- Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ante o catastro inmobiliario terán efectividade, na aplicación deste imposto, inmediatamente posterior ó momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirán coa prevista nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

Artigo 8.º.- Xestión do imposto.

A xestión do imposto sobre bens inmobles de características especiais comporta dúas vías:

- a) A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados na vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos, salvo delegación en forma no organismo competente e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias,

emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os ditos actos e actuacións para a existencia e información do contribuínte.

b) A xestión catastral é competencia exclusiva da Administración Catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais.

c) De conformidade coa prerrogativa outorgada pola apartado 2º do artigo 78 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, agruparanse nun único documento de cobro sempre que isto sexa posible, cando se refiran a bens que radiquen nun mesmo municipio.

Artigo 9.º.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.

En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, reguladora das facendas locais, e o disposto na Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno deste Concello, na sesión de data 12 de febreiro de 2003, que entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Chandrea de Queixa, 24 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.350

A GUDIÑA

EDICTO

Ó non presentaren reclamacións contra o acordo provisional do Pleno do 11 de febreiro de 2003, relativo á modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do imposto de bens inmobles e imposto sobre actividades económicas, ó abeiro da Lei reguladora das facendas locais, aprobáanse as súas ordenanzas fiscais, de conformidade co artigo 17.3, enténdese o acordo adoptado definitivamente, sendo o dito acordo na súa parte dispositiva e o texto íntegro das ordenanzas, os que figuran no anexo deste edicto.

Contra as ordenanzas fiscais reguladoras, que se aprobaron definitivamente, cabe interpo-lo recurso contencioso-administrativo perante o xulgado compe-

tente do contencioso-administrativo, no prazo establecido, a partir da súa publicación no BOP.

A Gudiña, 25 de marzo de 2003.- O alcalde.

Anexo

Ordenanza fiscal do imposto sobre actividades económicas.

Artigo 1.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real, do que o seu feito imponible que está constituído polo mero exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exerzanse ou non en local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que se realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 3.- Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarifas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 87 da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, tendo en conta o seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); coeficiente

Desde 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29.

Desde 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30.

Desde 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32.

Desde 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33.

Máis de 100.000.000,00; 1,35.

Sen cifra neta de negocio; 1,31.

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1º do artigo 83 da Lei 39/1988, na súa redacción dada polo artigo 23 da Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Artigo 4.- Período impositivo e obriga de contribuir.

1.- O período impositivo coincide co ano natural excepto cando se trate de declaracións de alta, neste caso abarcará dende a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2.- O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo e as cotas

serán irreductibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, en tal suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finalizar-lo ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán rateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. Para tal fin os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte de cota correspondente ós trimestres naturais nos que se exercera a actividade.

3.- Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, a aplicación prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presenta-las correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

Artigo 5.- Xestión do imposto.

O imposto xestionase a partir da matrícula deste. A dita matrícula formarase anualmente para cada termo municipal e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e de se-lo caso, da recarga provincial.

Artigo 6.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.

En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada polo Concello en Pleno, na sesión de data 11 de febreiro de 2003, que entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais.

Artigo 1.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos na Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988 e a Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urba-

nos e sobre os inmobles de características especiais:

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos que se atopen afectos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufructo.

d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxección do inmueble ás restantes modalidades nel previstas.

Para os efectos deste imposto terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do catastro inmobiliario, en particular, o disposto no artigo 2º da Lei 48/2002, do 23 de decembro.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmueble de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer-lo maior canon.

Artigo 3.- Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles.

Artigo 4.- Base liquidable.

A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións legais que, de se-lo caso, sexa de aplicación.

Artigo 5.- Exencións.

Á vista da facultade outorgada polo apartado 4º do artigo 7º da Lei 51/2002, do 27 de decembro, polo que se modifica o artigo 63 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, decláranse exentos os recibos correspondentes a bens inmobles rústicos e urbanos e de bens inmobles de características especiais do que a súa cota líquida non supere a cantidade de 3,00 euros.

Artigo 6.- Cota tributaria.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplica-la base liquidable ós seguintes tipos de gravame:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,5.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,3.

c) Para os bens inmobles de características especiais o 1,30.

Artigo 7.- Período impositivo e obriga de contribuír.

1.- O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo.

2.- O período impositivo coincide co ano natural.

3.- Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ante o catastro inmobiliario terán efectividade, na aplicación deste imposto, inmediatamente posterior ó momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirán coa prevista nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

Artigo 8.- Xestión do imposto.

1) A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados na vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos, salvo delegación en forma no organismo competente e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os ditos actos e actuacións para a existencia e información do contribuínte.

2) A xestión catastral é competencia exclusiva da Administración Catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais.

3) De conformidade coa prerrogativa outorgada pola apartado 2º do artigo 78 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto de bens inmobles de natureza rústica, agrúpanse nun único documento de cobro sempre que isto sexa posible, cando se refiran a bens que radiquen nun mesmo municipio.

Artigo 9.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.

En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, e o disposto na Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Concello en Pleno, en sesión de data 11 de febreiro de 2003, entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e

comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

R. 1.363

VILAR DE SANTOS

ANUNCIO

Unha vez elevado a definitivo o acordo plenario polo que se aproba a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, adoptado na sesión realizada o 30 de xaneiro do 2003, e de conformidade co artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, publíquese o texto íntegro dela:

Ordenanza reguladora do imposto de bens inmobles

Artigo 1.º

Segundo o previsto no artigo 73 de Lei 39/1988, do 28 de decembro, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable neste municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º

1.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado en 0,40%.

2.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicables os bens de natureza rústica, queda fixado en 0,30%.

3.- Segundo o previsto na disposición adicional segunda da citada Lei 39/1988, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens que os valores catastrais fosen obxecto de revisión ou modificacións será:

a) Tratándose de bens de natureza urbana, o 0,40%.

b) Tratándose de bens de natureza rústica, o 0,30%.

Artigo 3.º

No non expresamente previsto na presente ordenanza rexerán os preceptos contidos na subsección 2ª, da sección 3ª, do capítulo II, do título II da referida Lei 39/1988, concordantes e complementarios dela, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 4.º

En virtude do establecido no artigo 63.4 da Lei 39/1988 reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 51/2002 (BOE do 28 de decembro), establece seguindo criterios de eficiencia e economía na recadación,

a exención no IBI dos inmobles rústicos e urbanos que a cota líquida neste imposto non supere os 4 euros.

Para os inmobles de natureza rústica para os efectos desta exención, terase en conta a cota que resulte da agrupación de tódolos inmobles desta natureza que posúa o contribuínte neste termo municipal.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, e será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2003.

Vilar de Santos, 24 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.364

VEREA

EDICTO

Queda elevado a definitivo, por non se presentar reclamacións, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria de data 12 de febreiro de 2003, referente á aprobación provisional da imposición e ordenación do imposto sobre bens inmobles, así como a aprobación da correspondente ordenanza fiscal reguladora deste.

O texto íntegro do dito acordo e da ordenanza fiscal, publíquese integramente en cumprimento do preceptuado no artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles.

Acto seguido deuse conta do dictame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Facenda e Especial de Contas, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 6 de febreiro de 2003, en sentido favorable á aprobación da proposta da Alcaldía, de data 31 de xaneiro de 2003, e polo tanto á aprobación provisional da imposición e ordenación do imposto sobre bens inmobles, e a súa correspondente ordenanza fiscal, na forma que foi redactada.

Por outra banda, deuse conta do informe de Secretaría, de Intervención, da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, e da mencionada proposta da Alcaldía e demais documentación que integra o expediente tramitado para o efecto.

Tras debater suficientemente o asunto, o Pleno da Corporación acordou por unanimidade:

1.- Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación do imposto sobre bens inmobles, así como a correspondente ordenanza fiscal reguladora deste, na forma na que foi redactada.

2.- Que de conformidade co artigo 17.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o presente acordo provisional xunto coa ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, se expoña ó público no taboleiro de anuncios do concello, durante o prazo de 30 días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinalo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3.- A dita exposición ó público anunciarase no BOP e comezará a conta-lo prazo a partires do día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do correspondente anuncio.

4.- No suposto de non se presentar reclamacións ou suxestións, o presente acordo provisional, considerarase elevado a definitivo, debendo publicarse coa ordenanza fiscal no BOP.

Ordenanza fiscal n.º 1

Imposto sobre bens inmobles

Artigo 1.- Feito imponible

1) Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servicios públicos ós que se atopen afectos.

b) Dun dereito real de superficie

c) Dun dereito real de usufructo

d) Dun dereito de propiedade

2) A realización do feito imponible que corresponda entre os definidos no apartado anterior, pola orde nel establecido determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades previstas neste.

3) Para os efectos deste imposto terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

4) No caso de que un mesmo inmovible se encuentre localizado en distintos termos municipais entenderase, para os efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

5) Non estarán suxeitos a este imposto, os bens ós que fai referencia o artigo 6.5 da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos

1) Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan a ti-

tularidade do dereito que, en cada caso sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituto do contribuínte o que deba satisfacer-lo maior canon.

2) O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir-la carga tributaria soportada consonte coas normas do dereito común. O concello repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto naqueles que non reunindo a condición de suxeitos pasivos deste, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

Así mesmo, o substituto do contribuínte poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3.- Responsables

1) Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ó pagamento da totalidade da cota tributaria nos termos previstos no artigo 41 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

2) Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización da infracción tributaria.

3) Responderán solidariamente da cota deste imposto e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, se figuran inscritos como tales no catastro inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

4) No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que lles fora adxudicada.

5) Os administradores de persoas xurídicas que non realizaran os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se cometera una infracción tributaria simple, o importe da sanción.

b) Cando se cometera una infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

c) No suposto de cesamento da actividade da sociedade, o importe das obrigas tributarias pendentes na data do cesamento.

6) A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e consonte co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

7) Nos supostos de transmisión da propiedade de bens inmobles por calquera causa, o adquirente debe responder cos mencionados bens do pagamento das débedas tributarias e os recargos pendentes por este imposto.

8) Nos supostos de modificación da titularidade dos dereitos reais de usufructo ou de superficie sobre os bens inmobles gravados, o novo usufructuario ou superficiario debe responder do pagamento das débedas tributarias e das recargas pendentes por este imposto.

9) Cando sexan dous ou máis os copropietarios en réxime de pro-indiviso dun ben inmovible, responderán solidariamente do pagamento do imposto ó abeiro do previsto no artigo 34 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria. Consecuentemente, o órgano xestor poderá esixi-lo cumprimento da obriga a calquera dos obrigados.

Artigo 4.- Exencións inmobles

1.- Gozarán de exención os seguintes bens:

a) Os que sexan propiedade do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e ós servicios educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos á defensa nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmobles ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou ós seus organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, que o seu principal aproveitamento sexa a ma-

deira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborizado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios enclavados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou calquera outro servizo indispensable para a explotación das devanditas liñas. Non estarán exentos, por conseguinte, os establecementos de hostelería, espectáculos, comerciais e de espallamento, as casas destinadas a vivenda dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

h) Os de natureza urbana, cando a cota líquida non supere os 2,40 euros.

i) Os de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no municipio sexa inferior a 3,60 euros.

2.- Trala solicitude previa estarán exentos:

a) Os bens inmobles que se destinen ó ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ó ensino concertado. Esta exención deberá ser compensada pola administración competente.

b).- Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante real decreto, na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e inscritos no Rexistro Xeral ó que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da devandita lei. Esta exención non alcanzará a calquera clase de bens urbanos emprazados dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, senón, exclusivamente ós que reúnan as seguintes condicións:

Nas zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, do 25 de xuño do patrimonio histórico español.

Nos sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a 50 anos e estean incluídos no catálogo previsto no Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, do 25 de xuño.

c) As superficies dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou planos técnicos aprobados pola administración forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a solicitude.

3.- Os suxeitos pasivos que soliciten a exención do imposto, non poden alegar analoxía para estende-lo alcance delas máis alá dos termos estritos.

4.- Con carácter xeral, o efecto da concesión das exencións, empezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Non obstante, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data da aplicación do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 5.- Bonificacións

1.- Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados, antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá deste o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación delas, sempre que durante este tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de 3 períodos impositivos.

Para gozar da mencionada bonificación, os interesados deberán cumpri-los seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a cal se fará mediante certificado do técnico-director competente delas, visado polo colexio profesional.

b) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria, a cal se fará mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, que se fará mediante certificación do administrador da sociedade ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT para os efectos do imposto sobre sociedades.

d) A solicitude de bonificación pódese formular desde que se poida acreditar o inicio das obras.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas consonte coa normativa da Comunidade Autónoma. A dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración dela e xurdirá efectos, de se-lo caso, desde o período impositivo seguinte a aquel no que se solicitou.

3.- Gozará dunha bonificación do 95% da cota íntegra os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotacións comunitarias da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

4.- Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto, as vivendas que constitúan residencia habitual e das que sexan propietarios os suxeitos pasivos que teñan a condición de titulares de familia numerosa.

Esta bonificación manterase mentres dure a condición de titular de familia numerosa.

5.- Son de aplicación á concesión de bonificacións, as previsións contidas nos puntos 3 e 4 do artigo 4 desta ordenanza.

Artigo 6.- Reducións.

Será de aplicación o previsto no artigo duodécimo e seguintes da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais e disposicións concordantes.

Artigo 7.- Base imponible, base liquidable, cota íntegra e cota líquida.

1.- A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación consonte co disposto nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

2.- A base liquidable, será o resultado de practicar á base imponible as reducións a que se refire o artigo duodécimo e seguintes da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Nos procedementos de valoración colectiva a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do Catastro e recorrible ante os tribunais económicos administrativos do Estado.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame a que se refire o artigo seguinte.

A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas legalmente.

Artigo 8.- Tipo de gravame e cota

O tipo de gravame será o 0,4% cando se trate de bens inmobles urbanos e o 0,3% cando se trate de bens inmobles rústicos.

Artigo 9.- Período impositivo e aplicación do imposto.

1.- O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo.

2.- O período impositivo coincide co ano natural.

3.- Os feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicacións ante o catastro inmobiliario terán efectividade na aplicación deste imposto inmediatamente posterior ó momento en que se produzan efectos catastrais.

4.- Cando o concello coñeza da conclusión de obras que orixinan unha modificación do valor catastral, respecto co figurado no seu padrón, liquidará o IBI na data na que a Xerencia Territorial do Catastro lle notifique o novo valor catastral.

5.- A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente ós exercicios esixibles e non prescritos, entendendo por tales os comprendidos entre o seguinte a aquel en que finalizan as obras que orixinaron a modificación do valor e o presente exercicio.

De se-lo caso deducirase da liquidación correspondente a este ós exercicios anteriores, a cota satisfeita por IBI en razón a outra configuración do inmovible, diferente da que ten na realidade.

Artigo 10.- Réxime de declaración e liquidacións.

1.- Os suxeitos pasivos están obrigados a formaliza-las declaracións de alta, no caso de novas construcións, as declaracións de modificación da titularidade, no caso de transmisión de bens, así como as restantes declaracións por alteración de orde físico, económico ou xurídico nos bens inmobles que teñan transcendencia para os efectos deste imposto.

2.- A liquidación e recadación, así como a revisión de actos dictados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia do concello, que a exercerá directamente, ou a través dos convenios ou outras formas de colaboración subscritas ou que poida subscribir con outras administracións públicas, e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro,

resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os ditos actos e actuacións para a asistencia e información do contribuínte referidas ás materias comprendidas neste apartado.

O concello procederá a agrupar nun único documento de cobro tódalas cotas deste imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos situados no termo municipal.

3.- Contra os actos de xestión tributaria, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso administrativo, no prazo dun mes contado deste a notificación expresa ou da finalización da exposición pública dos padróns correspondentes.

4.- A interposición do recurso non detén a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer-lo recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a Alcaldía pode acorda-la suspensión do procedemento, sen prestación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestar ningunha, ou ben demostre fidedignamente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

Artigo 11.- Réxime de ingreso.

O período de cobro para os valores recibos notificados colectivamente determinarase cada ano, e anunciarase publicamente.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

En virtude do preceptuado no artigo 127.1 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, transcorridos os períodos de pagamento voluntarios sen que a débeda fora satisfeita, iniciarase o período executivo, que determinará unha recarga do 20% do importe da débeda non ingresada, así como os intereses de demora correspondentes a esta.

Esta recarga será dun 10% cando a débeda tributaria non ingresada se satisfaga antes de que se notifique ó debedor a providencia de constrinximento prevista no apartado 3 do mencionado artigo, e non se lle esixirán os intereses de mora aplicados desde o inicio do período executivo.

Artigo 12.- Data de aprobación e vixencia.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 12 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

En caso de modificación parcial, os artigos non modificados continuarán vixentes.

Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado ou outra norma que afecte a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

Verea, 25 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.367

CUALEDRO

Imposto sobre actividades económicas.

Artigo 1.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo, de carácter real; o feito imponible está constituído polo mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas; estas poden exercerse, ou non, en local determinado e poden estar, ou non, especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que realicen no territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 3.- Cota tributaria.

A cota tributaria será resultante de aplicarles ás tarifas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 87 da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, tendo en conta o seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros)/Coeficiente.

- Desde 1.000.000,00 ata 5.000.000,00/1,29.

- Desde 5.000.000,01 ata 10.000.000,00/1,30.

- Desde 10.000.000,01 ata 50.000.000,00/1,32.

- Desde 50.000.000,01 ata 100.000.000,00/1,33.

Máis de 100.000.000,00/1,35.

Sen cifra neta de negocio/1,31.

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1º, do artigo 83, da Lei 39/1988, na súa redacción dada polo artigo 23 da Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Artigo 4.- Período impositivo e devengo.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta; neste caso abranguerá desde a data de comezo da actividade ata o remate do ano natural.

2. O imposto devéngase o 1º día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, salvo cando nos casos de declaración de alta o día de comezo da actividade non coincida co ano natural; neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais, que restan para remata-lo ano, incluído o de comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán rateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o devandito cesamento. Para tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

3. Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presenta-las correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

Artigo 5.- Xestión do imposto.

O imposto xestiónase a partir da matrícula deste. A referida matrícula formarase anualmente para cada termo municipal e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, se é o caso, da recarga provincial.

Artigo 6.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.

Mentres non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, que aprobou o Concello, en pleno, na sesión de data 12-02-2003, que entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e que

comezará a se aplicar con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Cualedro, 24 de marzo de 2003.- A alcaldesa.

R. 1.310

Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais.

Artigo 1.- Natureza e feito imponible.- O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos na Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, e a Lei 48/2002, do 23 de decembro, de catastro inmobiliario.

Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufructo.
- Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecido, determinará a non suxeición do inmueble ás restantes modalidades nel previstas.

Para os efectos deste imposto terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do catastro inmobiliario, en particular, o disposto no artigo 2º da Lei 48/2002, do 23 de decembro.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmueble de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer-lo maior canon.

Artigo 3.- Base imponible.- A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles.

Artigo 4.- Base liquidable.- A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións legais que, se é o caso, sexan de aplicación.

Artigo 5.- Exencións.- Á vista da facultade outorgada polo apartado 4º do artigo 7º da Lei 51/2002, do 27 de decembro, polo que se modifica o artigo 63 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, decláranse exentos os bens inmobles de natureza urbana, cunha cota líquida que sexa inferior a 2,40 euros, e os bens inmobles de natureza rústica, cunha cota líquida que sexa inferior a 3,60 euros.

De conformidade coa prerrogativa outorgada polo apartado 2º do artigo 78 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, agruparanse nun único documento de cobro, sempre que isto sexa posible, cando se refiran a bens que radicuen nun mesmo municipio.

Artigo 6.- Cota tributaria.- A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicarlle á base liquidable os seguintes tipos de gravame:

- Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,4%.
- Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,3%.
- Para os bens inmobles de características especiais o 1,30%.

Artigo 7.- Período impositivo e devengo.

1.- O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

2.- O período impositivo coincide co ano natural.

3.- Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ante o catastro inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ó momento no que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

Artigo 8.- Xestión do imposto.-

1.- A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos, salvo delegación en forma no organismo competente e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias,

emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os devanditos actos e actuacións para a existencia e información ó contribuínte.

2.- A xestión catastral é competencia exclusiva da administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais.

Artigo 9.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.- En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, reguladora das facendas locais, e o disposto na Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Disposición final.- A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo concello en pleno, en sesión de data 12.02.2003, entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cualedro, 24 de marzo de 2003. A alcaldesa.

R. 1.311

RAMIRÁS

ANUNCIO

Unha vez definitivo, por non terse presentado reclamacións, o acordo do Pleno Municipal do 13 de Febreiro de 2003 de aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, publícanse seguidamente o acordo como Anexo I e o texto da Ordenanza Aprobada como Anexo II.

Ramirás, 21 de Marzo de 2003.- A alcaldesa.

Anexo I

Acordo plenario do 13 de febreiro de 2003

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.- Informouse do expediente instruído para aproba-la ordenanza reguladora do imposto sobre actividades económicas, redactada consonte co disposto no art 79 e seguintes da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, modificada pola Lei 5/2002, do 27 de decembro.

No expediente constan informe favorable do Secretario-Interventor e dictame favorable da Comisión de Facenda, do 11 de febreiro de 2003.

Despois do debate ó que asunto deu lugar resultou que, concorrendo á sesión a totalidade dos membros que de dereito a forman, por unanimidade acordouse:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a imposición do imposto sobre bens inmoables e a ordenanza reguladora do mesmo de conformidade coa proposta dictaminada pola Comisión de Facenda.

Segunda.- Que se someta o expediente a información pública polo prazo regulamentario, de trinta días, segundo dispón o art. 27 da mencionada Lei 39/1988, estimándose que, se no prazo non se presentaran reclamacións, se considerará a ordenanza como definitivamente aprobada.

Anexo II

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas

Artigo 1. Normativa aplicable.

O imposto sobre actividades económicas rexirá neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste, contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a dita Lei.

b) Polas tarifas e instrucións do imposto, aprobadas por Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e o Real decreto legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.

c) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Natureza e feito imponible.

1. O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real, cun feito imponible constituído polo simple exercicio, dentro do termo municipal, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2. Considéranse, para os efectos deste imposto, actividades empresariais, as gandeiras, cando teñan carácter independente, as mineiras, as industriais, as comerciais e as de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, e ningunha delas constitúe o feito imponible do presente imposto. Ten a consideración de gandeiría independente a definida como tal no parágrafo segundo do artigo 79.2 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

3. Considérase que unha actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico, cando supoña a ordeñación por conta propia de medios de produción e recursos humanos ou dun

destos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens e servizos.

4. O contido das actividades gravadas é o definido nas tarifas do imposto.

5. O exercicio das actividades gravadas probarase por calquera medio admisible no dereito, e, en particular, polos contemplados no artigo 31 do Código de Comercio.

Artigo 3. Supostos de non suxeición.

Non constitúe feito imponible neste imposto o exercicio das actividades seguintes:

a) O alleamento de bens integrados no activo fixo das empresas que figurarían debidamente inventariados como inmovilizado, con máis de dous anos de antelación á data de transmitirse a venda de bens de uso particular e privado do vendedor sempre que os utilizara durante igual período de tempo.

b) A venda dos produtos que se reciben en pagamento dos traballos persoais ou servizos profesionais.

c) A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou de adorno do establecemento. Polo contrario, estará suxeita ó imposto a exposición de artigos para regalo ós clientes.

d) Cando se trate de venda polo miúdo, a realización dun só acto ou operación illada.

Artigo 4. Exencións.

1. Están exentos do imposto:

a) O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade neste municipio, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto no que esta se desenvolva.

Para estes efectos non se considerará que se produciu o inicio do exercicio da actividade cando esta se desenvolvera anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderá que concorre, entre outros supostos, nos casos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

- En canto ós contribuíntes polo imposto sobre a renda de non residentes, a exención só alcanzará ós que operen en

España mediante o establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

Para os efectos da aplicación da exención prevista nesta letra, teranse en conta as seguintes regras:

1.0) O importe neto da cifra de negocios determinarase de acordo co previsto no artigo 191 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

2.0) O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades ou dos contribuíntes polo imposto sobre a renda de non residentes, o do período impositivo cun prazo de presentación de declaración polos ditos tributos que finalizará no ano anterior ó do aplicación deste imposto.

No caso das sociedades civís e a entidade á que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ó penúltimo ano anterior ó da aplicación deste imposto.

Se o dito período impositivo tivera unha duración inferior ó ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ó ano.

3.0) Para o cálculo do importe da cifra de negocios do suxeito pasivo, terase en conta o conxunto das actividades económicas exercidas por este.

Non obstante, cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de Comercio, o importe neto da cifra de negocios referirase ó conxunto de entidades pertencentes ó dito grupo.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase que os casos do artigo 42 do Código de Comercio, son os recollidos na sección 1.0 do capítulo I das normas para formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas por Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro.

4.0) No suposto dos contribuíntes polo imposto sobre a renda de non residentes, atenderase ó importe neto da cifra de negocios imputable ó conxunto dos establecementos permanentes situados no territorio español.

d) As entidades xestoras da Seguridade Social, e as mutualidades de previsión social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos custeados integramente con fondos do Estado, das comu-

nidades autónomas, ou das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo, incluso se facilitasen ós seus alumnos libros ou artigos de escritorio ou lles prestasen os servicios de media pensión ou internado e aínda que por excepción vendan nos seus establecemento os produtos dos talleres dedicados ó dito ensino, sempre que o importe da dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine, exclusivamente, á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, aínda que vendan os produtos dos talleres dedicados ós ditos fins, sempre que o importe da dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó soteñemento do establecemento.

g) A Cruz bermella Española.

h) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2. Os suxeitos pasivos a que se refiren as letras a), d), g) e h) do apartado anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

3. O Ministro de Facenda establecerá en que supostos a aplicación da exención prevista na letra c) do apartado 1 anterior esixirá a presentación dunha comunicación dirixida á Axencia Estatal de Administración Tributaria na que se faga constar que se cumpren os requisitos establecidos na dita letra para a aplicación da exención. A dita obriga non se esixirá, en ningún caso, cando se trate de contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os suxeitos pasivos que aplicaran a exención prevista na letra b) do apartado 1 anterior, presentarán a comunicación, de se-lo caso, o ano seguinte ó posterior ó de inicio da súa actividade.

Para estes efectos, o Ministerio de facenda establecerá o contido, o prazo e a forma de presentación da dita comunicación, así como os supostos nos que deberá de presentarse por vía telemática.

En canto ás variacións que poidan afectar á exención prevista na letra c) do apartado 1 anterior, estarase ó previsto

no artigo 91.2 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

4. Os beneficios regulados nas letras b), e) e f) do apartado 1 anterior terán carácter rogado e se concederán, cando proceda, a instancia de parte.

A solicitude das exencións a que se refire o parágrafo anterior, débense presentar xunto coa declaración de alta no imposto, na entidade que leve a cabo a xestión censual, e deberán estar acompañadas da documentación acreditativa. O acordo polo que se accede á petición fixará o exercicio dende o que o beneficio fiscal se entende concedido.

As exencións a que se refire este apartado que sexan solicitadas antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza terán efectos dende o inicio do período impositivo a que se refire a solicitude, sempre que na data da aplicación do tributo concorran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

Artigo 5. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos do IAE, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria sempre que realicen neste municipio calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 6. Cota tributaria.

A cota tributaria será o resultado de aplicar á cota de tarifa do imposto a que se refire o artigo seguinte, o coeficiente de ponderación regulado no artigo 8 e, de se-lo caso, o coeficiente de situación regulado no artigo 9, ámbolos dous da presente ordenanza fiscal.

Artigo 7. Cota de tarifa.

A cota de tarifa será a resultante de aplica-las tarifas e instrucións do imposto aprobadas por Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e polo Real decreto lexislativo 1259/1991, do 2 de agosto.

Artigo 8. Coeficiente de ponderación.

De acordo co que prevé o artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sobre cotas municipais de tarifa aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios; coeficiente

Dende:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29

- 5.000.000,01 ata 10.000.000,0; 1,30

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,00; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto na letra c) do artigo 4 da presente ordenanza fiscal.

Artigo 9. Bonificacións.

1. Sobre a cota tributaria do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) As cooperativas, así como as unións, federacións e confederacións destas, e as sociedades agrarias de transformación, terán a bonificación prevista na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para quen inicie o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento desta.

O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos dende a finalización da exención prevista na letra b) do apartado 1 do artigo 4 da presente ordenanza fiscal.

2. Os suxeitos pasivos que teñan dereito ás bonificacións reguladas no apartado anterior, por cumprí-los requisitos establecidos para o seu goce, aplicarán a bonificación correspondente na súa propia autoliquidación.

Artigo 10. Reducións da cota.

1. Sobre a cota tributaria, bonificada de se-lo caso por aplicación do disposto no artigo anterior, aplicaranse as reducións seguintes:

a) De acordo co disposto no artigo 76.1.9 da Lei 41/1994, de 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 1995, unha redución a favor dos suxeitos pasivos afectados por obras na vía pública. Esta redución, fixada en función da duración das ditas obras, reconocerase atendendo ás porcentaxes e condicións seguintes:

- Obras con duración de 3 a 6 meses: 20%.

- Obras con duración de 6 a 9 meses: 30%.

- Obras con duración de máis de 9 meses: 40%.

A redución na cota practicarase dentro da liquidación do ano inmediatamente seguinte ó inicio das obras de que se trate, sendo iniciado o procedemento a petición do interesado.

b) De acordo co disposto no artigo 76.1.9 da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 1995, unha redución da cota co-

rrespondente ós locais nos que se realicen obras maiores, para as que se requira a obtención da correspondente licenza urbanística e teñan unha duración superior a tres meses, sempre que debido a elas os locais permanezan pechados, a cota correspondente reducirase ó número de días que o local esta pechado.

Esta redución deberá solicitarse polo suxeito pasivo e, se procede, unha vez concedida, terá que solicita-la correspondente devolución de ingresos indebidos polo seu importe.

2. Non se aplicarán outras reducións da cota, que as reguladas no apartado anterior e as previstas nas tarifas do imposto.

Artigo 11. Período impositivo e obriga de contribuír.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, nas que entón abarcará dende a data de comezo da actividade ata o remate do ano natural.

2. O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán reductibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, no que entón calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para remata-lo ano, incluído o de comezo do exercicio da actividade.

3. Tratándose das actividades clasificadas nos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da sección 1.0 das tarifas do imposto, aplicaranse o 1 de xaneiro de cada ano a parte da cota correspondente ós metros vendidos ou espectáculos celebrados no exercicio anterior. No caso de cesamento na actividade, a declaración complementaria presentarse xunto coa declaración da baixa.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento.

Para tal fin os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

Artigo 12. Xestión.

1. A xestión das cotas municipais do imposto, levarase a cabo polo órgano da administración que resulte competente, ben en virtude de competencia propia, ben en virtude de convenio ou acordo de delegación de competencias; todo isto consonte co preceptuado nos artigos 7,8 e 92 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais; así como nas demais disposicións que resulten de aplicación.

2. A xestión, liquidación, recadación e inspección das cotas municipais do imposto levarase a cabo consonte co preceptuado nos artigos 2.2, 10, 11, 12, 13, 91 e 92 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais; e nas demais normas que resulten de aplicación.

Artigo 13. Pagamento e ingreso do imposto.

1. O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

As liquidacións de ingreso directo satisfaranse nos prazos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

O disposto neste apartado enténdese sen prexuízo do réxime de autoliquidación do imposto previsto no artigo seguinte.

2. Rematado o prazo de pagamento voluntario sen que a débeda se satisfixera, iniciarase o período executivo de recadación, o que comporta a aplicación da recarga do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de mora correspondentes.

A dita recarga será do 10 por 100 cando a débeda se ingrese antes de que fose notificada ó deudor a providencia de constrinximento.

Artigo 14. Revisión.

1. Os actos de xestión censual serán revisables consonte co procedemento indicado para o efecto pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

2. Os actos de xestión tributaria das cotas municipais serán revisables consonte co procedemento aplicable á entidade que os dicte. En particular, cando os ditos actos sexan dictados por unha entidade local revisaranse consonte co preceptuado no artigo 14 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Disposición adicional única. Modificacións do imposto.

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de presupostos xerais do Estado ou por calquera outras leis ou disposicións, e que resulten de aplicación directa, producirán, de se-lo caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición transitoria única. Réxime transitorio do coeficiente de ponderación.

As actividades iniciadas no ano 2002, e para os efectos do exercicio 2003, seralles de aplicación o menor dos coeficientes previstos no cadro recollido no artigo 8 da presente ordenanza fiscal.

Disposición final única. Aprobación, entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello, na sesión levada a cabo o 13 de febreiro de 2003, comezará a rexer con efectos dende o 1 de xaneiro de 2003, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes.

R. 1.373

ANUNCIO

Unha vez definitivo, por non terse presentado reclamacións, o acordo do Pleno Municipal do 13 de Febreiro de 2003 de aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, publícanse seguidamente o acordo como Anexo I e o texto da Ordenanza Aprobada como Anexo II.

Ramirás, 21 de Marzo de 2003.- A Alcaldesa.

Anexo I

Acordo plenario do 13 de febreiro de 2003

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmóbles.- Informouse do expediente instruído para aproba-la ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmóbles, redactado conforme o disposto no art 61 e seguintes da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, modificada pola Lei 5/2002, do 27 de decembro.

No expediente consta o informe favorable do secretario-interventor e dictame favorable da Comisión de Facenda do 11 de febreiro de 2003.

Despois do debate ó que asunto deu lugar resultou que, concorrendo á sesión a totalidade dos membros que de dereito a forman, por unanimidade acordouse:

Primeiro.- Aproba-la imposición do imposto sobre actividades económicas e a ordenanza reguladora do mesmo de conformidade coa proposta dictaminada pola Comisión de Facenda coa única modificación de incrementa-lo límite de ingresos de 10.000,00 euros a 12.000,00 euros das familias numerosas para ter dereito á bonificación do 90 % que consta no art 10 da ordenanza proposta.

Segunda.- Que se someta o expediente a información pública polo prazo regulamentario, de trinta días, segundo dispón o art 27 da mencionada Lei 39/1988, estimándose que se no prazo non se presentaran reclamacións se considerará a ordenanza como definitiva-mente aprobada.

Anexo II

Ordenanza fiscal reguladao do imposto sobre actividades económicas

Artigo 1. Normativa aplicable.

O imposto sobre bens inmóbles rexerá neste municipio:

a.- Polas normas reguladoras deste, contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a dita lei.

b.- Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens rústicos e urbanos e sobre os inmóbles de características especiais:

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles ou sobre os servizos públicos a que estean afectos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufructo.

d) Dun dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, dos definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmóble ás restantes modalidades previstas nel.

3. Para os efectos deste imposto terán a consideración de bens inmóbles rústicos, de bens inmóbles urbanos e de bens inmóbles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do catastro inmobiliario. O carácter urbano ou rústico do inmóble dependerá da natureza do solo.

4. Non estarán suxeitos ó imposto:

- As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.

- Os seguintes bens inmóbles propiedade deste concello:

1. Os de dominio público afectos a uso público.

2. Os de dominio público afectos a un servizo xestionado directamente polo concello e os bens patrimoniais, excepto cando se trate de inmóbles dedicados a terceiros mediante contraprestación.

Artigo 3. Exencións.

1. Exencións directas de aplicación de oficio. Están exentos do imposto:

a) Os que sendo propiedade do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais estean directamente afectos á seguridade cidadá e ós servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos á defensa nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979; e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación suscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz vermella Española.

e) Os inmóbles ós que sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor; e a condición de reciprocidade, os dos gobernos estranxeiros destinados a súa representación diplomática, consular, ou os seus organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, no que o seu principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade da arboreda sexa o normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados por liñas de ferrocarril e os edificios encravados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das ditas liñas. Non están exentas, por conseguinte, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas de dirección nin as instalacións fabrís.

2. Exencións directas de carácter rogado. Así mesmo, trala solicitude previa, están exentos do imposto:

a) Os inmóbles que se destinen ó ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concertos educativos, en canto á superficie afectada ó ensino concertada.

(Artigo 7 Lei 22/1993).

b) Os declarados expresa e individualmente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, e inscritos no Rexistro Xeral a que se refire o artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Artístico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da dita Lei.

Sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1) En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protec-

ción no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, do 25 de xuño.

2) En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a 50 anos e estean incluídos no catálogo previsto no artigo 86 do Rexistro de planeamento urbanístico como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, do 25 de xuño.

3) A superficie dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneracións de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola administración forestal.

Esta exención terá unha duración de quince anos, contandos a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a súa solicitude.

3. Exencións potestativas de aplicación de oficio. Tamén están exentos os seguintes bens inmobles situados no termo municipal deste concello.

a) Os de natureza urbana, cunha cota líquida inferior a 2,40 euros.

b) Os de natureza rústica, no caso de que para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 2,40 euros.

4. Exención potestativa de carácter rogado. Están exentos os bens inmobles situados no termo municipal deste concello, de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean afectos ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

5. As exencións de carácter rogado, sexan directas ou potestativas, deben ser solicitadas polo suxeito pasivo do imposto.

O efecto da concesión das exencións de carácter rogado comeza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poden ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data da aplicación do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu goce.

Artigo 4. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria que teñan a titularidade de dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto, consonte co disposto no artigo 2.1 da presente ordenanza fiscal.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga

tributaria soportada, consonte coas normas de dereito común.

2. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais será substituído do contribuínte o que deba satisfacerlo maior canon.

O substituído do contribuínte a que se refire o parágrafo anterior, poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lle corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

3. O concello repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto, naqueles, que non reunindo a condición de suxeitos pasivos deste, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

Artigo 5. Afección dos bens ó pagamento do imposto e supostos especiais de responsabilidade.

1. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ó pagamento da totalidade da cota tributaria nos termos previstos no artigo 41 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

Para estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo imposto sobre bens inmobles asociadas ó inmovible que se transmite.

2. Responden solidariamente da cota deste imposto e en proporción as súas respectivas participacións, os coparticipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, se figuran onscritos como tales no catastro inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

Artigo 6. Base imponible.

1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación, consonte coas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

2. Os valores catastrais poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e forma que a lei prevé.

Artigo 7. Base liquidable.

1. A base liquidable será o resultado de practicar na base imponible as reducións que legalmente estean establecidas; e en particular a redución a que se refire o artigo 8 da presente ordenanza fiscal.

2. A base liquidable notificarase conjuntamente coa base imponible nos pro-

cedementos de valoración colectiva. A dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante indicación do valor base do inmovible así como o importe da redución e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.

3. O valor base será a base liquidable do exercicio inmediato anterior á entrada en vigor do novo valor catastral, salvo as circunstancias sinaladas no artigo 70 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais.

4. Nos procedementos de valoración colectiva a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do Catastro e recorrible ante os tribunais económico-administrativos do estado.

Artigo 8. Redución da base imponible.

1. Reducirase a base imponible dos bens inmobles urbanos e rústicos que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

a) Inmovible cun valor catastral que se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva de carácter xeral en virtude de:

1.1.- A aplicación do novo relatorio total de valor aprobado con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1997.

2.1.- A aplicación de sucesivos relatores totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 69.1 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que dese lugar á aplicación da redución prevista neste apartado 1 e na que o seu valor catastral se altere, antes de remata-lo prazo de redución, por:

1.1.- Procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.

2.1.- Procedemento de valoración colectiva de carácter parcial.

3.1.- Procedemento simplificado de valoración colectiva.

4.1.- Procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes, emendas de discrepancias e inspección catastral.

2. A redución será aplicable de oficio, coas seguintes normas:

1.0.- Aplicarase durante un período de nove anos contados dende a entrada en vigor dos novos valores catastrais, sen prexuízo do disposto no artigo 71 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

2.0.- A contía da redución será o resultado de aplicar un coeficiente reductor, único para tódolos inmobles afectados do municipio, a un compoñente individual da redución, calculado para cada inmovible.

3.0.- O coeficiente reductor terá o valor de 0,9 o primeiro ano da súa aplicación e irá diminuíndo en 0,1 anualmente ata a súa desaparición.

4.0.- O compoñente individual será, en cada ano, a diferenza positiva entre o novo valor catastral que corresponda ó inmovible no primeiro exercicio da súa vivencia e o valor base. A dita diferenza dividirase polo último coeficiente reductor aplicado cando concorran os supostos do artigo 68, apartado 1, b 2.1 e b 3.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

5.0.- Nos casos contemplados no artigo 68, apartado 1.b) 1.1, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, non se iniciará o cómputo dun novo período de redución e extinguirase o dereito á aplicación do resto da redución que se viñera aplicando.

6.0.- Nos casos contemplados no artigo 68, 1.b), 2.1, 3.1 e 4.1, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, non se iniciará o cómputo dun novo período de redución e o coeficiente de redución aplicado ós inmovibles afectados tomará o valor correspondente ó resto dos inmovibles do municipio.

3. A redución non será aplicable ó incremento da base imponible que resulte da actualización dos seus valores catastrais por aplicación dos coeficientes establecidos nas leis de presupostos xerais do Estado.

4. En ningún caso será aplicable a redución regulada neste artigo, ós inmovibles de características especiais.

Artigo 9. Cota tributaria, tipo de gravame e recarga.

1.- A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame a que se refire o apartado 3 seguinte.

2.- A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas no artigo seguinte.

3.- Os tipos de gravame aplicables neste municipio serán os seguintes:

a) Bens inmovibles de natureza urbana:

1.1.- Tipo de gravame xeral: 0,4%

3 O tipo de gravame xeral aplicable ós bens urbanos será o que se fixe no concello, dentro dos límites máximo e mínimo sinalados para os efectos (0,10% a 1,30%) o preceptuado nos apartados 1, 3 e 5 do artigo 73 LRHL.

b) Bens inmovibles de natureza rústica: 0,3%

c) Bens inmovibles de características especiais: 1,3%

- Bens destinados á produción de enerxía eléctrica e gas, ó refino de petróleo e as centrais nucleares.

- Bens destinados a presas, saltos de auga e encoros.

- Bens destinados a autoestradas, estradas e túneles de peaxe.

- Bens destinados a aeroportos e portos comerciais.

Artigo 10. Bonificacións.

1. As vivendas de protección oficial e equiparables a estas segundo as normas da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados dende o ano seguinte á data do outorgamento da cualificación definitiva.

A dita bonificación concederase a petición do interesado, e poderá efectuarse en calquera momento anterior ó remate dos tres períodos impositivos de duración desta e xurdirá efectos, de se-lo caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

Para ter dereito a esta bonificación, os interesados deberán achega-la seguinte documentación:

- Escrito de solicitude da bonificación.

- Fotocopia da alteración catastral (MD 901)

- Fotocopia do certificado de cualificación de vivenda de protección oficial.

- Fotocopia da escritura ou nota rexistral do inmovible.

- Se na escritura pública non constara a referencia catastral, fotocopia do recibo do imposto sobre bens inmovibles correspondente ó exercicio anterior.

2. Ademais, e cando concorran os requisitos previstos neste punto, as vivendas de protección oficial e equiparables a estas segundo as normas da Comunidade Autónoma, unha vez transcorrido o prazo de tres anos sinalado no punto 1 anterior, contados dende o outorgamento da cualificación definitiva, gozarán dunha bonificación do 25 % por un período de 5 anos.

Para ter dereito a esta bonificación, os interesados deberán achegar:

- Escrito de solicitude da bonificación.

- Certificado do concello de que a vivenda da que se solicita o beneficio fiscal é o domicilio habitual do suxeito pasivo do imposto.

- Que os ingresos anuais do suxeito pasivo sexan inferiores a 10.000,00 euros.

3. Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra e, de se-lo caso, da recarga do imposto a que se refire o artigo 134 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

4. Os suxeitos pasivos do imposto, que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, gozarán dunha bonificación da cota íntegra do imposto, do 90% cando concorran as circunstancias seguintes:

1.1.- Que o ben inmovible constituía a vivenda habitual do suxeito pasivo.

2.1.- Que o suxeito pasivo teña ingresos anuais inferiores a 12.000 euros.

A bonificación deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, quen acompañará á solicitude da seguinte documentación:

- Escrito da solicitude da bonificación, na que se identifique o ben inmovible.

- Fotocopia do documento acreditativo da titularidade do ben inmovible.

- Certificado de familia numerosa.

- Certificado do padrón municipal.

- Fotocopia da última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, excepto nos supostos nos que o suxeito pasivo non estea obrigado a presentar tal declaración consonte coanormativa reguladora do mencionado imposto.

O prazo de goce da bonificación será de 5 anos; se ben o suxeito pasivo poderá solicita-la prórroga de do dito prazo dentro do ano no que este finalice, sempre que continúen concorrendo os requisitos regulados neste apartado. En todo caso, a bonificación rematará de oficio ó ano inmediatamente seguinte a aquel no que o suxeito pasivo cese na súa condición de titular de familia numerosa ou deixe de concorrer algún dos referidos requisitos.

5. As bonificacións reguladas nos apartados 1 ó 4 deste artigo son compatibles entre sí cando así o permita a natureza da bonificación e do ben inmovible correspondente; e aplicaranse, no seu caso, pola orde na que estas aparecen relacionadas nos apartados citados, minorando sucesivamente a cota íntegra do imposto.

6. As bonificacións reguladas nos apartados 1 ó 4 deste artigo son compatibles entre si cando así o permita a natureza da bonificación e do ben inmovible correspondente; e aplicaranse, no seu caso, pola orde na que estas aparecen relacionadas nos apartados citados, minorando sucesivamente a cota íntegra do imposto.

Artigo 11. Período impositivo e obriga de contribuir.

1. O período impositivo é o ano natural.

2. O imposto aplícase o primeiro día do ano.

3. As variacións de orde física, económica ou xurídica, incluíndo as modificacións da titularidade dos bens inmovibles,

terán efectividade no período impositivo seguinte a aquel no que se produzan as ditas variacións.

Artigo 12. Obrigas formais.

1. As alteracións concernentes ós bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto determinarán a obrigación dos suxeitos pasivos de formaliza-las declaracións conducentes a súa inscrición no catastro inmobiliario, conforme ó establecido nas súas normas reguladoras.

2. Sen prexuízo da facultade da Dirección Xeral do Catastro de requirir ó interesado a documentación que en cada caso resulte pertinente, neste municipio, e no marco do procedemento de comunicación previsto nas normas reguladoras do catastro inmobiliario, as declaracións ás que alude o apartado anterior entenderanse realizadas cando as circunstancias ou alteracións a que se refiren consten na correspondente licenza ou autorización municipal, suposto no que o suxeito pasivo quedará exento da obrigación de declarar antes mencionada.

Artigo 13. Pagamento e ingreso do imposto.

1. O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase publicamente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

As liquidacións de ingreso directo satisfaranse nos prazos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificacións dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

2. Rematado o prazo de pagamento voluntario sen que a débeda se satisficiera iniciárase o período executivo de recadación, o que comporta a aplicación do recarga do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de mora correspondentes.

A dita recarga será do 10 por 100 cando a débeda se ingrese antes de que fora notificada ó debedor da providencia de constrinximento.

Artigo 14. Xestión do imposto.

1. A xestión, liquidación, recadación e inspección do imposto, levarase a cabo polo órgano da administración que resulte competente, ben en virtude de competencia propia, ben en virtude de convenio ou acordo de delegación de competencias; e todo isto consonte ó preceptuado nos artigos 7, 8 e 78 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Regulado-

ra das Facendas Locais; así como nas demais disposicións que resulten de aplicación.

2. A xestión, liquidación, recadación e inspección do imposto levarase a cabo consonte co preceptuado nos artigos 2.2, 10, 11, 12, 13, 77, 78 do Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais; nas normas reguladoras do catastro inmobiliario; e nas demais disposicións que resulten de aplicación.

Artigo 15. Revisión.

1. Os actos de xestión e inspección catastral do imposto, serán revisables nos termos e consonte cos procedementos sinalados na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e na Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

2. Os actos de xestión tributaria do imposto serán revisables consonte co procedemento aplicable á entidade que os dicte. En particular, os actos de xestión tributaria dictados por unha entidade local revisaranse consonte co preceptuado no artigo 14, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Disposición adicional única. Modificacións do imposto.

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de presupostos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, de se-lo caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final única. Aprobación, entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello na sesión que tivo lugar o 13 de febreiro de 2003, comezará a rexer con efectos dende o 1º de xaneiro de dous mil tres, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes.

R. 1.372

BANDE

EDICTO

Elevándose a definitivo, por non presentarse reclamacións ou acordo plenario, adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 21 de febreiro de 2003 sobre modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto de bens Inmobles e do Imposto de Actividades Económicas, en cumprimento do establecido no

artigo 17.4 da Lei 39/1988 de 28 de decembro realízase a publicación no BOP de dito acordo así como do texto integro das ordenanzas fiscais; contra do mesmo os interesados poderán interpor recurso contencioso administrativo ante a sala de dita xurisdicción do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da publicación deste acordo e da ordenanza fiscal no Boletín Provincial.

D. José Luís Feijoo Feijoo, secretario do Concello de Bande (Ourense)

Certifico:

Que polo concello pleno en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2003 adoptouse o seguinte acordo:

2º. Modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do imposto de bens inmobles e do imposto de actividades económicas.

A).- Ordenanza reguladora do imposto de bens inmobles.

De seguido dáse conta do dictame favorable da Comisión Informativa de Facenda sobre este asunto.

Sinala o Sr. Alcalde que a Lei 51/2002 de 27 de decembro de reforma da Lei 39/1988 de decembro Reguladora das Facendas Locais, levou a cabo unha modificación do imposto de bens inmobles creando a nova categoría de bens inmobles de características especiais xunto cas xa existentes de bens inmobles de natureza rústica e de natureza urbana; a este novo tipo de bens inmobles (entre os que se inclúen os terreos anegados por encoros) pódese aplicar un tipo de gravame distinto do aplicado ós bens rústicos e urbanos conforme o dictame formulado pola Comisión de Facenda propóñense os seguintes tipos de gravame:

- Para os bens inmobles de natureza urbana 0,5%

- Para os bens inmobles de natureza rústica 0,5%

- Para os bens inmobles de características especiais 1,30%.

Tamén se da conta das bonificacións previstas para empresas urbanizadoras, cooperativas agrícolas, vivendas de protección oficial e familias numerosas.

Pide a palabra o concelleiro do BNG D. Recaredo Gómez Penín indicando que comparada cas outras bonificacións a prevista para familias numerosas parécelle moi baixa, e a este tipo de familias deberíamos darlle mais facilidades e protexelas.

Intervén o Sr. Alcalde indicando que se trata do imposto municipal mais importante en canto a recadación e sempre se prevén recortes pero non compensacións para o concello, en todo caso pro-

pón que a bonificación para estas familias pase do 30% ó 40%.

Concluído o debate a corporación co voto a favor dos 6 concelleiros do P.P. o que supón maioría absoluta legal, e ca abstención dos concelleiros do BNG e do concelleiro do PsdeG, PSOE, acorda:

1º) Aprobar inicialmente a ordenanza fiscal nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles, que se detalla de seguido.

2º) Derrogar con efectos dende a entrada en vigor da nova ordenanza a anterior ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles.

3º) Que se expoña o expediente ó público durante o prazo de 30 días hábiles. No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobada a nova ordenanza fiscal, sen necesidade de novo acordo plenario, publicándose integramente o seu texto para súa entrada en vigor.

Ordenanza fiscal nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ó establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II e artigo 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1998 do 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa redacción dada por Lei 51/2002 de 27 de decembro de modificación de dita norma, e Lei 48/2002 reguladora do Catastro Inmobiliario, regúlase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles.

Artigo 1º.- Feito imponible..-

1. Feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

a) De concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufructo.

d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orden establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmovible ó resto de modalidades previstas no mesmo.

2.- Teñen a consideración de bens inmobles de natureza urbana, rústicos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas nor-

mas reguladoras do Catastro Inmobiliario. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei 230/1963 do 28 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2.- O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3.- No suposto de concorrencia de mais dun concesionario sobre o mesmo inmovible de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir este sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º.- Responsables.

1.- Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2.- Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente na proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.

3.- No suposto de sociedades ou entidades disolvidas ou liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes tramitaranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles houbera adxudicado.

4.- A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4.- Exención.

1.- Exencións directas de aplicación de oficio: as comprendidas no art. 63, apartado 1, da Lei 39/1988 na súa redacción dada por Lei 51/2002 do 27 de decembro.

2.- Exencións directas de carácter rogado: as comprendidas no art. 63.2, letras a), b) e c), da Lei 39/1988 na súa redacción dada por Lei 51/2002 do 27 de decembro.

3.- Exencións potestativas.

a) Os bens inmobles de natureza urbana cunha cota líquida inferior a 3 euros.

b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a

cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos, posuídos no termino municipal sexa inferior os 3 euros.

4.- Con carácter xeral, a concesión de exencións producirá efecto a partires do exercicio seguinte a data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederase si na data de remuneración do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu goce.

Artigo 5º.- Base imponible.

1.- A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e de maneira que a Lei prevé.

Artigo 6º.- Reducións.

1.- A redución da base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles, urbanos e rústicos, que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

a.- Inmobles que o seu valor catastral se incremente como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación da nova Ponencia total de valoración aprobada con posterioridade ó 1-1-1997 ou por aplicación de sucesivas ponencias totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no art. 69.1 da Lei 39/1988.

b.- Cando se aprobe unha ponencia de valores que houbera dado lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e que o seu valor catastral se altere antes de rematar o prazo de redución por:

1.- procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.

2.- procedemento de valor colectiva de carácter parcial.

3.- procedemento simplificado de valoración colectiva.

4.- procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e remedio de discrepancias e inspección catastral.

2.- A redución será aplicable de oficio coas normas contidas no art. 69, 70 e 71 da Lei 39/1988, na modificación establecida pola Lei 51/2002.

Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7º.- Base liquidable.

1.- A base liquidable será o resultado de practicar, no seu caso, á imponible as reducións que legalmente se estable-

zan.

2.- A base liquidable, nos bens inmo- bles de características especiais, coinci- dirá coa base imponible, salvo as espe- cíficas aplicacións que preveña a legisla- ción.

3.- A base liquidable notificárase con- xuntamente coa base imponible nos pro- cedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indi- cación do valor base do inmovible así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.

4.- O valor base será a base liquidable conforme as normas da Lei 39/1988 e Lei 48/2002 do 23 de decembro do Ca- tastro Inmobiliario.

5.- A competencia nos distintos proce- dementos de valoración será a estableci- da na Lei 48/2002 e réxime de recursos contra os actos administrativos, o esta- blecido en dita Lei, así como na Lei 39/1988.

Artigo 8º.- Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

- Para os bens inmo- bles de natureza urbana 0,5%

- Para os bens inmo- bles de natureza rústica 0,5%

- Para tódolos grupos de bens inmo- bles de características especiais 1,30%.

Artigo 9º.- Bonificacións.

1.- No suposto de novas construc- cións, pódese conceder unha bonifica- ción do 60% na cota íntegra do imposto, previa solicitude dos interesados e antes do comezo das obras ás empresas urba- nizadas, constructoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como reha- bilitación equiparable a esta, de confor- midade co artigo 74 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonifica- ción comprende o tempo de urbaniza- ción ou de construción e un ano mais a partires do remate das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partires do comezo das obras de urba- nización e construción.

Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os se- guintes requisitos:

a).- Acreditación da data de comezo das obras de urbanización ou construc- ción que se trate, a cal farase mediante certificación o Técnico-Director compe- tente das mesmas, visado polo Colexio Profesional.

b).- Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, a cal se fará mediante a presentación os Estatutos da Sociedade.

c).- Acreditación que o inmovible ob- xecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, a cal se fará mediante certificación do Administrador da So- ciedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d).- A solicitude da bonificación pódese formular dende que se pode acreditar o comezo das obras.

2.- As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50% du- rante un prazo de tres anos, contados dende o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesa- do, debendo xustificar a titularidade me- diante escritura pública, inscrita no Re- xistro da Propiedade.

Pasados os tres anos, contidos ante- riormente, gozarán dunha bonificación do 30% por 2 anos.

3.- Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota de bens de natureza rústica ás Cooperativas Agrícolas e de Explotación Comunitaria da terra, de acordo co art. 134 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Cooperativas.

4.- Terán dereito a unha bonificación do 40% da cota do IBI os suxeitos pasi- vos que ostenten a condición de familia numerosa, mentres por normativa se atope dita familia constituída como tal, e os ingresos da unidade familiar non su- peren dúas veces o salario mínimo inter- profesional.

Artigo 10.- Período impositivo e acre- ditación do imposto.

1.- O período impositivo e o ano natu- ral.

2.- O imposto cobrarase o primeiro día do período impositivo.

3.- As variacións da orden físico, eco- nómico ou xurídico, incluíndo as modi- ficacións de titularidade, teñen efectivi- dade a partires do ano seguinte a aquel no que se producen.

4.- Cando o Concello coñeza a con- clusión das obras que orixinen unha mo- dificación de valor catastral, respecto a que figura no seu Padrón, liquidará o IBI na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

5.- A liquidación do imposto com- prenderá a cota correspondente ós exercicios meritados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van a re- matar as obras que orixinaron a modifi- cación de valor e o presente exercicio.

6.- No seu caso, deducirase da liqui- dación correspondente a este exercicio e ós anteriores a cota satisfeita por IBI a razón doutra configuración do inmovible, diferente da que tivo na realidade.

Artigo 11º.- Réxime de declaración e ingreso.

1.- Ós efectos previstos no art. 77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construc- cións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisións do ben, así como as restantes declara- cións por alteracións da orde físico, eco- nómico ou xurídico nos bens inmo- bles que teñan transcendencia a efectos deste imposto.

2.- Sendo competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse deben ser pre- sentadas á administración municipal, ante o que se deberá indicar, así mesmo, as circunstancias que orixinan ou xusti- fican a modificación do réxime.

3.- Sen prexuízo da obrigación dos su- xeitos pasivos de presentar as modifica- cións, alteracións e demais o Concello sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comuni- cará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licencia ou autori- zación municipal.

4.- As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da facultade de xestión tributaria.

5.- Contra os actos de xestión tributa- ria, competencia do Concello, os intere- sados poden formular recurso de reposi- ción, previo ó contencioso-administrati- vo, no prazo dun mes a partires da noti- ficación expresa o da exposición pública dos padróns correspondentes.

6.- A interposición do recurso non pa- raliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo pre- visto para interpoñer o recurso, o intere- sado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garan- tía polo total da débeda tributaria.

No obstante isto, en casos excepcio- nais, a alcaldía pode acordar a suspen- sión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o reco- rrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostre de xeito fide- digno a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7.- O período de cobro para os valo- res-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme a Lei 48/2002 e 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixa- dos polo Regulamento Xeral de Recada- ción, que son:

a).- Para as notificadas dentro da pri- meira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b).- Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8.- Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se satisfará, iniciárase un período executivo, no cal comporta a acreditación do recargo do 20 por cento do importe da débeda non ingresada, así como o dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por cento cando a débeda se ingrese antes de que fose notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º.- Xestión por delegación.

No caso da xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración convida ou delegada.

Para o procedemento da xestión ou recadación no establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13º.- Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 21 de febreiro de 2003 comezará a rexer o día 1º de xaneiro de 2003 e continuará vixente mentres non se acorde a modificación ou derogación.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma con rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza

B) Ordenanza reguladora do imposto sobre actividades económicas.

De seguido dáse lectura ó dictame formulado pola Comisión Informativa de Facenda sobre esta punto da orde do día.

Sinala o Sr. Alcalde que a Lei 51/2002 do 27 de decembro de reforma da Lei 39/1988 do 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais levou a cabo unha modificación do Imposto sobre Actividades Económicas, na que como novidade mais importante establécese que os suxeitos pasivos de tal importe serán as persoas físicas ou xurídicas que teñan unha cifra de negocios anuais cun imposto neto superior a 1.000.000 de euros.

Así mesmo sobre as cotas municipais, provinciais ou anuais fixadas na tarifa do imposto, aplicarase un coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, conforme o previsto no artigo 87 da Lei de reforma.

Polo exposto procede a aprobar unha nova ordenanza fiscal que recolla todas as modificacións establecidas por Lei.

Non suscitándose debate a corporación co voto a favor dos 6 concelleiros do Partido Popular o que supón maioría absoluta legal, e ca abstención dos concelleiros do BNG e do concelleiro do PsdeG-PSOE, acorda:

1º) Aprobar inicialmente a ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre actividades económicas que se transcribe a continuación.

2º) Derrogar con efectos dende a entrada en vigor da nova ordenanza fiscal, a anterior ordenanza reguladora do imposto sobre actividades económicas.

3º) Que se expoña o expediente ó público durante o prazo de 30 días hábiles. No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobada a nova ordenanza fiscal, sen necesidade de novo acordo plenario, publicándose integramente o seu texto para súa entrada en vigor.

Ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre actividades económicas

Artigo 1º.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real, o feito imponible está constituído polo mero exercicio no territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non no local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que realicen no territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 3º.- Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarefas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 87 da Lei 51/2002, do 27 de decembro, da reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, tendo en conta o seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); coeficiente

Dende:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29
 - 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30
 - 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32
 - 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Mais de 100.000.000,00; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pa-

sivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinará o acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1º do artigo 83 da Lei 39/1988, na súa redacción dada polo artigo 23 da Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Artigo 4º.- Período impositivo e remuneración.

1.- O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, que abarcará dende a data de comezo da actividade ata o remate do ano natural.

2.- O imposto cobrarase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irredutibles, salvo cando, nos caos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, neste caso as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para rematar o ano, incluído o de comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán rateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

3.- Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o cobro prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presentar as correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

Artigo 5º.- Xestión do imposto.

1.- O imposto xestionase a partires da matrícula do mesmo. Dita matrícula formarase anualmente para cada termo municipal e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, no seu caso, do recargo provincial.

Artigo 6º.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.

En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladoras das Facendas Locais, e na súa redacción dada por Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Concello Pleno, en sesión de data 20 de febreiro de 2003, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse con efectos a partires do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

E para que conste expido a presente co visto e prace do sr. alcalde en Bande a trinta e un de marzo de dous mil tres.

Vº e prace, O alcalde, o secretario.

R. 1.416

* * *

MUÍÑOS

Ó non presentaren reclamacións contra o acordo provisorio do Pleno do Concello do 12 de febreiro de 2003 relativo á modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles (urbana, rústica e características especiais) e da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas, ó abeiro da Lei reguladora das facendas locais, apróbase a súa ordenanza fiscal reguladora, e de conformidade co artigo 17.3 enténdese o acordo adoptado definitivamente, sendo dito acordo na súa parte dispositiva e o texto íntegro das mesmas os que figuran deseguido, significando que contra as ordenanzas fiscais aprobadas definitivamente, cabe interpo-lo recurso contencioso-administrativo perante o xulgado competente do contencioso-administrativo, no prazo establecido, a partir da súa publicación.

Ordenanza fiscal, reguladora do imposto sobre bens inmobles

A tenor da facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ó establecido nos artigos 5 e seguintes, así como do Título II, e art. 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002 de 27 de decembro de modificación de dita norma, e Lei 48/2002 reguladora do Catastro Inmobiliario, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles.

Artigo 1º.- Feito imponible.-

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que están afectos.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufructo.
- Do dereito de propiedade.

A Realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida

no mesmo, determinará a suxección do inmovible ó resto de modalidades previstas no mesmo.

2. Ten a consideración de bens inmobles de natureza urbana, rústica e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do

inmovible. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.-

1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades a que se refire o art. 33 da lei 230/1963 de 28 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen perxuício da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de mais dun concesionario sobre un mesmo inmovible de características especiais, será o substituto do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen perxuício de poder repercutir este sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós cánones que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º.- Responsables.-

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias todas as persos que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades Xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitíranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas

solidariamente e hasta o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixírase en todo caso, non termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º.- Exencións.-

1. Exencións directas de aplicación de oficio: as comprendidas no art. 63, apartado I, c) da Lei 39/1988 na súa redac-

ción dada pola Lei 5/2002 de 27 de decembro.

2. Exencións directas de carácter rogado: as comprendidas no artigo 63.2, letras a), b) e c) da Lei 39/1988 na súa redacción dada pola Lei 51/2002 de 27 de decembro.

3. Exencións potestativas:

a) Os bens inmobles de natureza urbana, que a súa cota líquida sexa inferior a 6 Euros.

b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos, posuídos no termo municipal sexa inferior a 6 Euros.

4. Con carácter xeral, a concesión de exencións surtirá efecto a partir do exercicio seguinte a data de solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu disfrute.

Artigo 5º.- Base imponible.-

1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán se obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e da maneira que a Lei prevea.

Artigo 6.- Reducións.-

1.- A redución da base imponible será aplicable ós bens inmobles, urbanos e rústicos, que se atopan en algunha destas situacións:

a) Inmobles que o seu valor catastral se incremente como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación da nova Ponencia total de valoración aprobada con posterioridade o 1-1-1997 ou por aplicación de sucesivas ponencias totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no art. 69.1 da Lei 39/1988.

b) Cando se aprobe unha ponencia de valores que dera lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e que o seu valor catastral se altere antes de finalizar o prazo de redución por:

1.- Procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.

2.- Procedemento de valor colectivo de carácter parcial.

3.- Procedemento simplificado de valoración colectiva.

4.- Procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, so-

licitudes e subsanación de discrepancia e inspección catastral.

2.- A redución será aplicada de oficio coas normas contidas no art. 69,70 e 71 da Lei 39/1988, na modificación establecida pola Lei 51/2002.

Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7º.- Base liquidables.-

1.-A base liquidables será o resultado de practicar, no seu caso, na imposable as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá ca base imposable, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente ca base imposable nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base do inmovible así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.

4. O valor base será a base liquidable conforme ás normas da Lei 39/1988 e Lei 48/2002 de 23 de decembro do Catastro Inmobiliario.

5.-A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e o réxime de recursos contra os actos administrativos, o establecido en dita Lei, así como na Lei 39/1988.

Artigo 8º.- Tipo de gravame e cota .-

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,5 % .

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,3 % .

c) Para tódolos grupos de bens inmobles de características especiais o 1,3 % .

Artigo 9º.- Bonificacións especiais.-

1.-No suposto de novas construcións, pódese conceder unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras ás empresas urbanizadoras, constructoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a ésta, de conformidade co artigo 74 de Lei 39/1988 de 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización ou de construción e un ano mais a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción que se trate, a cal farase mediante certificación do Técnico-Director competente das mesmas, visado polo Colexio Oficial .

b) Acreditación que a empresa dedícase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, a cal farase mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, a cal farase mediante certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T. a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde que se poida acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50% durante o prazo de tres anos, contados dende o outorgamento da calificación definitiva e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

3. Gozarán dunha bonificación do 95% da cota os bens de natureza rústica das Cooperativas Agrícolas e de Explotación Comunitaria da terra, de acordo co art. 134 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Cooperativas.

Artigo 10º.- Período impositivo e acreditación do imposto.-

1. O período impositivo é o ano natural.

2. O Imposto devenga o primeiro día do período impositivo.

3. As variacións de orden físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, ten efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

4. Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación do valor catastral, respecto o que figura no seu padrón, liquidará o IBI na data no que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

5. A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente ós exercicios meritados e non prescritos, entendéndose por este os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van

remata-las obras que orixinaron a modificación do valor e o presente exercicio.

6. No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e ós anteriores a cota satisfeita por IBI a

razón doutra configuración do inmovible, diferente da que tivo na realidade.

Artigo 11.- Réxime de declaración e ingreso.-

1. Ós efectos previstos no art.77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizalas declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de

titularidade no caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orde físico, económico ou xurídico nos bens inmobles que teñan transcendencia a efectos de este imposto.

2. Sendo competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse deben ser presentadas á administración municipal, ante a que se deberá indicar, así mesmo, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime .

3. Sen perxuicio da obriga dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais, o Concello sen menoscabo das facultades do resto de Administracións Públicas, comunicará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licenza ou autorización municipal.

4.-As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen perxuicio da facultade de delegación da facultade de xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición do recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante isto, en caso excepcional, a alcaldía pode acordala suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala

ou ben demostre fehacemente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme a Lei 48/2002 e 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixa-

dos polo Regulamento Xeral de Recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se satisfixera, iniciárase o período executivo, o que comporta a acreditación do recargo do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10% cando a débeda se ingrese antes que fora notificada ó debedor a providencia de costrenximento.

Artigo 12º.- Xestión por delegación.-

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración conveñida ou delegada.

Para o procedemento de xestión e recadación no establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13º.- Data de aprobación e vixencia.-

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 12 de febreiro de 2003 comezará a rexer o día 1º de xaneiro de 2003 e continuará vixente mentres non se acorde a modificación ou derogación.

Disposicion Adicional

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividades económicas.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, régúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1º.- Feito imponible.-

1.-O imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal directo de carácter real, o feito imponible do

cal está constituído polo mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non estean exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2.-Os efectos deste imposto, considéranse actividades empresariais as da gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración, as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

2º. Suxeitos pasivos.-

Son suxeitos pasivos ás persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire a artigo 33 da Lei Xeral Tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinen o feito imponible.

Artigo 3º.- Responsables.-

1.- Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 dar Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria

Artigo 4º. Exencións.-

1.- Están exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os Organismos Autónomos do Estado, e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade no territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas

- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 decembro, Xeral Tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os efectos da aplicación da exención prevista neste parágrafo teranse en conta as regras que se conteñen no artigo 83 da Lei 39/1988.

d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo do ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo.

f) As asociacións a fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos que realicen

g) As fundacións e asociacións para o exercicio daquelas actividades que constitúan o seu obxecto social ou finalidade específica, non supoñan competencia desleal e os seus destinatarios

sexan unha colectividade xenérica de persoas. A tal efecto estarase ó establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro de fundacións e na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins. lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

h) A cruz Vermella.

i) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenio internacionais.

2. As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e concederáanse, cando proceda, a instancia de parte.

3. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuír do tributo concorreran os requisitos legalmente esixidos para o goce da exención.

Artigo 5º. Cota tributaria.-

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, incluído o elemento superficie, coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realiza a actividade regulada nos artigo 6 da presente Ordenanza.

Artigo 6º. coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da. Lei 39/1988, do 28 de decembro, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase,

en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); Coeficiente

Desde:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29

- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,01 ata 1000.000,00; 1,33

Mais de 100.0000,01; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por él e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de Facendas Locais

Artigo 7º. Bonificacións.-

Sobre a cota do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) O abeiro do que prevé a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota as cooperativas, as súas unións, federacións e confederacións, así como as sociedades agrarias de transformación.

b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Artigo 8º. Período impositivo e percibo do imposto.-

1.-O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, no caso das cales, comprenderá desde a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2.-O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de inicio da ac-

tividade non coincida co ano natural, no caso das cales as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que queden para acabar o ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

3. Tamén, no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no

que se produza dito ces. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente os trimestres naturais nos que non se houbese exercido a actividade.

4.-Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgúns dos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da Sección I das Tarifas do IAE percibirán no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente en metros vendidos ou espectáculos cobrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración

complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

Artigo 9. Réxime de declaración e ingreso.-

1.-É competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que conduzan á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os anteditos actos, e actuacións para información e asistencia ó contribuínte, sen perxucio das facultades de delegación.

2. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar desde:

- A data da notificación expresa, no caso de liquidación de ingreso directo.

- A finalización do período de exposición ó público do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime, por tratarse de exercicios seguintes a aquel no que tivo lugar a alta.

3. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que, dentro do prazo previsto para interpoñelos, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

Non obstante, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presen-

tala ou demostre de xeito inequívoco que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4. As liquidacións de ingreso directo han de satisfacerse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se realice o ingreso se iniciará a vía de apremio e se aplicará o recargo establecido na Lei Xeral Tributaria.

As cantidades adebedadas reportan intereses de demora desde o día seguinte ó vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese se aplicará sobre a débeda tributaria, excluído o recargo de prema.

O tipo de interese é o vixente o longo do período en que se perciba, fixado de acordo co disposto no artigo 58.2.c) da Lei Xeral Tributaria e disposicións legais que resulten de aplicación.

5. Cando o concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censtral, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto se esixirá en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados o efecto pola entidade local.

Artigo 10º. Comprobación e investigación.-

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o Concello ou Ente en que este delegase as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e a investigación, a práctica das liquidacións tributarias que, si cabe, sexan procedentes e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo elo referido, exclusivamente, os supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 11º. Data de aprobación e vixencia.-

Esta ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na Sesión que tivo lugar o 12 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de

2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

R. 1.391

Ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servizos.

Capítulo 1.- Disposicións xerais.

Artigo 1º.- Obxecto.

1.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da concesión e renovación das licencias administrativas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a regulación do rexistro municipal de animais potencialmente perigosos e a determinación das taxas pola prestación destes servizos.

2.- Asemade, créase a Sección Local do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos (REGIAC), que conterà a información referente ós animais de compañía residentes no concello, que se remita desde o REGIAC.

3.- Quedan excluídos da aplicación da presente ordenanza os cans e animais pertencentes ás forzas armadas, forzas e corpos de seguridade do Estado, corpos da policía das comunidades autónomas, policía local e empresas de seguridade con autorización oficial.

Artigo 2º.- Definición de animal potencialmente perigoso.

1.- Considéranse animais potencialmente perigosos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, todos aqueles que pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cousas.

2.- No caso concreto dos cans, entenderase por potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

a) Cans que tiveran algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas.

b) Cans que foran adestrados para a garda e defensa.

c) Cans que polas súas características raciais puidesen ser aptos para o adestramento para garda e defensa e, en concreto, os pertencentes ás razas seguintes: American Staffordshire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Doberman, Dogo Arxentino, Dogo de Bordeos, Dogo do Tíbet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (Ca de Bou), Rottweiler, Staffordshire Bull

Terrier, Tosa Inu e Akita Inu. Tamén serán considerados neste apartado os cruces en primeira xeración destes, cruces destas razas entre si ou cruces destes con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar a algunha das razas anteriormente descritas.

d) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. A dita agresividade será apreciada pola autoridade competente da Consellería de Medio Ambiente, de oficio ou logo de notificación ou denuncia, e logo de informe dun adestrador ou veterinario designado para o efecto.

Capítulo II.- Da licenza municipal.

Artigo 3º.- Licenza municipal.

1.- A tenza de animais potencialmente perigosos requirirá a obtención, con carácter previo á adquisición do animal, da correspondente licenza municipal, que se expedirá no concello de residencia habitual do propietario.

2.- Nos supostos previstos no apartado 2.a) do artigo 2º, o titular do can disporá do prazo dun mes para solicita-la licenza administrativa, contado desde a resolución dictada para tales efectos.

3.- Nos supostos previstos no apartado 2.d) do artigo 2º, o concello comunicará os feitos á autoridade competente da Consellería de Medio Ambiente, xuntando os informes esixidos no dito apartado, debidamente motivados. No caso de que se dictara resolución na que se aprecie a agresividade, o titular disporá do prazo dun mes, contado desde a súa notificación, para solicita-la licenza administrativa.

Artigo 4º.- Órgano competente para a concesión da licenza.

Tramitado o expediente conforme ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, concederáse a licenza e o número correspondente desta, mediante resolución do órgano que teña atribuída a competencia.

Artigo 5º.- Requisitos e documentación para obter a licenza municipal.

1.- Para obter a licenza municipal será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) - Ser maior de idade.

- Acreditarase mediante fotocopia do DNI ou do pasaporte.

b) - Non ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar

privado por resolución xudicial do dereito á tenza de animais potencialmente perigosos.

- Acreditarase mediante certificado de antecedentes penais.

c) Non ter sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das previstas no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou, de selo caso, renovación da licenza, ter sido sancionado coa suspensión temporal desta, sempre que, no momento da sofocidade, a sanción de suspensión anteriormente imposta fora cumprida íntegramente.

- Acreditarase mediante certificado negativo expedido pola Consellería de Medio Ambiente.

d) - Dispoñer de certificado de capacidade física e aptitude psicolóxica para a tenza de animais potencialmente perigosos, expedido polo director dun centro médico-psicotécnico debidamente autorizado, conforme se recolle nos artigos 4º, 5º e 6º do RD 287/2002, do 22 de marzo,

e) - Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poida causar o animal, cunha cobertura mínima de 125.000 euros. Este seguro deberá renovarse anualmente.

- Acreditarase mediante presentación de copia da póliza de seguro claramente detallada ou certificado da compañía aseguradora.

Artigo 6º.- Vixencia e renovación das licencias.

1.- As licencias terán unha vixencia de cinco anos. Transcorrido este período deberán ser obxecto de renovación, por período de igual duración, mediante a presentación da mesma documentación esixida para a súa obtención e sinalada no artigo anterior.

2.- A licenza perderá a súa vixencia no momento no que o seu titular deixe de cumprir calquera dos requisitos establecidos no artigo anterior.

Artigo 7º.- Acreditación da licenza.

A tenencia da licenza municipal acreditarase mediante a entrega dunha copia da resolución do expediente administrativo iniciado a solicitude do interesado, e mediante a entrega dunha tarxeta acreditativa expedida polo concello, onde se fagan consta-los seguintes datos:

- Número de licenza municipal.

- Data de resolución do expediente de solicitude da licenza.

- Data de caducidade da vixencia da licenza.

- Nome e apelidos do titular.
- DNI do titular.
- Enderezo do titular.
- Fotografía actualizada do titular.
- Selo do concello.

Artigo 8º.- Revisión e revogación da licenza.

1.- Calquera variación dos datos que figuran na licenza deberalle ser comunicada polo seu titular, no prazo de 15 días contados desde a data en que se produza, ó órgano competente do concello ó que He corresponda a súa expedición, para que se proceda a realiza-la revisión correspondente.

2.- A perda polo titular de calquera dos requisitos esixidos no artigo 5º, dará lugar á revogación da licenza municipal outorgada, trala tramitación de expediente contradictorio.

A revogación da licenza dará lugar á perda do dereito á tenza do animal. O propietario procederá, no prazo máximo de quince días, á entrega do animal a un novo propietario que posúa licenza en vigor. De non atoparse un novo propietario no prazo referido, entregarase o animal no centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados dependente do concello, respectando en todo momento o disposto na Lei 1/1993, do 13 de abril, e nos artigos 53 ó 60 do Decreto 153/1998, do 2 de abril, que a desenvolve.

Capítulo III.- Do rexistro municipal.

Artigo 9º.- Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

1.- Créase o Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, no que se inscribirán os animais potencialmente perigosos que teñan a súa residencia habitual no concello.

2.- O rexistro terá un tratamento informatizado, no que se farán constar, de conformidade co disposto no artigo 4.2 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, como mínimo, os seguintes datos:

Datos do animal:

- Número de microchip.
- Nome do animal.
- Especie.
- Raza (no caso de cans).
- Sexo.
- Características externas (descrición da capa, tipo e cor da pel, etc.).
- Data de nacemento.
- Aptitude (función do animal): compañía, garda, defensa, caza, etc.
- Causa de inclusión no rexistro (sinallar supostos do artigo 2.2 do Decreto 90/2002).
- Enderezo habitual do animal.
- Data de adquisición do animal.
- Forma de adquisición do animal (cría, doazón, traspaso, venda, outras: especificar).

- Observacións.

Datos do propietario ou posuidor:

- DNI.
- Apelidos.
- Nome.
- Enderezo habitual.
- Teléfonos de contacto.
- Licenza administrativa: número de licenza, data de expedición e concello de expedición.

3.- A identificación definitiva con microchip dos animais potencialmente perigosos é obrigatoria sen excepcións. A identificación definitiva con microchip de tódolos cans, independentemente da súa raza ou condición, será obrigatoria a partir do 2 de xullo de 2003, tal e como se recolle na disposición transitoria segunda do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.

4.- O Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos é un rexistro de carácter público, ó que terán acceso as administracións públicas e autoridades competentes, así como aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecemento dos datos obrantes nel. En todo caso, o uso e tratamento dos datos contidos no Rexistro será conforme co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos persoais.

Artigo 10.- Inscrición no rexistro.

1.- Os titulares da licenza administrativa están obrigados a efectuar-la inscrición do animal no Rexistro Municipal do concello de residencia habitual do animal, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza, tal e como se recolle no artigo 6.2º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, e no artigo 4.1º do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.

2.- Tamén será obrigatoria, a instancia do propietario, a inscrición do animal no Rexistro Municipal do concello correspondente cando se efectúe o seu traslado dun concello a outro por período superior a tres meses.

3.- Conforme se dispón no artigo 4.3º do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, os datos recollidos no rexistro municipal serán remitidos á Consellería de Medio Ambiente no prazo máximo de 15 días, contados desde o momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso.

Artigo 11º.- Acreditación da inscrición no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

A inscrición no rexistro acreditarase mediante entrega dunha copia da resolución do expediente administrativo iniciado a solicitude do interesado, e mediante entrega dunha tarxeta acreditativa, tamaño carné, expedida polo conce-

llo, onde se fagan consta-los seguintes datos:

- Número do microchip e data de alta do animal no rexistro municipal.
- Nome, especie, raza, sexo, capa e data de nacemento do animal.
- Enderezo do animal.
- Nome, apelidos do propietario.
- Licenza do propietario (número, data de expedición, concello).
- DNI do propietario.

Artigo 12.- Baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

1.- A baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos efectuarase a instancia do interesado, trala acreditación da morte do animal (esta última certificada por veterinario ou autoridade competente).

2.- Igualmente, procederase á baixa no rexistro no caso de traslado de residencia habitual do animal a municipio distinto, que así quede acreditado a instancia do interesado. Neste caso o propietario deberá dar de alta ó animal no novo concello de residencia.

3.- A perda ou sustracción do animal, por un prazo superior a tres meses, considerase baixa definitiva do animal no rexistro.

4.- Farase constar no rexistro como de titularidade municipal aqueles animais depositados no centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados dependente do concello, como consecuencia da recollida destes da vía pública, que carezan de dono ou que sendo este identificado non o reclamase no prazo de 10 días do aviso efectuado, consonte co previsto no artigo 53 do Decreto 153/1998, do 2 de abril. Así mesmo, constarán como de titularidade municipal os que foran obxecto de comiso definitivo ó propietario.

Artigo 13º.- Comunicacions do propietario do animal ó Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

1.- O propietario do animal deberá comunicarlle o rexistro calquera variación dos datos que figuran nel, no prazo de 15 días desde que se producise a modificación.

2.- Deberá comunicarse ó rexistro municipal a venda, traspaso ou doazón do animal.

3.- Calquera incidentes producidos por animais potencialmente perigosos ó longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais, faranse constar na folla rexistral de cada animal, tal e como se recolle no artigo 6.4º da Lei 50/1999, do 23 de decembro. No caso de agresións recollerase, como mínimo, a seguinte información:

data da denuncia, descrición dos feitos e consecuencias xurídicas.

4.- A sustracción ou perda do animal deberá serlle comunicada polo titular do animal ó rexistro municipal, no prazo máximo de 48 horas desde que se teña coñecemento destes feitos, tale como se recolle no artigo 8.6º do RD 287/2002, do 22 de marzo.

5.- Os propietarios de animais potencialmente perigosos deberán comunicarlle ó rexistro a castración ou esterilización do animal, se esta se producise, remitindo copia da certificación veterinaria correspondente que acredite este feito.

Capítulo IV

Artigo 14º.- Sección Local do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos (REGIAC).

1.- Ó amparo dos principios de lealdade institucional, cooperación e colaboración previstos no artigo 4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, créase a Sección Local do Rexistro de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos, que se nutrirá cos datos remitidos polo REGIAC, dependente da Consellería de Medio Ambiente.

2.- Cos datos contidos nesta sección formarase, a data 31-12 de cada ano, o censo ó que se refire o artigo 27º do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

Capítulo V

Artigo 15º.- Circulación e permanencia dun can potencialmente perigoso en vías públicas e locais.

1.- Os propietarios, criadores ou posuidores deberán manter os animais que estean baixo a súa custodia en axeitadas condicións hixiénico-sanitarias e cos cuidados e atencións necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal, en cumprimento da Lei 1/1993, do 13 de abril e do Decreto 153/1998, do 2 de abril, en concreto nos seus capítulos IV VII e X.

2.- A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espazos públicos esixirá que a persoa que os conduza e controle leve consigo a licenza municipal e a certificación acreditativa da inscrición do animal no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

3.- Os cans potencialmente perigosos, en lugares e espazos públicos, deberán levar obrigatoriamente buxeiro apropiado para a tipoloxía racial de cada animal.

4.- Os cans potencialmente perigosos deberán ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de

menso de 2 metros, son que poida levarse roáis dun destes cans por persoa.

Capítulo VI

Artigo 16º.- Cans potencialmente perigosos abandonados ou vagabundos.

1.- A administración local é responsable da recollida e mantemento dos animais vagabundos ou abandonados, segundo se recolle no artigo 11.1º da Lei 1/1993, do 13 de abril, e no artigo 54º do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

2.- Os animais recollidos serán trasladados e tñantidos en centros de recollida de animais vagabundos oa abandonados autorizados e rexistrados. As instalacións destinadas a albergaren cans potencialmente perigosos deberán reunilas medidas de seguridade necesarias para evita-las fuxidas son produciren danos ós animais.

3.- Os prazos de estadía previstos serán os que se dan para tódolos individuos da especie canina e que veñen reflectidos nos artigos 53, 57 e 58 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

4.- Estes animais poderán ser cedidos en adopción sempre e cando o novo propietario posúa a licenza administrativa correspondente, e o can supere as probas de socialización que demostren que o animal no é perigoso para a seguridade das persoas.

Capítulo VII.- Infraccións e sancións.

Artigo 17º.- Infraccións.

1.- En materia de infraccións e sancións rexerá o disposto na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos e na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeidade.

2.- As infraccións que se cometan contra o disposto nesta ordenanza clasifícanse como moi graves, graves e leves.

3.- Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves as previstas no artigo 13.1º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 22º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

4.- Terán a consideración de infraccións administrativas graves as previstas no artigo 13.2º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 21º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

5.- Son infraccións administrativas leves as previstas no artigo 13.4º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 20º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

Artigo 18º.- Sancións.

1.- As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas con multas con contías que serán as fixadas no artigo 13.5º da Lei 50/1999, do 23 de de-

cembro e no artigo 24º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

2.- En todo caso, as infraccións graves e moi graves, tipificadas no artigo anterior desta ordenanza poderán levar aparelladas como sancións accesorias a confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenza de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación do adestrador.

Artigo 19º.- Responsable.

Considéranse responsables das infraccións os que por acción ou omisión participaran para cometelas, o propietario ou posuidor dos animais ou, se é o caso, o titular do establecemento, local ou medio de transporte no que se produzan os feitos, e neste último suposto, asemade, o encargado do transporte.

Artigo 20º.- Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador aplicable rexerá polo establecido na Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como a Lei 30/1992, do 26 de novembro, e as normas que as desenvolven.

Artigo 21º.- Exercicio da potestade sancionadora.

1.- Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos artigos 24.2º da Lei 1/1993, do 13 de abril, serán:

a) Por infraccións leves, o alcalde.

b) Por infraccións graves, o director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.

c) Por infraccións moi graves, o conselleiro de Medio Ambiente.

2.- A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións tipificadas como leves correspóndelle ó concello. Non obstante, o alcalde poñerá en coñecemento, de xeito que faga fe, do director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, toda acción ou omisión que poida ser tipificable como infracción grave ou moi grave.

3.- Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, o Alcalde poderá proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigosó, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación dun expediente sancionador.

Capítulo VIII.- Da taxa por expedición de licenza, renovación, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelacións.

Artigo 22º.- Obxecto.

De conformidade co disposto nos artigos 15º ó 19º, en relación co artigo 20º da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establéc-

se a taxa pola prestación de servizos especiais de expedición de licenzas, as súas renovacións, inscricións rexistradas e as súas modificacións e cancelacións.

Artigo 23º.- Feito imponible.

O feito imponible da taxa é a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta ordenanza para a concesión da licenzas indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que desta deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas tarifas desta ordenanza.

Artigo 24º.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición no rexistro municipal e os propietarios que soliciten a expedición da licenzas ou que renoven esta.

Artigo 25º.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1º e 39º da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40º da Lei xeral tributaria.

Artigo 26º.- Aplicación da taxa.

1.- A aplicación da taxa producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible.

2.- A non concesión da licenzas, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.

Artigo 27º.- Tarifas.

1.- Licenzas de cans potencialmente perigosos, 30 euros.

2.- Ficha identificativa individual, 6 euros.

3.- Renovación de licenzas, 15 euros.

4.- Inscrición no rexistro de Animais Potencialmente Perigosos, 6 euros.

5.- Inscrición no censo de animais de compañía, 4 euros.

6.- Modificacións rexistradas, 3 euros.

7.- Cancelación rexistral, 3 euros.

8.- Os actos ós que se refiren os epígrafes 1, 3, 4 e 7, cando os soliciten os suxeitos pasivos a que se refire o número 2 do artigo 22, terán unha recarga do 50%.

Artigo 28º.- Ingreso da taxa.

O ingreso da taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ó acto que o motiva.

Artigo 29º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas lles corresponden en cada caso, ateranse ó disposto nos artigos 77º e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición adicional única.

Quedan excluídos da obriga de obtención da licenzas municipal aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa de organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha finalidade social.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor coa súa publicación íntegra no diario oficial correspondente e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, continuando en vigor ata a súa derogación expresa polo concello.

R. 1.392

O Pleno do Concello na Sesión Extraordinaria que tivo lugar o día 12 de febreiro de 2003, tomou razón de que rematado o proceso selectivo para prover en propiedade unha praza de Asistente Social/Traballadora Social polo sistema de concurso-oposición do cadro de persoal laboral fixo en cumprimento da oferta de emprego público aprobada polo Pleno do concello na sesión do 20 de outubro de 2000 e de acordo coa proposta do tribunal cualificador, acta do 29 de xaneiro de 2003, polo Sr. alcalde en Decreto do 3 de febreiro, procedeuse ó nomeamento de dona María del Carmen Domínguez Pérez con DNI 76.712.534-J como Asistente Social/Traballadora Social do cadro de persoal laboral fixo do Concello de Muíños, dotándose a praza polo importe de 21.127,82 euros conforme o orzamento municipal e tomando posesión do posto de traballo, mediante acta de 21 de febreiro de 2003 ó abeiro das Bases para a provisión da praza publicada no BOP n.º 113 do 20 de maio de 2002 e DOG n.º 152 do 8 de agosto de 2002, e as súas correspondentes correccións de erros que figuran no expediente.

Muíños, 24 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.393

PADRENDA

EDICTO

O Concello Pleno, na sesión extraordinaria e urxente de data 19-02-2003,

outorgou aprobación ó expediente para a modificación da ordenanza fiscal n.º 4 reguladora do imposto sobre actividades económicas, o cal estivo exposto sen que se interpuxera reclamación ou queixa ningunha contra o expediente. Es por iso que, en virtude dos acordos adoptados no seu día e do previsto na lexislación vixente, se procede agora a publicalo texto íntegro da ordenanza fiscal n.º 4 reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

De conformidade co disposto polos artigos 15, 60, 79 e seguintes da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais e co disposto nos artigos 23 ó 29, disposicións adicionais 2ª, 3ª, 4ª e 8ª e disposicións transitorias 7ª e 12ª da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei de facendas locais, o Concello de Padrenda elaborou a presente ordenanza fiscal do imposto sobre actividades económicas co seguinte contido:

Artigo 1º.- Natureza e feito imponible. O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real do que o seu feito imponible está constituído polo mero exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérzanse ou non en local determinado e atópense ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos. Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 3º.- Cota tributaria. A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarifas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 87 da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, tendo en conta o seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); coeficiente.

Desde:

- 1.000.000,01 ata 5.000.000,00; 1,29.
- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30.

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32.

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33.

Máis de 100.000.000,00; 1,35.

Sen cifra neta de negocio; 1,31.

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1º do artigo 83 da Lei 39/1988, na súa redacción dada polo artigo 23 da Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Artigo 4º.- Período impositivo e obriga de contribuír.

1.- O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, en tal caso abarcará desde a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2.- O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, en tal suposto as cotas se calcularán proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finalizarlo ano, incluído o de comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. Para tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que se exerces a actividade.

3.- Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, a aplicación se produce pola realización de cada unha delas, debéndose presentalas correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

Artigo 5º.- Xestión do imposto. O imposto xestionarase a partir da matrícula deste. A dita matrícula formarase anualmente para cada termo municipal e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, de se-lo caso, da recarga provincial.

Artigo 6º.- Cuestións non previstas nesta ordenanza. En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Disposición derogatoria.

A publicación íntegra da presente modificación desta ordenanza fiscal suporá a derogación automática e íntegra da ordenanza fiscal n.º 4 reguladora do imposto sobre actividades económicas, aprobada polo Concello Pleno desta cor-

poración, na sesión de data 27 de novembro de 1996, e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense n.º 28, do 4 de febreiro de 1997.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Concello Pleno, na sesión de data 19 de febreiro de 2003, entrará en vigor o día da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e comezará a aplicarse con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Padrenda, 26 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.434

* * *

EDICTO

O Concello Pleno, na sesión extraordinaria e urxente de data 19-02-2003, outorgou aprobación ó expediente para a modificación da ordenanza fiscal n.º 6 reguladora do imposto sobre bens inmo- bles, o cal estivo exposto sen que se interpuxera reclamación ou queixa nin- gunha contra o expediente. Es por iso que, en virtude dos acordos adoptados no seu día e do previsto na lexislación vixente, se procede agora a publica- lo texto íntegro da ordenanza fiscal n.º 6 reguladora do imposto sobre bens inmo- bles.

Ordenanza fiscal reguladora do im- posto sobre bens inmo- bles urbanos, rústicos e de características espe- ciais.

De conformidade co disposto polos artigos 15, 60, 61 e seguintes da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decem- bro, de reforma da de facendas locais, o Concello de Padrenda elaborou a pre- sente ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmo- bles co seguinte contido:

Artigo 1º.- Natureza e feito im- poñible. O imposto sobre bens inmo- bles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmo- bles nos termos establecidos na Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, e a Lei 48/2002, do 23 de decem- bro, de catastro inmobiliario.

Constitúe o feito im- poñible do im- posto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmo- bles rústicos e urba- nos e sobre os inmo- bles de caracte- rísticas especiais.

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmo- bles ou sobre os

servicios públicos a que se atopen afec- tos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufructo.

d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito im- poñible que correspon- da de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel estable- cido, determinará a non suxeición do in- mo- ble ás restantes modalidades nel pre- vistas.

Para os efectos deste imposto terán a consideración de bens inmo- bles rústi- cos, de bens inmo- bles urbanos e de bens inmo- bles de características especiais os definidos como tales nas normas regula- doras do catastro inmobiliario, en parti- cular, o disposto no artigo 2º da Lei 48/2002, do 23 de decembro.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos. Son su- xeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as enti- dades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tri- butaria, que teñan a titularidade do de- reito que, en cada caso, sexa constituti- vo do feito im- poñible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmo- ble de características especiais, será substituto do contribuínte o que deba sa- tisface-lo maior canon.

Artigo 3º.- Base im- poñible. A base im- poñible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmo- bles.

Artigo 4º.- Base liquidable. A base li- quidable deste imposto será o resultado de practicar na base im- poñible as reduc- cións legais que no seu caso sexan de aplicación.

Artigo 5º.- Exencións. Á vista da fa- cultade outorgada polo apartado 4º do artigo 7º da Lei 51/2002, do 27 de de- cembro, polo que se modifica o artigo 63 da Lei 39/1988, reguladora das fa- cendas locais, decláranse exentos os re- cibos correspondentes a inmo- bles rústi- cos e urbanos e de bens inmo- bles de ca- racterísticas especiais dos que a súa cota líquida non supere a cantidade de 3,00 euros.

Artigo 6º.- Cota tributaria. A cota ín- tegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable os seguintes tipos de gravame:

a) Para os bens inmo- bles de natureza urbana o 0,5 por 100.

b) Para os bens inmo- bles de natureza rústica o 0,3 por 100.

c) Para os bens inmo- bles de caracte- rísticas especiais o 0,6 por 100.

Artigo 7º.- Período impositivo e obri- ga de contribuír.

1.- O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo.

2.- O período impositivo coincide co ano natural.

3.- Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ante o catastro inmobiliario terán efectividade na aplicación deste imposto inmediatamente posterior ó momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmoables de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

Artigo 8º.- Xestión do imposto.

1.- A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria deste imposto, será competencia exclusiva dos concellos, salvo delegación en forma no organismo competente e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os ditos actos e actuacións para a existencia e información ó contribuínte.

2.- A xestión catastral é competencia exclusiva da administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais.

3.- De conformidade coa prerrogativa outorgada polo apartado 2º do artigo 78 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto sobre bens inmoables de natureza rústica, agrúpanse nun único documento de cobro, sempre que iso sexa posible, cando se refiran a bens que radiquen nun mesmo municipio.

Artigo 9º.- Cuestións non previstas nesta ordenanza. En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, reguladora das facendas locais, e o disposto na Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Disposición derogatoria.

A publicación íntegra da presente modificación desta ordenanza fiscal suporá a derogación automática e íntegra da ordenanza fiscal n.º 6 reguladora do imposto sobre bens inmoables aprobada polo Concello Pleno desta corporación, na sesión de data 24 de setembro de 1997 e publicada no BOP de Ourense n.º 280, do 5 de decembro de 1997.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, que aprobou o Concello Pleno, na sesión de data 19 de febreiro de 2003, entrará en vigor o día da súa completa publicación no BOP de Ourense, e comezará a aplicarse con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Padrenda, 26 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.433

CENLLE

EDICTO

Ordenanzas fiscais.- Elevación a definitiva do acordo provisional e publicación do texto.

O Pleno do Concello na sesión de data do trece de febreiro de dous mil tres aprobou provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais que abaixo se sinalan e rematado o prazo de exposición ó público sen que se presentasen reclamacións, elévase a definitivo o acordo citado, tal como preceptúa o artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e publícase o texto íntegro das Ordenanzas modificadas.

- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmoables.

- Modificación do artigo 4 da Ordenanza fiscal da taxa por licenza de apertura de establecementos.

Cenlle, 27 de marzo de 2003.- O alcalde.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do concello de Cenlle.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II, e artigos 93 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modifica-

ción de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Artigo 1.º Natureza e feito imponible.

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2. Considerase vehículo apto para a circulación o que houbera sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causase baixas neles. Os efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

Artigo 2.º Suxeitos Pasivos.

Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, a nome dos cales conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 3.º Exencións.

1. Estarán exentos deste imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e entidades locais adscritas á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e coa condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sé ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto os vehículos conducidos por persoas con discapacidade como os destinados o seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultan aplicables os suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por mais de un vehículo simultaneamente.

Os efectos do disposto nesta letra, consideraranse persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grado igual ou superior a 33 por 100.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder aplicar as exencións a que se refiren as letras e) e g) deste artigo, deberán acompañar a solicitude cos seguintes documentos:

A. No suposto de vehículos para persoas de mobilidade reducida:

- Fotocopia do Permiso de Circulación.

- Fotocopia do certificado de características.

- Fotocopia do Carné de Conducir (anverso e reverso)

- Fotocopia da declaración administrativa de invalidez ou diminución física expedida polo Organismo competente.

B. No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícolas:

- Fotocopia do Permiso de Circulación.

- Fotocopia do certificado de características.

- Fotocopia da Cartilla de Inspección Agrícola expedida a nome do titular do vehículo.

3. Con carácter xeral, o efecto da concesión de exencións empeza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. No obstante, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 4.º Tarifas.

1. As cotas do cadro de tarifas do imposto fixado no artigo 96.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro ou as que resulten pola modificación das mesmas na Lei de Orzamentos xerais do Estado, se incrementarán aplicando sobre as mesmas o seguinte coeficiente:

Clase de vehículo; coeficiente

A) Turismos.; 1,3

B) Autobuses.; 1,3

C) Camións.; 1,3

D) Tractores.; 1,3

E) Remolques e semirremolques.; 1,3

F) Outros vehículos.; 1,3

2. Este coeficiente aplicarase incluso no suposto que o mencionado cadro sexa modificado por Lei de Presupostos Xerais do Estado.

3. O concepto das diversas clases de vehículos e as regras para a aplicación das tarifas será o que se determine con carácter xeral pola Administración do Estado.

No seu defecto estarase ó disposto no Código da Circulación polo que respecta os diferentes tipos de vehículos.

Artigo 5.º Bonificacións.

1. Establecese una bonificación do 100 por 100 da cota do imposto a favor dos titulares dos vehículos de carácter histórico, ou que teñan unha antigüidade superior a vinte e cinco anos.

2. No suposto do apartado anterior, a data de solicitude da bonificación será a data na que se cumpra a condición constitutiva do presuposto material da bonificación e a bonificación será efectiva a partir do exercicio seguinte a aquel no que se conceda.

Artigo 6.º Período impositivo e percibo.

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo.

3. Nos casos de baixa definitiva, ou baixa temporal por substracción ou roubo do vehículo, ratearase a cota por trimestres naturais. Corresponderá ó suxeito pasivo pagar a parte de cota correspondente os trimestres do ano que restan por transcorrer incluído aquel en que se produza a baixa no Rexistro de Tráfico.

4. Si cando o Concello coñece a baixa aínda non se elaborou o instrumento cobrador correspondente, liquidarase a cota rateada que debe satisfacerse.

5. Cando a baixa teña lugar despois do ingreso da cota anual, o suxeito pasivo poderá solicitar o importe que, por aplicación do rateo previsto no punto 3, lle corresponda percibir.

Artigo 7. Réxime de declaración e liquidación.

1. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma deles, sempre que altere a súa clasificación a efectos de este imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ó cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de tódalas débedas por dito concepto percibidas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Exceptúase da

referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.

2. A xestión, liquidación, inspección, recadación e a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponde ó Concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

3. As modificacións do padrón fundamentaranse nos datos do Rexistro Público de Tráfico e na comunicación da Xefatura de Tráfico relativa a altas, baixas, transferencias e cambios de domicilio das que poida dispor o Concello.

Artigo 8.º Ingresos.

1. No caso de primeiras adquisicións dos vehículos, provisto da declaración-liquidación, o interesado poderá ingresar o importe da cota do imposto resultante da mesma na oficina municipal xestora, o nunha entidade bancaria colaboradora.

En todo caso, con carácter previo á matriculación do vehículo, a oficina xestora verificará que o pago se fixera na contía correcta e deixará constancia da verificación no impreso de declaración.

2. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro trimestre de cada ano e no período de cobro que fixe o Concello, anunciándose por medio de Edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Edictos do Concello, do modo que se crea máis adecuado. En ningún caso, o período de pago voluntario será inferior a dous meses.

3. No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das cotas correspondentes realizarase mediante o sistema de padrón anual.

4. O padrón ou matrícula do imposto se exporá ó público por un prazo de vinte días hábiles para que os interesados lexítimos poidan examinalo, e no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público se anunciará no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Disposición Adicional Primeira.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición Adicional Segunda.

En relación coa xestión, liquidación, inspección e recadación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, a competencia para evacuar consultas,

resolver reclamacións e impor sancións corresponderá á Entidade que exerza ditas funcións, cando houberen sido delegadas polo Concello, de acordo co establecido nos artigos 7, 12 e 13 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcurra o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases e réximen local e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa e aplicárase con efectos de 1 de xaneiro de 2003 de acordo co establecido na Disposición Transitoria 5ª. 1 da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas do concello de Cenlle (Ourense).

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, regúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal directo de carácter real, o feito imponible do cal está constituído polo mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non estean exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, se atopan ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2. Os efectos deste imposto, considéranse actividades empresariais as da gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración, as actividades agrícolas, as ganderías dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria sempre que realicen en territorio nacio-

nal calquera das actividades que orixinen o feito imponible.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adjudicará.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1. Están exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, así como os Organismos autónomos do Estado, e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividades no territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.
- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os efectos da aplicación da exención prevista neste parágrafo teranse en conta as regras que se conteñen no artigo 83 da Lei 39/1988.

d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro,

estiveran en réxime de concerto educativo.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos que realicen.

g) As fundacións e asociacións para o exercicio daquelas actividades que constitúan o seu obxecto social ou finalidade específica, non supoñan competencia desleal e os seus destinatarios sexan unha colectividade xenérica de persoas. A tal efecto estarase ó establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións e na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

h) A Cruz Vermella.

i) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2. As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

3. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuír do tributo concorreran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, incluído o elemento superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realiza a actividade regulados nos artigos 6 e 7 da presente Ordenanza.

Artigo 6º. Coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); Coeficiente

Desde:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29
- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30
- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00;
1,33

Máis de 100.000.000,01; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo co previsto na parágrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de facendas locais.

Artigo 7º. Bonificacións.

Non se establecen máis bonificacións que as que se declaren obrigatorias pola normativa vixente e na contía que na mesma se establezca.

Artigo 8º. Período impositivo e percibo do imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trata de declaracións de alta, no caso das cales, comprenderá desde a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de inicio da actividade non coincida co ano natural, no caso das cales as cotas calcularanse proporcionalmente o número de trimestres naturais que queden para acabar o ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

3. Tamén, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente os trimestres naturais nos que non se houberse exercido a actividade.

4. Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgúns dos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da Sección I das Tarifas do IAE, percibirán no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente os metros vendidos ou espectáculos cobrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

Artigo 9º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. É competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que conduzan á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os an-

teditos actos, e actuacións para información e asistencia o contribuínte, sen prexuízo das facultades de delegación.

2. Contra os actos de xestión tributaria competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar desde:

- A data da notificación expresa, no caso de liquidacións de ingreso directo.

- A finalización do período de exposición pública do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime, por tratarse de exercicios seguintes a aquel no que tivo lugar o alta.

3. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que, dentro do prazo previsto para interpoñelos, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

No obstante elo, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre de xeito inequívoco que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4. As liquidacións de ingreso directo han de satisfacerse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se realice o ingreso se iniciará a vía de prema e se aplicará o recargo establecido na Lei xeral tributaria.

As cantidades adebedadas reportan interese de demora desde o día seguinte o vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese se aplicará sobre a débeda tributaria, excluído o recargo de prema.

O tipo de interese e o vixente o longo do período en que se perciba, fixado de acordo co disposto no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria e disposicións legais que resulten de aplicación.

5. Cando o Concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censal, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto se esixirá en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados o efecto pola entidade local.

Artigo 10º. Comprobación e investigación.

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o Concello ou Ente en quen este delegase as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e a investigación, a práctica das liquidacións tributarias que, si cabe, sexan procedentes e a notificación da inclusión, exclusión ou alte-

ración dos datos contidos nos censos, todo elo referido, exclusivamente, os supostos de tributación por cota municipal.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcurra o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases e réximen local e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa e aplícase con efectos de 1 de xaneiro de 2003 de acordo co establecido na Disposición Transitoria 5ª. 1 da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II e artigos 102 a 104, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, régulase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible do Imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para as que se esixa a obtención da licenza de obras ou urbanística correspondente, obtivérase ou non esta licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

A) Obras de construción de edificacións e instalacións de calquera tipo de nova planta.

B) Obras de demolición.

C) Obras en edificios, tanto as que modifiquen a súa disposición interior

como as que modifiquen o seu aspecto exterior.

D) Aliñacións e rasantes.

E) Obras de fontanería e de rede de sumidoiros.

F) Movementos de terra tales como desmontes explanacións, escavacións, terrapléns, obras de peche de solares ou terreos, vallas e estadas.

G) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiriran licencia de obra ou urbanística.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realiza aquela.

Os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite a correspondente licencia ou quen realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

3. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante mais de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español, os efectos das súas relacións coa Facenda Pública.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades o entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiránse os socios ou partícipes no capital que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

5. As débedas por este Imposto serán esixibles as persoas físicas e xurídicas que sucedan o debedor no exercicio das explotacións e actividades económicas.

Artigo 4º. Exencións.

Están exentos do pago do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra das que sexan propietarios o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitos ó imposto, vaian a destinarse directamente a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e as súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obras de nova inversión como de conservación.

Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquelas.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

Artigo 6º. Tipo de gravame e cota.

1. O tipo de gravame será o 2,4 por 100.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

Artigo 7º. Bonificacións.

1. Concederase unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación prevista neste apartado aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refire o punto anterior.

2. Concederase unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras referentes as vendas de protección oficial.

A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren los puntos anteriores.

3. Concederase unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren as letras anteriores.

Artigo 8º. Percibo do imposto.

O percibo do Imposto nacera no momento de iniciarse a construción, a instalación ou a obra, aínda que non se obtivese a licencia correspondente.

Artigo 9º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. O solicitante dunha licencia para realizar as construcións, instalacións ou obras enumeradas no artigo 1º, punto 2, de esta Ordenanza deberá presentar no momento da solicitude o proxecto e o presuposto de execución estimado.

2. Cando se conceda a preceptiva licencia practicarase unha liquidación provisional e a base imponible determinarase en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que este estivese visado polo Colexio Oficial correspondente. Se non fora así, a base imponible a determinarán os técnicos municipais.

3. Á vista das construcións, as instalacións ou as obras realizadas e o seu custo real efectivo, o Concello, mediante a comprobación administrativa correspondente, poderá modificar, se procede, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicar a liquidación definitiva correspondente e esixirá do suxeito pasivo o ingreso da diferenza entre a liquidación provisional e a definitiva ou reintegraralle, se procede, a cantidade que corresponda.

4. O ingreso das liquidacións, provisional e definitiva, se efectuará nas entidades colaboradoras da recadación nos prazos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Artigo 10º. Comprobación e investigación.

1. A inspección e a comprobación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

2. En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que lles correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolven.

3. Os efectos previstos neste apartado considerarase de especial transcendencia para a xestión do imposto a presentación das declaracións esixidas pola

normativa vixente e recollidas nesta Ordenanza.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento de este Imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcurra o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases e réximen local e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa e aplicárase con efectos de 1 de xaneiro de 2003 de acordo co establecido na Disposición Transitoria 5ª. 1 da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do concello de Cenlle (Ourense).

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior polo orden establecido nel, determinará a non suxeición do inmueble ó resto das modalidades previstas nel.

3. Teñen a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de característi-

cas especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artículo 2º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmueble de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós cánones que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria o que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións nas obrigacións tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1. Son exencións directas de aplicación de oficio as comprendidas no artigo 63, apartado 1, da Lei 39/1988.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 63 apartado 2, letras a), b) e c) da Lei 39/1988.

3. Estarán asemade exentos:

a) Os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 4 euros.

b) Os bens inmobles de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no

termino municipal sexa inferior a 6 euros.

4.- Os bens de que sexan titulares os Centros Sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

4. Con carácter xeral, a concesión de exencións de carácter rogado terá efectos a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal se solicitase antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación o actualización nos casos e da maneira que a lexislación prevea.

Artigo 6º. Reducións.

1. A redución na base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urbanos e rústicos que se encontren en algunha destas dúas situacións:

a) Inmobles nos que o valor catastral se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral en virtude de:

1.º A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobada con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1997.

2.º A aplicación de sucesivos relatorios totais de valores que se aproben unha vez transcurrido o período de redución establecido no artigo 69.1 da Lei 39/1988.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que teña dado lugar á aplicación da redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1.º Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral.

2.º Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.

3.º Procedementos simplificados de valoración colectiva.

4.º Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes, rectificacións de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta redución aplicarase de oficio de acordo coas normas contidas nos artigos 69, 70 e 71 da Lei 39/1988.

3. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7º. Base liquidable.

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na imposable as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imposable, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imposable nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda o inmovible así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral deste imposto.

4. O valor base será a base liquidable conforme ás normas da Lei 39/1988 e da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario.

5. A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e o réxime de recursos contra os actos administrativos o establecido en dita Lei así como na Lei 39/1988.

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,6 por 100.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,8 por 100.

c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais: o 1,3 por 100.

Artigo 9º. Bonificacións.

1. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

Transcorridos os tres anos, contidos anteriormente, terán unha bonificación do 50 por 100 polo prazo de cinco anos.

2. Terán dereito a unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido no artigo 134 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, de Cooperativas.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cuota íntegra do Imposto sempre que así se solicite por los interesados antes do inicio das obras os inmobles que constituían o obxecto da activi-

dade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

Artigo 10º. Período impositivo e de percibo do Imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. O percibo do imposto nace o primeiro día do período impositivo.

As variacións de orden físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ó que figura no seu Padrón, liquidará o imposto na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

A liquidación do Imposto comprenderá a cota correspondente os exercicios mencionados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e os anteriores, a cota satisfeita por este imposto a razón doutra configuración do inmovible diferente da que ten na realidade.

Artigo 11º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. Os efectos previstos no artigo 77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orden físico, económico ou xurídico nos bens inmobles que teñan transcendencia a efectos deste Imposto.

2. É competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, e as solicitudes para acollerse a eles deberan ser presentados á administración municipal, ante a que se debe indicar, asemade, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obrigación dos suxeitos pasivos de presentar as declaracións, ó Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licencias ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen pre-

xuízo da facultade de delegación da xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostre claramente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme á Lei 48/2002 e a Lei 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iniciarase o período executivo, o que comporta o percibo do recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por 100 cando a débeda se ingrese antes de que sexa notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º. Xestión por delegación.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración coa que se subscribe o convenio ou coa Administración na que se delega.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta Ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcurra o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases e réximen local e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa e aplícase con efectos de 1 de xaneiro de 2003 de acordo co establecido na Disposición Transitoria 5ª. 1 da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Ordenanza fiscal da taxa por licenza de apertura de establecementos do concello de Cenlle (Ourense).

Artigo 4.- Modificado polo Acordo Plenario de data de trece de febreiro de dous mil tres.

“Base imponible.- A base imponible desta taxa estará constituída polo importe total do Imposto sobre Actividades Económicas, resultado de aplicar as cuotas da Instrucción e Tarefas vixentes incrementadas no recargo provincial. No caso que se atopen exentos do pago do Imposto de Actividades Económicas a taxa estará constituída polo que lle correspondería aboar de acordo co resultado de aplicar as cuotas de instrucción e tarefas vixentes incrementadas no recargo provincial”.

R. 1.435

* * *

CARTELLE**EDICTO**

En cumprimento do disposto polo artigo 17.2 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, expónse ó público o acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de febreiro de 2003 de imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo e voo sobre o dominio público local por parte de empresas operadoras do sector eléctrico, telecomunicacións e hidrocarburos, que se transcribe a continuación, e a ordenanza fiscal reguladora dela co expediente completo, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro do que os interesados poderán examinar o expediente, que está de manifesto na Secretaría deste concello, e presentar as reclamacións que estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas á Sra. alcaldesa-presidenta desta corporación.

Expediente de imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo e voo sobre o dominio público local por parte de empresas operadoras do sector eléctrico, telecomunicacións e hidrocarburos.

Tendo en conta a entrada en vigor da nova Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, e a súa incidencia nas taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, coa modificación substancial que esta norma comporta respecto delas; recoñecida a potestade regulamentaria do Concello, o abeiro do disposto no art. 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e demais lexislación de aplicación, e a competencia municipal na materia, derivada dos principios de fiscalidade municipal recollidos na Constitución Española.

Visto a Memoria da Alcaldía, o informe de Secretaría-Intervención, o dictame favorable da Comisión de Facenda, persoal e Contas, emitido na sesión do 4 de febreiro, e demais documentación existente no expediente,

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos nove concelleiros presentes –o que supón o voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente a compoñen- acorda:

Primeiro.- Aprobar, provisionalmente, a imposición da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo e voo sobre o dominio público local por parte de empresas operadoras do sector eléctrico, telecomunicacións e hidrocarburos e ordenala na forma que regula a ordenanza fiscal, o texto da cal figura no Anexo á Memoria da Alcaldía de data 28 de xaneiro de 2003 que inicia o expediente, conforme ó disposto no artigo 16 da citada lei.

Segundo.- Derrogar, con efectos do 31 de decembro de 2002, a Ordenanza fiscal número 10 reguladora da taxa por tendidos, tubarías e galerías para as conductiones de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos.

Terceiro.- Expor ó público o presente acordo e a ordenanza fiscal, tal como preceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionada lei.

Cuarto.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións e continuar o expediente ata a súa conclusión de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida lei.

Quinto.- A ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

Cartelle, a 20 de marzo de 2003.- A alcaldesa.

*Anexo**Ordenanza fiscal núm: 12*

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo e voo sobre o dominio público local por parte de empresas operadoras do sector eléctrico, telecomunicacións e hidrocarburos.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade asemade co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II, todos eles da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das facendas Locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal a Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo e voo do dominio público local por parte de empresas operadoras do sector eléctrico, telecomunicacións e hidrocarburos.

Artigo 1º. Ámbito de aplicación.

Veñen obrigados ó pago da taxa que regula esta ordenanza tódalas persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens e demais entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeral tributaria, que sendo operadores dos sectores de electricidade, telecomunicacións e hidrocarburos, leven a cabo a utilización privativa ou se beneficien de calquera modo do aproveitamento especial do dominio público local coas especificacións e concrecións del que se dirán, ou que veñan gozando de ditos beneficios e que afecten en calquera forma ó solo, subsolo e voo de dito dominio público local.

A aplicación da presente ordenanza farase da forma seguinte:

- En réxime xeral.
- En réxime especial o de compensación.

Entendese por ámbito de aplicación no réxime xeral, a taxa a satisfacer pola

utilización privativa ou ó aproveitamento especial do solo, subsolo e voo do dominio público local.

Enténdese por ámbito de aplicación no réxime especial a taxa a satisfacer pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante dos veciños, entendéndose comprendidas as empresas distribuidoras e comercializadoras a que se refire o artigo 24.1 c) da Lei 39/1988 e isto unicamente no que se refire ó aproveitamento especial ou utilización privativa das súas instalacións nas vías públicas municipais.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local que se concreta nesta ordenanza. Os efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público local tódolos bens de uso ou servizo público e os comunais ou pertencentes ó común de veciños, exceptuándose por isto os denominados bens patrimoniais; e por vía pública, o espazo do solo, subsolo e voo que formando parte do dominio público local, este comprendido por rúas, prazas, camiños municipais e demais espazos do dominio público local coa consideración de "vías públicas".

A tal fin os contribuíntes por esta ordenanza virán obrigados a presentar no Concello, durante o primeiro mes do ano, relación comprensiva e especificativa de tódalas súas instalacións e elementos afectos a esta ordenanza. Noutro caso será determinado polos servizos técnicos municipais.

As taxas reguladas nesta Ordenanza son compatibles co Imposto sobre Construcións, Obras e Instalacións e con outras taxas que teña establecidas, ou poda establecer, o Concello tanto pola utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, como por prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que teñan a condición de operadores dos sectores de electricidade, telecomunicación e hidrocarburos, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos no artigo 20.3 da Lei 39/1988

e, especialmente, as empresas que producen, transportan, distribúen e comercializan enerxía eléctrica, redes de telecomunicación e hidrocarburos e os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo, afectando coas súas instalacións ó dominio público local, exceptuadas as empresas ás que se aplica o ámbito do réxime especial o compensatorio xa contido anteriormente.

Artigo 4º. Cota tributaria.

A contía das taxas reguladas na presente ordenanza será a seguinte:

a) Para os suxeitos pasivos sometidos ó réxime xeral da taxa e da ordenanza, constitúe a cota tributaria a contida nas tarifas que figuran no anexo.

Tratándose a presente taxa como de réxime xeral pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, exceptuado o comprensivo das vías públicas municipais, nos termos desta ordenanza fiscal, o importe das taxas previstas por dita utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, fixarase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, como si os bens afectados non fosen de dominio público.

A tal fin e en consonancia co parágrafo a) do apartado 1 do artigo 24 da Lei Reguladora, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial, establecéronse as tarifas anexas, atendidas as especiais circunstancias dos suxeitos pasivos, principalmente empresas subministradoras de servizos de subministro de interese xeral entre as que cabe citar ás empresas hidroeléctricas que transportan fluído eléctrico para a seu posterior distribución ou comercialización a outras compañías, entidades ou particulares e que o fan mediante torres, soportes, postes etc. sobre os que se atopan as liñas ou redes que se asentán e atravesan bens de uso, servizo público e bens comunais, e que en consecuencia non tendo a propiedade sobre os terrenos afectados, mingúan sen embargo o seu aproveitamento común ou público e obteñen sobre eles unha utilización privativa ou un aproveitamento especial para a súa propia actividade empresarial.

b) Para os suxeitos pasivos da taxa ós que se lle aplica a ordenanza en réxime especial ou compensatorio, o importe da taxa e en consecuencia da cota tributaria consistirá, en todo caso, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas.

Os efectos deste réxime de cuantificación da taxa aplicarase ás empresas as que se refire o parágrafo c) do apartado 1 do artigo 24 da Lei 39/1988 tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan os abastecementos, como si, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión á elas.

Artigo 5º. Obrigación de pago.

1. A obrigación de pago da taxa regulada nesta ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos ou utilizacións privativas do dominio público local, no momento de solicitar a correspondente licenza, ou aínda carecendo dela, no momento da autorización ou concesión administrativa por quen proceda.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos ou utilizacións privativas xa autorizados, aínda que non contén con licenza municipal, e sen prexuízo da súa regularización polo suxeito pasivo o titular da actividade, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2. O pago da taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos ou utilizacións privativas novas, por ingreso directo nas dependencias municipais ou onde determine ó Concello e sempre antes de retirar a correspondente licenza sen prexuízo do importe doutras obrigacións tributarias.

Este ingreso terá o carácter de depósito previo, de conformidade co establecido no artigo 26 da Lei 39/1988, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenza correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos ou utilizacións privativas xa autorizados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa.

Artigo 6º. Réxime de ingreso das taxas.

1. A taxa esixirase, normalmente, en réxime de autoliquidación. Tamén esixirase mediante notificación das cotas ó suxeito pasivo cando non exista autoliquidación ou non se presente declaración polo suxeito pasivo en canto ós elementos e demais para calcular as cotas tributarias.

2. Cando se subscriban convenios con representantes dos interesados ou cos propios suxeitos pasivos segundo o previsto nesta ordenanza, as declaracións de inicio do aproveitamento especial ou utilización privativa ou das variacións dos elementos tributarios, así como o ingreso da taxa, realizaranse segundo o convenio.

3. Nos supostos diferentes do previsto no apartado 2, as cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por

cada aproveitamento solicitado ou realizado e por cada utilización privativa e serán irreductibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes da seguinte forma:

a) Nos supostos de concesións de novos aproveitamentos, xunto coa solicitude de autorización para utilizar o aproveitamento especial, presentarase debidamente cumprimentado o impreso de autoliquidación da taxa o en outro caso aplicarase o apartado 1 deste artigo en relación co parágrafo seguinte.

Alternativamente, poden presentarse en Secretaría os elementos da declaración ó obxecto de que o funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria para determinar a débeda. Neste suposto, expedirase un abono ó interesado, ó obxecto de que poda satisfacer a cota naquel momento, ou no prazo que proceda, nos lugares de pago indicados no propio abono.

b) Nos supostos de aproveitamentos ou utilizacións xa existentes ou autorizados, o pago da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano ou dentro dos prazos que estableza a liquidación si se dera este suposto, a excepción do período de 2003 que por virtude da modificación lexislativa poderá realizarse ata o 31 de decembro de dito ano. Co fin de facilitar o pago, o Concello poderá remitir ó domicilio do suxeito pasivo un documento apto para permitir o pago en entidade bancaria colaboradora.

Non obstante, a non recepción do documento de pago citado non invalida a obrigação de satisfacer a taxa no período determinado polo Concello.

4. O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, neste caso ordenarase o cargo en conta bancaria durante a última quincena do período de pago voluntario establecéndose en tales casos unha bonificación do 5 por 100 da cota tributaria desta taxa, de conformidade ó establecido no artigo 9 apartado 1 da Lei reguladora.

Artigo 7º. Notificación das taxas.

1. A notificación da débeda tributaria en supostos de aproveitamentos ou utilizacións a que se refire esta ordenanza realizarase ó interesado, no momento en que se presenta a autoliquidación ou no que se leva a cabo a liquidación dela.

Non obstante o previsto no apartado anterior, si unha vez verificada a autoliquidación resultara incorrecta, practícase liquidación complementaria.

2. Nos supostos de taxas por aproveitamentos especiais ou utilización privativa obxecto desta ordenanza continuadas que teñan carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes entendéndose

se en todo caso notificado coa aprobación do Padrón e o seu anuncio de ter sido aprobado. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do Padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período correspondente que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 8º. Normas de xestión.

1. As cantidades esixibles o abeiro das tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, ou pola utilización privativa do dominio público local e serán irreductibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2. As persoas físicas o xurídicas e demais entidades interesadas na concesión de aproveitamentos ou na utilización privativa regulados nesta ordenanza ou titulares de concesións administrativas ou outras autorizacións legais, que non contén coa oportuna licenza municipal, deberana solicitar e cumprir os trámites legais que resulten de aplicación.

3. Unha vez autorizada a ocupación sobre os bens a que se refire esta ordenanza, ou establecida esta, si non se determinou con exactitude a duración da autorización que tolere o aproveitamento ou a utilización privativa, entenderase prorrogada a efectos desta ordenanza, ata que se presente a declaración de baixa polos suxeitos pasivos.

4. A presentación da baixa terá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obrigação de continuar abonando a taxa.

5. Poderanse establecer convenios de colaboración con organizacións representativas dos suxeitos pasivos, ou con entidades que deban tributar polos feitos impositivos previstos nesta ordenanza, co fin de simplificar os procedementos de declaración, liquidación o recadación.

Artigo 9º. Infraccións.

As infraccións desta Ordenanza e defraudacións que se cometan serán sancionadas o abeiro das disposicións vixentes na materia.

Constitúen casos especiais de infracción, cualificados de defraudación:

a) A realización dalgún aproveitamento ou utilización privativa dos regulados por esta ordenanza, sen a necesaria licenza municipal.

b) A ocupación do dominio público local excedendo os límites fixados na licenza.

A imposición de sancións non impediría, en ningún caso a liquidación e cobro das cotas percibidas non prescritas.

Artigo 10º. Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 7 de febreiro de 2003 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo de tarifas

Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo e voo sobre o dominio público local por parte de empresas operadoras do sector eléctrico, telecomunicacións e hidrocarburos.

Tarifas

Concepto importe (euros/ano)

* por cada torre metálica de liña de alta tensión 150 Euros

* por cada torre metálica de liña de media ou baixa tensión 75 “

* por cada poste que soporte liñas de transporte ou distribución de enerxía eléctrica 18 “

* por cada metro lineal de cada cable de conducción de enerxía ou subministro subterráneo ou aéreo 0,60 “

* por cada caixa de empalmes, distribución, rexistro ou similar 12 “

* por cada metro lineal de tubaría ou canal subterráneo 0,60 “

* por cada transformador ou elemento similar 30 “

* por cada depósito 100 “

* por cada antena de telefonía móbil, repetidor ou similar 1502,53 “

R. 1.360

EDICTO

En cumprimento do disposto polo artigo 17.2 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, exponse ó público o acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de febreiro de 2003 de imposición e ordenación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, que se transcribe a continuación, e a ordenanza fiscal reguladora do imposto co expediente completo dela, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro do que os interesados poderán examinar o expediente, que está de manifesto na Secretaría deste concello, e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixirse á Sra. alcaldesa-presidenta deste corporación.

Expediente de imposición e ordenación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Tendo en conta a entrada en vigor da nova Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, e a súa incidencia no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, coa modificación substancial que esta norma comporta respecto del; recoñecida a potestade regulamentaria do Concello, o abeiro do disposto no art. 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e demais lexislación municipal na materia, derivada dos principios de fiscalidade municipal recollidos na Constitución Española.

Vista a Memoria da Alcaldía, o informe de Secretaría-Intervención, o dictame favorable da Comisión de Facenda, persoal e Contas, emitido na sesión do 4 de febreiro, e demais documentación existente no expediente,

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos nove concelleiros presentes —o que supón o voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente a compoñen— acorda:

Primeiro.- Aprobar, provisionalmente, a imposición do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, e ordenar o mesmo na forma que regula a ordenanza fiscal o texto da cal figura no Anexo á Memoria da Alcaldía de data 28 de xaneiro de 2003 que inicia o expediente, conforme ó disposto no artigo 16 da citada lei.

Segundo.- Expor ó público o presente acordo e a ordenanza fiscal, tal como preceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionada lei.

Terceiro.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións e continuar o expediente ata a súa conclusión de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida lei.

Cuarto.- A ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

Cartelle, a 20 de marzo de 2003.- A alcaldesa.

Anexo

Ordenanza n.º 4.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora

das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II, e artigos 93 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Artigo 1.º Natureza e feito imponible.

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2. Considerase vehículo apto para a circulación o que houbera sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causase baixas. Os efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeitos ó Imposto:

a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con motivo de exhibicións, certames ou carreiras limitadas os desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica a carga útil dos cales non sexa superior a 750 Kg.

Artigo 2.º Suxeitos Pasivos.

Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, a nome dos cales conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 3.º Exencións.

1. Estarán exentos deste imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e entidades locais adscritas á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sé ou oficina en España y dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto os vehículos conducidos por persoas con discapacidade como os destinados o seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultan aplicables os suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por mais de un vehículo simultaneamente.

Os efectos do disposto nesta letra, consideraranse persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grado igual ou superior o 33 por 100.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder aplicar as exencións a que se refiren as letras e) e g) deste artigo, deberán acompañar a solicitude cos seguintes documentos:

A. No suposto de vehículos para persoas de mobilidade reducida:

- Fotocopia do Permiso de Circulación.

- Fotocopia do certificado de características.

- Fotocopia do Carné de Conducir (anverso e reverso)

- Fotocopia da declaración administrativa de invalidez ou diminución física expedida polo Organismo competente.

B. No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícolas:

- Fotocopia do Permiso de Circulación.

- Fotocopia do certificado de características.

- Fotocopia da Cartilla de Inspección Agrícola expedida a nome do titular do vehículo.

3. Con carácter xeral, o efecto da concesión de exencións empeza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Nembargantes obstante, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederase se na data

de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 4.º Tarifas.

1. Las cotas do cadro de tarifas do imposto fixado no artigo 96.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, se incrementarán aplicando sobre elas o seguinte coeficiente.

- A) Turismos: 1.
- B) Autobuses: 1.
- C) Camións: 1.
- D) Tractores: 1.
- E) Remolques e semirremolques: 1.
- F) Outros vehículos: 1.

2. Como consecuencia do previsto no apartado anterior, o cadro de tarifas vixentes neste Municipio será o seguinte:

Clase de vehículo; potencia; cota euros.

A. Turismos; De menos de 8 cabalos fiscais; 12,62

A. Turismos; De 8 ata 11,99 cabalos fiscais; 34,08

A. Turismos; De 12 a 15,99 cabalos fiscais; 71,94

A. Turismos; De 16 a 19,99 cabalos fiscais; 89,61

A. Turismos; De 20 cabalos fiscais en adiante; 112,00

B. Autobuses; De menos de 21 prazas; 83,30

B. Autobuses; De 21 a 50 prazas; 118,64

B. Autobuses; De mais de 50 prazas; 148,30

C. Camións; De menos de 1000 Kg. de carga útil; 42,28

C. Camións; De 1000 a 2.999 kgs. de carga útil; 83,30

C. Camións; De 2.999 a 9.999 kgs. de carga útil; 118,64

C. Camións; De mais de 9.999 Kgs. de carga útil; 148,30

D. Tractores; De menos de 16 cabalos fiscais; 17,67

D. Tractores; De 16 a 25 cabalos fiscais; 27,77

D. Tractores; De mais de 25 cabalos fiscais; 83,30

E. Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica; De menos de 1000 e mais de 750 Kgs. de carga útil; 17,67

E. Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica; De 1000 a 2.999 Kgs. de carga útil; 27,77

E. Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica; De mais de 2.999 Kgs de carga útil; 83,30

F. Outros vehículos; Ciclomotores; 4,42

F. Outros vehículos; Motocicletas ata 125 C.C.; 4,42

F. Outros vehículos; Motocicletas de mais de 125 e ata 250 C.C.; 7,57

F. Outros vehículos; Motocicletas de mais de 250 e ata 500 C.C.; 15,15

F. Outros vehículos; Motocicletas de mais de 500 e ata 1000 C.C.; 30,29

F. Outros vehículos; Motocicletas de mais de 1000 C.C.; 60,58

3. Este coeficiente aplicarase incluso no suposto que o mencionado cadro sexa modificado pola Lei de presupostos xerais do Estado.

4. O concepto das diversas clases de vehículos e as regras para a aplicación das tarifas será o que se determine con carácter xeral pola Administración do Estado.

No seu defecto estarase ó disposto no Código da Circulación polo que respecta os diferentes tipos de vehículos.

Artigo 5.º Bonificacións.

1. Establecese una bonificación do 100 por 100 da cota do imposto a favor dos titulares dos vehículos de carácter histórico, ou que teñan unha antigüidade superior a vintecinco anos.

2. No suposto do apartado anterior, a data de solicitude da bonificación será a data na que se cumpra a condición constitutiva do presuposto material da bonificación e a bonificación será efectiva a partir do exercicio seguinte a aquel no que se conceda.

Artigo 6.º Período impositivo e percibo.

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo.

3. Nos casos de baixa definitiva, ou baixa temporal por sustración ou roubo do vehículo, ratearase a cota por trimestres naturais. Corresponderá ó suxeito pasivo pagar a parte de cota correspondente os trimestres do ano que restan por transcourir incluído aquel en que se produza a baixa no Rexistro de Tráfico.

4. Si cando o Concello coñece a baixa aínda non se elaborou o instrumento colectorio correspondente, liquidarase a cota rateada que debe satisfacerse.

5. Cando a baixa teña lugar despois do ingreso da cota anual, o suxeito pasivo poderá solicitar o importe que, por aplicación do rateo previsto no punto 3, lle corresponda percibir.

Artigo 7. Réxime de declaración e liquidación.

1. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma deles, sempre que altere a súa clasificación a efectos de este imposto, así como tamén nos casos de

transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ó cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de tódalas débedas por dito concepto percibidas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou mais anos de antigüidade.

2. A xestión, liquidación, inspección, recadación e a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria, corresponde ó Concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

3. As modificacións do padrón fundamentaranse nos datos do Rexistro Público de Tráfico e na comunicación da Xefatura de Tráfico relativa a altas, baixas, transferencias e cambios de domicilio das que poida dispor o Concello.

Artigo 8.º Ingresos.

1. No caso de primeiras adquisicións dos vehículos, provisto da declaración-liquidación, o interesado poderá ingresar o importe da cota do imposto resultante da mesma na oficina municipal xestora, o nunha entidade bancaria colaboradora.

En todo caso, con carácter previo á matriculación do vehículo, a oficina xestora verificará que o pago se fixera na contía correcta e deixará constancia da verificación no impreso de declaración.

2. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro trimestre de cada ano e no período de cobro que fixe o Concello, anunciándose por medio de Edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Edictos do Concello, do modo que se crea mais adecuado. En ningún caso, o período de pago voluntario será inferior a dous meses.

3. No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das cotas correspondentes realizarase mediante o sistema de padrón anual.

4. O padrón ou matrícula do imposto se exporá ó público por un prazo de vinte días hábiles para que os interesados lexítimos poidan examinalo, e no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público se anunciará no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación a cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 9. Data de aprobación e vixencia.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 7 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Disposición Adicional Primeira.

As modificacións producidas polas Lei de presupostos xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición Adicional Segunda.

En relación coa xestión, liquidación, inspección e recadación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, a competencia para evacuar consultas, resolver reclamacións e impor sancións corresponderá á Entidade que exerza ditas funcións, cando houberen sido delegadas polo Concello, de acordo co establecido nos artigos 7, 12 e 13 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

R. 1.361

EDICTO

Elevándose a definitivo, por non presentarse reclamacións, o acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de febreiro de 2003, de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais números 1, 2 e 7, que se transcribe a continuación, co texto integro delas resultante da modificación, que se achega como Anexo deste edicto, faise público en cumprimento do disposto polo artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, facendo constar que contra el poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala de dita xurisdicción do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación deste acordo e das ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia.

“Expediente de modificación de ordenanzas de impostos locais.

Tendo coñecemento da entrada en vigor da nova Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, así como da entrada en vigor da Lei 48/2002, de 28 de decembro, Reguladora do catastro inmobiliario e a súa incidencia nos bens inmobles principal-

mente, e a modificación substancial que estas leis comportan respecto das ordenanzas fiscais números 1, 2 e 7; recoñecida a potestade regulamentaria do Concello, o abeiro do disposto no art. 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e demais lexislación de aplicación, e a competencia municipal na materia, derivada dos principios de fiscalidade municipal recollidos na Constitución Española.

Vista a Memoria da Alcaldía, o informe de Secretaría-Intervención, o dictame favorable da Comisión de Facenda, Persoal e Contas, emitido na sesión do 4 de febreiro, e demais documentación existente no expediente.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos nove concelleiros presentes —o que supón o voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente a compoñen— acorda:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais que se relacionan a continuación, que quedan redactadas co texto que figura no Anexo á Memoria da Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2003 que inicia o expediente, conforme o disposto no artigo 16 da Lei 38/1988:

Ordenanza fiscal número 1: Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Ordenanza fiscal número 2: Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Ordenanza fiscal número 7: Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- Expoñer ó público o presente acordos e as ordenanzas modificadas, tal como preceptúa o artigo 17.1 e 2 da citada Lei 39/1988.

Terceiro.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións e continuar o expediente ata a súa conclusión de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida lei.

Cuarto.- As ordenanzas fiscais modificadas entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003.”

Cartelle, a 20 de marzo de 2003.- A alcaldesa

Anexo.

Ordenanza fiscal nº 1.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, sobre potesta-

de normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior polo orden establecido nel, determinará a non suxeición do inmueble ó resto das modalidades previstas nel.

3. Ten a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artículo 2º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmueble de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós cánones que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigações tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria o que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas

a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións nas obrigacións tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1. Son exencións directas de aplicación de oficio as comprendidas no artigo 63, apartado 1, da Lei 39/1988.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 63 apartado 2, letras a), b) e c) da Lei 39/1988.

3. Estarán asemade exentos:

a) Os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 6,00 euros.

b) Os bens inmobles de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termino municipal sexa inferior a 5,00 euros.

4. Con carácter xeral, a concesión de exencións terá efectos a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal se solicitase antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e da maneira que a lexislación prevea.

Artigo 6º. Reducións.

1. A redución na base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urbanos e rústicos que se encontren en algunha destas dúas situacións:

a) Inmobles nos que o valor catastral se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral en virtude de:

1.º A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobada co posterioridade ó 1 de xaneiro de 1997.

2.º A aplicación de sucesivos relatores totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 69.1 da Lei 39/1988.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que teña dado lugar á aplicación da redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1.º Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral.

2.º Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.

3.º Procedementos simplificados de valoración colectiva.

4.º Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e rectificacións de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta redución aplicarase de oficio de acordo coas normas contidas nos artigos 69, 70 e 71 da Lei 39/1988.

3. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7º. Base liquidable.

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda o inmovible así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral deste imposto.

4. O valor base será a base liquidable conforme ás normas da Lei 39/1988 e da Lei 48/2002, de 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario.

5. A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e o réxime de recursos contra os actos administrativos o establecido en dita Lei así como na Lei 39/1988.

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,4 por 100.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,3 por 100.

c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais: o 1,3 por 100.

Artigo 9º. Bonificacións.

1. No suposto de novas construcións, terán dereito a unha bonificación do 50 por 100 na cota íntegra do Imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras, ás empresas urbanizadoras, constructoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a ela, de conformidade co artigo 74 da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización, o de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización o construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa dedicase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

Transcorridos os tres anos, contados anteriormente, terán unha bonificación do 50 por 100 polo prazo de cinco anos.

3. Terán dereito a unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido no artigo 134 da Lei 20/1990, de 19 de decembre, de Cooperativas.

4. Terán dereito a unha bonificación do 90 por 100 da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos que ostenten a

condición de titulares de familia numerosa, mentres por normativa se encontre dita familia constituída como tal.

Artigo 10º. Período impositivo e de percibo do Imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. O percibo do imposto nace o primeiro día do período impositivo.

As variacións de orden físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ó que figura no seu Padrón, liquidará o imposto na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

A liquidación do Imposto comprenderá a cota correspondente os exercicios mencionados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e os anteriores a cota satisfeita por este imposto a razón doutra configuración do inmovible diferente da que ten na realidade.

Artigo 11º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. Os efectos previstos no artigo 77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orden físico, económico ou xurídico nos bens inmovibles que teñan transcendencia a efectos deste Imposto.

2. É competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, e as solicitudes para acollerse a eles deberan ser presentados á administración municipal, ante a que se debe indicar, asemade, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obrigación dos suxeitos pasivos de presentar a declaración das modificacións, alteracións e demais, ó Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licencia ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen pre-

xuízo da facultade de delegación da xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostre claramente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme á Lei 48/2002 e á Lei 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iniciarase o período executivo, o que comporta o percibo do recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por 100 cando a débeda se ingrese antes de que sexa notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º. Xestión por delegación.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración coa que se subscribe o convenio ou coa Administración na que se delega.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13º. Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 7 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Bole-

tín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xenerais do Estado ou por outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Ordenanza fiscal n.º 2

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, régulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal directo de carácter real, o feito imponible do cal está constituído polo mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non estean exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, se atopan ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2. Os efectos deste imposto, considéranse actividades empresariais as da gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servicios. Polo tanto, non teñen esta consideración, as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinen o feito imponible.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participa-

cións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirá en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

Están exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, así como os Organismos autónomos do Estado, e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividades no territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os efectos da aplicación da exención prevista neste paragrafo teranse en conta as regras que se conteñen no artigo 83 da Lei 39/1988.

d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos que realicen.

g) As fundacións e asociacións para o exercicio daquelas actividades que constituían o seu obxecto social ou finalidade específica, non supoñan competencia desleal e os seus destinatarios sexan

unha colectividade xenérica de persoas. A tal efecto estarase ó establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións e na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

h) A Cruz Vermella.

i) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2. As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

3. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuír do tributo concorran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, incluído o elemento superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realiza a actividade regulados nos artigos 6 e 7 da presente ordenanza.

Artigo 6º. Coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios(euros); Coeficiente

Desde:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29

- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,01; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo co previsto na paragrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de facendas locais.

Artigo 7º. Coeficiente de situación.

1. Os efectos do previsto no artigo 88 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, as vías públicas deste municipio clasifícanse en dúas categorías fiscais, comprendendo a primeira categoría as vías públicas das localidades das parroquias de Cartelle e Outomuro, e a segunda categoría as vías públicas das localidades das parroquias de Couxil, Espiñoso, Freixoso, As Marabillas, Sabucedo, Sande, Santabaia, San Tome, Seixadas e Villar de Vcas.

2. Sobre as cotas incrementadas pola aplicación do coeficiente sinalado no artigo 7º desta ordenanza, e atendendo á categoría fiscal da vía pública na que radica fisicamente o local no que se realiza a actividade económica, establécese a seguinte táboa de coeficientes: (do 0,4 ó 3,8)

Categoría fiscal das vías públicas

1a. 2a.

Índice aplicable 0,6 0,5

3. O coeficiente aplicable a calquera local ven determinado polo correspondente á categoría da rúa na que teña sinalado o número de policía ou no que se atope situado o acceso principal.

Artigo 8º. Bonificacións.

Sobre a cota do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) O abeiro do que prevé a Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, gozaran dunha bonificación do 95 por 100 da cota as cooperativas, as súas unións, federacións e confederacións, así como as sociedades agrarias de transformación.

b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no paragrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

c) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen pola cota municipal, durante os cinco anos seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento dela.

A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade se exerceu anteriormente baixo outra titularidade entre outros, nos supostos de

fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do art. 83 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

d) Unha bonificación por creación de emprego do 50 por 100 da cota correspondente, para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que incrementen o termo medio do seu cadro de persoal de traballadores por contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior o da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b) e c) deste artigo.

e) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxenerxación, ou que realicen as súas actividades industriais, dende o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións afastadas das zonas máis poboadas do termino municipal, ou que establezan un plan de transportes para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ó lugar do posto de traballo e fomentar o emprego de medios de transporte máis eficientes, como o transporte colectivo ou o compartido.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b), c) e d) deste artigo.

Artigo 9º. Período impositivo e percibo do imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trata de declaracións de alta, no caso das cales, comprenderá desde a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de inicio da actividade non coincida co ano natural, no caso das cales as cotas calcularanse proporcionalmente o número de trimestres naturais que queden para acabar o ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

3. Tamén, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza

dito cese. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente os trimestres naturais nos que non se houberse exercido a actividade.

4. Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgúns dos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da Sección I das Tarifas do IAE, percibirán no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente os metros vendidos ou espectáculos cobrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

Artigo 10º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. É competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que conduzan á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os anteditos actos, e actuacións para información e asistencia o contribuínte, sen prexuízo das facultades de delegación.

2. Contra os actos de xestión tributaria competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar desde:

- A data da notificación expresa, no caso de liquidacións de ingreso directo.

- A finalización do período de exposición pública do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime, por tratarse de exercicios seguintes a aquel no que tivo lugar o alta.

3. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que, dentro do prazo previsto para interpoñelos, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

No obstante elo, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre de xeito inequívoco que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4. As liquidacións de ingreso directo han de satisfacerse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se realice o ingreso se iniciará a vía de prema e se aplicará o recargo establecido na Lei xeral tributaria.

As cantidades adebedadas reportan interese de demora desde o día seguinte o

vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese se aplicará sobre a débeda tributaria, excluído o recargo de prema.

O tipo de interese e o vixente o longo do período en que se perciba, fixado de acordo co disposto no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria e disposicións legais que resulten de aplicación.

5. Cando o Concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censtral, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto se esixirá en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados o efecto pola entidade local.

Artigo 11º. Comprobación e investigación.

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o Concello ou Ente en quen este delegase as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e a investigación, a práctica das liquidacións tributarias que, si cabe, sexan procedentes e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo elo referido, exclusivamente, os supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 12º. Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 7 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Ordenanza fiscal nº 7.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II e artigos 102 a 104, todos eles da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas lo-

cais na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, de modificación de dita norma, régúlase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible do Imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para as que se esixa a obtención da licenza de obras ou urbanística correspondente, obtivérase ou non esta licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

A) Obras de construción de edificacións e instalacións de calquera tipo de nova planta.

B) Obras de demolición.

C) Obras en edificios, tanto as que modifiquen a súa disposición interior como as que modifiquen o seu aspecto exterior.

D) Aliñacións e rasantes.

E) Obras de fontanería e de rede de sumidoiros.

F) Movementos de terra tales como desmontes explanacións, escavacións, terrapléns, obras de peche de solares ou terreos, vallas e estadas.

G) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra ou urbanística.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realiza aquela.

Os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite a correspondente licenza ou quen realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

3. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español, os efectos de súas relacións coa Facenda Pública.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades o entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiranse os socios ou partícipes no capital que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

5. As débedas por este Imposto serán esixibles as persoas físicas e xurídicas que sucedan o debedor no exercicio das explotacións e actividades económicas.

Artigo 4º. Exencións.

Están exentos do pago do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra das que sexan propietarios o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitos ó imposto, vaian a destinarse directamente a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e as súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obras de nova inversión como de conservación.

Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquelas.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

Artigo 6º. Tipo de gravame e cota.

1. O tipo de gravame será:

a) Obras cun orzamento de ata 90.000,00 euros o 2 por 100.

b) Obras cun orzamento de 90.000,001 ata 150.000,00 euros a o 2,5 por 100.

c) Obras cun orzamento de máis de 150.000,01 euros o 4 por 100.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

Artigo 7º. Bonificacións.

1. Concedese unha bonificación do 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas o de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2. Concederáse unha bonificación do 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación prevista neste apartado aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refire o punto anterior.

3. Concederáse unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras vinculadas os plans de fomento das inversións privadas en infraestructuras. A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións as que se refiren os puntos anteriores.

4. Concederáse unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras referentes as vendas de protección oficial.

A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren los puntos anteriores.

5. Concederáse unha bonificación do 90 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren as letras anteriores.

6. Poderase deducir o 75 por 100 da cota íntegra do Imposto ou, no seu caso da cota bonificada, o importe satisfeito ou que deba satisfacer o suxeito pasivo en concepto de taxa por outorgamento da licenza urbanística correspondente á

construcción, instalación ou obra de que se trate.

Artigo 8º. Percibo do imposto.

O percibo do Imposto nacera no momento de iniciarse a construción, a instalación ou a obra, aínda que non se obtivese a licenza correspondente.

Artigo 9º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. O solicitante dunha licenza para realizar as construcións, instalacións ou obras enumeradas no artigo 1º, punto 2, de esta Ordenanza deberá presentar no momento da solicitude o proxecto e o presuposto de execución estimado.

2. Cando se conceda a preceptiva licenza practicarase unha liquidación provisional e a base imponible determinarase en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que este estivese visado polo Colexio Oficial correspondente. Se non fora así, a base imponible a determinarán os técnicos municipais.

3. Á vista das construcións, as instalacións ou as obras realizadas e o seu custo real efectivo, o Concello, mediante a comprobación administrativa correspondente, poderá modificar, se procede, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicará a liquidación definitiva correspondente e esixirá do suxeito pasivo o ingreso da diferenza entre a liquidación provisional e a definitiva ou reintegraralle, se procede, a cantidade que corresponda.

4. O ingreso das liquidacións, provisional e definitiva, se efectuará nas entidades colaboradoras da recadación nos prazos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Artigo 10º. Comprobación e investigación.

1. A inspección e a comprobación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas disposicións diktadas para o seu desenvolvemento.

2. En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que lles correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolvan.

3. Os efectos previstos neste apartado, considerarase de especial transcendencia para a xestión do imposto a presentación das declaracións esixidas pola normativa vixente e recollidas nesta Ordenanza.

Artigo 11º. Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 7 de febreiro de 2003, entrará en vigor o

mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas polas Leis de presupostos xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento de este Imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

R. 1.362

RIBADAVIA

ANUNCIO

Dentro do periodo de exposición o público dos acordos provisionais da aprobación das correspondentes Ordenanzas non se presentaron reclamacións.

Por elo, conforme o artigo 17.3 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, quedan aprobados definitivamente os acordos provisionais adoptados polo Pleno deste Concello na súa sesión de data 14 de febreiro pasado, de xeito que quedan aprobadas definitivamente as seguintes ordenanzas fiscais:

Ordenanza núm. 1 reguladora do Imposto de Bens Inmóbles.

Ordenanza núm. 21 reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

Ordenanza núm. 6 reguladora da Taxa por licenza de apertura de establecementos.

Os acordos definitivos de aprobación de ditas ordenanzas como as Ordenanzas fiscais reguladoras delas, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e aplicáranse a partir do 1 de xaneiro de 2003.

Contra o presente acordo definitivo, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da publicación destes acordos e das Ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia.

Ribadavia, 26 de marzo do 2003. O alcalde.

Ordenanza n.º 1.- Imposto sobre bens inmóbles.

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade asemade co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Regulado-

ra das facendas locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmóbles.

Artigo 1º.- Feito imponible.-

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmóbles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbles rústicos e urbanos e sobre os inmóbles de características especiais:

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufructo.

e) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior polo orden establecido nel, determinará a non suxeición do inmóble ó resto das modalidades previstas nel.

3. Ten a consideración de bens inmóbles rústicos, de bens inmóbles urbanos e bens inmóbles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artículo 2º. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeneral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmóble de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós cánones que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º. Responsables

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria o que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades xurídicas o económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeneral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións nas obrigacións tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeneral tributaria.

Artigo 4º. Exencións

1. Son exencións directas de aplicación de oficio as comprendidas no artigo 63, apartado 1, da Lei 39/1988.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 63 apartado 2, letras a), b) e c) da Lei 39/1988.

3. Estarán asemade exentos:

a) Os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 3,61 euros.

b) Os bens inmobles de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termino municipal sexa inferior a 3,61 euros.

4. Con carácter xeneral, a concesión de exencións tera efectos a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal solicítase antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 5º. Base imponible

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación o actualización nos casos e da maneira que a Lei prevea.

Artigo 6º. Reducións

1. A redución na base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urbanos e rústicos que se encontren en algunha destas dúas situacións:

a) Inmable no que o valor catastral se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeneral en virtude da:

1.º A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobadas con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1997.

2.º A aplicación de sucesivos relatos totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 69.1 da Lei 39/1988.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que teña dado lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1.º Procedementos de valoración colectiva de carácter xeneral.

2.º Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.

3.º Procedementos simplificado de valoración colectiva.

4.º Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e rectificacións de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta redución aplicarase de oficio de acordo coas normas contidas nos artigos 69, 70 e 71 da Lei 39/1988.

3. A redución establecida no artigo 68.3 da Lei 39/1988 non se aplicará respecto do incremento da base imponible dos inmobles que resulten da actualización dos seus valores catastrais por aplicación dos coeficientes establecidos na Lei de Presupostos Xerais do Estado.

4. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7º. Base liquidable

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase xuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda o inmable así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral deste imposto.

4. O valor base será a base liquidable conforme ás normas da Lei 39/1988 e da Lei 48/2002, de 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario.

5. A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e o réxime de recursos contra os actos administrativos o establecido en dita Lei así como na Lei 39/1988.

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,60%.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,30%.

c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais o 1,3 %.

Artigo 9º. Bonificacións

1. No suposto de novas construcións, concedese unha bonificación do 70%, 60% e 50% durante o primeiro, segundo e terceiro ano respectivamente na cota íntegra do Imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras, ás empresas urbanizadoras, constructoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a ela, de conformidade co artigo 74 da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización, o de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización o construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa dedicase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmable obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

Transcorridos os tres anos, contidos anteriormente, terán unha bonificación do 30% durante 3 anos.

3. Terán unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido no artigo 134 da Lei 20/1990, de 19 de decembre, de Cooperativas.

4. Terán dereito a unha bonificación do 60% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos que ostenten a condi-

ción de titulares de familia numerosa do inmoble que teña o carácter de vivenda habitual e o seu valor catastral non sexa superior a 120.202 euros incrementado anualmente polo Índice de Prezos o Consumo (I.P.C.), mentres por normativa se encontre dita familia constituída como tal.

Potestativo.

5. Terán dereito a unha bonificación da cota íntegra do imposto os bens inmobiliarios urbanos ubicados na área comprendida como Conxunto Histórico Artístico e que teñan previsto no catálogo do Plano Especial do Casco Histórico, de acordo co seguinte cadro:

Protección íntegra, 50%.

Protección estrutural, 40%.

Protección ambiental, 20%.

Artigo 10º. Período impositivo e de obriga de contribuir do Imposto

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. A obriga de contribuir o imposto nace o primeiro día do período impositivo.

As variacións de orden físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ó que figura no seu Padrón, liquidará o imposto na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

A liquidación do Imposto comprenderá a cota correspondente os exercicios mencionados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e os anteriores a cota satisfeita por este imposto a razón doutra configuración do inmoble diferente da que ten na realidade.

Artigo 11º. Réxime de declaración e de ingreso

1. Os efectos previstos no artigo 77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orden físico, económico ou xurídico nos bens inmobiliarios que teñan transcendencia a efectos deste Imposto.

2. É competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse a eles deben ser

presentados á administración municipal, ante a que se debe indicar, asemade, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obriga dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais ó Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ó Catastro a incidencia das modificacións inmobiliarias producidas ó outorgar licenza ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso-directo, sen prexuízo da facultade de delegación da xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostra claramente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme á Lei 48/2002 e a Lei 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeneral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeita, iníciase o período executivo, o que comporta a acreditación do recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por 100 cando a débeda se ingrese antes de que sexa notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º. Xestión por delegación

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración coa que se subscribe o convenio ou coa Administración na que se delega.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13º. Data de aprobación e vixencia

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 14 de febreiro do 2003 entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación

automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Ordenanza fiscal número 21. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, regúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal directo de carácter real, o feito imponible do cal está constituído polo mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non estean exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, se atopan ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2. Os efectos deste imposto, considéranse actividades empresariais as da gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración, as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinen o feito imponible.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirásese en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1. Están exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, así como os Organismos autónomos do Estado, e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividades no territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os efectos da aplicación da exención prevista neste parágrafo teranse en conta as regras que se conteñen no artigo 83 da Lei 39/1988.

d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades lo-

cais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos que realicen.

g) As fundacións e asociacións para o exercicio dúas actividades que constitúan o seu obxecto social ou finalidade específica, non supoñan competencia desleal e os seus destinatarios sexan unha colectividade xenérica de persoas. A tal efecto estarase ó establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións e na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

h) A Cruz Vermella.

i) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2. As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

3. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuír do tributo concorreran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, incluído o elemento superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realiza a actividade regulados nos artigos 6 e 7 da presente Ordenanza.

Artigo 6º. Coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); coeficiente

Desde:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29

- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,01; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo co previsto na parágrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de facendas locais.

Artigo 7º. Coeficiente de situación.

1. Os efectos do previsto no artigo 88 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, as vías públicas deste municipio clasifícanse en dúas categorías fiscais.

Categorías das rúas e polígonos:

Categoría 1º: Parque empresarial de San Cristovo.

Categoría 2º: O resto das rúas e nucleos do municipio de Ribadavia.

2. As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice alfabético antes indicado consideraranse de última categoría e permanecerán na antedita calificación ata o día 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel no que o Pleno desta corporación aprobe a categoría fiscal correspondente e aprobe a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

3. Sobre as cotas incrementadas pola aplicación do coeficiente sinalado no artigo 7º desta Ordenanza, e atendendo á categoría fiscal da vía pública na que radica fisicamente o local no que se realiza a actividade económica, establécese a seguinte táboa de coeficientes:

Categoría fiscal das vías públicas índice aplicable

Primeira 0,40

Segunda 1,00

3. O coeficiente aplicable a calquera local ven determinado polo correspondente á categoría da rúa na que teña sinalado o número de policía ou no que se atope situado o acceso principal.

Artigo 8º. Bonificacións.

Sobre a cota do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) O abeiro do que prevé a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, gozaran dunha bonificación do 95 por 100 da cota as cooperativas, as súas unións, federacións e confederacións, así como as sociedades agrarias de transformación.

b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do se-

gundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

c) Unha bonificación por creación de emprego da cota correspondente, para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que incrementen o termo medio do seu cadro de persoal de traballadores por contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior o da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel, de acordo co seguinte cadro:

Ata 2 traballadores, 20%.

Ata 4 traballadores, 30%.

Ata 7 traballadores, 40%.

Máis de 7 traballadores, 50%.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b) e c) deste artigo.

e) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que produzan enerxía para consumo propio ou a utilicen sen xera-la eles mesmos a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeneración, ou que realicen as súas actividades industriais, dende o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións afastadas das zonas mais poboadas do termino municipal, ou que establezan un plan de transportes para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ó lugar do posto de traballo e fomentar o emprego de medios de transporte mais eficientes, como o transporte colectivo ou o compartido.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b), c) e d) deste artigo.

Artigo 9º. Período impositivo e percibo do imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trata de declaracións de alta, no caso das cales, comprenderá desde a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de inicio da actividade non coincida co ano natural, no caso das cales as cotas calcularanse proporcionalmente o número de trimestres naturais que queden para acabar o

ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

3. Tamén, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente os trimestres naturais nos que non se houberse exercido a actividade.

4. Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgúns dos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da Sección I das Tarifas do IAE, percibirán no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente os metros vendidos ou espectáculos cobrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

Artigo 10º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. É competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que conduzan á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os anteditos actos, e actuacións para información e asistencia o contribuínte, sen prexuízo das facultades de delegación.

2. Contra os actos de xestión tributaria competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar desde:

- A data da notificación expresa, no caso de liquidacións de ingreso directo.

- A finalización do período de exposición pública do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime, por tratarse de exercicios seguintes a aquel no que tivo lugar o alta.

3. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que, dentro do prazo previsto para interpoñelos, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

No obstante elo, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre de xeito inequívoco que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4. As liquidacións de ingreso directo han de satisfacerse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se realice o ingreso se iniciará a vía de prema e se aplicará o recargo establecido na Lei xeral tributaria.

As cantidades adebedadas reportan interese de demora desde o día seguinte o vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese se aplicará sobre a débeda tributaria, excluído o recargo de prema.

O tipo de interese e o vixente o longo do período en que se perciba, fixado de acordo co disposto no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria e disposicións legais que resulten de aplicación.

5. Cando o Concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censal, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto se esixirá en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados o efecto pola entidade local.

Artigo 11º. Comprobación e investigación.

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o Concello ou Ente en quen este delegase as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e a investigación, a práctica das liquidacións tributarias que, si cabe, sexan procedentes e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo elo referido, exclusivamente, os supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 12º. Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 14 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Ordenanza n.º 6. Ordenanza fiscal da taxa por licenza de apertura de establecementos.

Artigo 1º.- En uso das facultades conferidas polos artigos 133,2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da

Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa po Licencia de Apertura de Establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.-

1º.- Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a unificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outra esixida polas xerais para o seu normal funcionamento, como presuosto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da Licencia de Apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

2º.- Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular, non estando gravada, sen embargo, a ampliación de capital social por ser allea ó feito imponible, así como tampouco a ampliación de elementos mecánicos ou de potencia eléctrica dunha industria xa existente no local.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.

3º.- Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a venda, e que:

a) Adiquese o exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesana, da construción, comercial e de servicios que este suxeita o Imposto de Actividades Económica ou estando exenta este contemplada nas Instrucións e Tarifas vixentes de dito imposto.

b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas de forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamentos, como, por exemplo, sés sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3º.-

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade

que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

2.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38,1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os Síndicos, Interventores ou Liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º.- A base imponible desta taxa estará constituída polo importe total do Imposto sobre Actividades Económicas, resultado de aplicar as cuotas das Instrucións e Tarifas vixentes incrementadas no recargo provincial. No caso que se atopen exentos do pago do Imposto de actividades económicas a taxa estará constituída polo que lle correspondería aboar de acordo co resultado de aplicar as cuotas das Instrucións e Tarifas vixentes incrementadas no recargo provincial.

Artigo 5º.- A cota tributaria será igual á Base Imponible establecida no artigo 4 da presente Ordenanza e o seu aboamento farase por unha soa vez.

Artigo 6º.- Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa.

Artigo 7º.-

1º.- Repórtase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da Licencia de Apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2º.- Cando a apertura tivera lugar sen ter obtido a oportuna licencia, a Taxa reportarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse par autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se non fora autorizable dita apertura.

3º.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, de xeito algún, pola denegación da Licencia solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimación do solicitante unha vez concedida a licencia.

Artigo 8º.-

1.- As persoas interesadas na obtención dunha Licencia de Apertura de es-

tablecemento industrial ou mercantil presentarán, previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local.

2.- Se despois de formulada a solicitude de Licencia de Apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas para tal establecemento, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

Artigo 9º.- Rematada a actividade municipal e, unha vez dictada a Resolución que proceda sobre a Licencia de Apertura, practicarase a liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais, empregando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 10º.- En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.-

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcurra o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases e Réxime Local e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Ribadavia, 26 de marzo do 2003.- O alcalde.

R. 1.403

SAN CIBRAO DAS VIÑAS

EDICTO

Elevandose a definitivo, por non se presentaren reclamacións, o acordo plenario adoptado en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2003, de aprobación provisional do expediente de modificación da "Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmoebles urbanos, rústicos e de características especiais", en cumprimento do disposto no artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, publícase, como anexo a este anuncio, o texto íntegro desta.

Contra o presente acordo definitivo de modificación do devandito imposto, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tri-

bunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da presente publicación.

Anexo

Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais

Artigo 1.- Natureza e feito imponible

O Imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos na Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, e a Lei 48/2002, de 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) De unha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos que se atopen afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxección do inmovible ás restantes modalidades previstas no mesmo.

Aos efectos deste imposto terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos nas normas reguladoras do catastro inmobiliario, en particular, no disposto no artigo 2º da Lei 48/2002, de 23 de decembro.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto da concurrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon.

Artigo 3.- Base imponible

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles.

Artigo 4.- Base liquidable

A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible

as reducións legais que no seu caso sexan de aplicación.

Artigo 5.- Exencións

Á vista da facultade otorgada polo apartado 4º do artigo 7º da Lei 51/2002, de 27 de decembro, polo que se modifica o artigo 63 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, decláranse exentos os recibos correspondentes a inmobles urbanos cuia cuota líquida sexa inferior a 4,00 e os rústicos, no caso que para cada suxeto pasivo, a cuota líquida correspondiente á totalidade dos bens rústicos poseídos no municipio sexa inferior a 6,00.

Artigo 6.- Cota tributaria

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable os seguintes tipos de gravamen:

- a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,50 por cen.
- b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,60 por cen.
- c) Para os bens inmobles de características especiais o 1,30 por cen, para todos os grupos.

Artigo 7.- Período impositivo e devengo

1.- O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

2.- O período impositivo coincide co ano natural.

3.- Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ante o catastro inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ao momento no que se produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

Artigo 8.- Xestión do imposto

1.- A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos, salvo delegación en forma no organismo competente e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a existencia e información ao contribuínte.

2.- A xestión catastral e competencia exclusiva da administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais.

3.- De conformidade coa prerrogativa otorgada polo apartado 2º de artigo 78 de la lei 39/1988, de 28 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, agruparánse nun único documento de cobro sempre que sexa posible, cando se refieran a bens que radiquen nun mesmo municipio.

Artigo 9.- Cuestións non previstas nesta ordenanza

En canto non contradiga ou non esté previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, de 28 de decembro, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, reguladora das facendas locais, e no disposto na Lei 48/2002, de 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

San Cibrao das Viñas, 31 de marzo de 2003.- A alcaldesa.

R. 1.442

* * *

VILAMARTÍN DE VALDEORRAS

ANUNCIO

O Pleno Municipal, na sesión que tivo lugar o día 11-02-2003, adoptou o acordo que a continuación se transcribe, en relación coa modificación de ordenanzas fiscais, elevándose a definitivo ó non producirse reclamacións.

Acordo:

Primeiro.- Aprobar para 2003 e seguintes a modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

IBI rústica e urbana; IAE; ICIO; taxas por ocupación de solo, subsolo e voo do dominio público e taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público por empresas operadoras no sector eléctrico, telecomunicacións e hidrocarburos.

Respecto ó imposto de circulación de vehículos non se crea ordenanza e estarase polo tanto ó disposto na Lei 39/1988 e Lei 51/2000, sen incremento de tarifas nin establecemento de bonificacións.

Segundo.- Derrogar, con efectos desde o 31 de decembro de 2002, as ordenanzas municipais, reguladoras dos impostos e taxas anteriormente descritas en todo canto contradigan a estas e as

normas citadas no apartado anterior.

Terceiro.- Indicar que as ordenanzas fiscais vixentes na actualidade, non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Cuarto.- Expor ó público no taboleiro de anuncios do concello os anteriores acordos provisionais durante un período de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o período de exposición pública das ordenanzas, quen tivese un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 39/1988, poderá examinalo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Transcorrido o período de exposición pública sen presentarse reclamacións, os acordos adoptados quedarán elevados a definitivos.

Quinto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda que se adopten, así como o texto das ordenanzas modificadas, que a súa aplicación conterá o texto completo delas.

Textos completos das ordenanzas.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

A teor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa nos artigos 15 e seguintes, así como do título II e art. 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación da dita norma e Lei 48/2002 reguladora do catastro inmobiliario, regúlase mediante a presente ordenanza fiscal o imposto sobre bens inmobles.

Artigo 1º.- Feito imponible.

1. O feito imponible do imposto sobre bens inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida nel, determinará a non suxeición do in-

moble ó resto de modalidades previstas neste.

2. Teñen a consideración de bens inmobles de natureza urbana, rústicos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas que regulan o catastro inmobiliario. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2.- O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada consonte coas normas de dereito común.

3.- No suposto de concorrencia de máis dun concesionario sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituto do contribuínte o que deba satisfacer-lo maior canon, sen prexuízo de poder repercutir este sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias destas entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes se transmitirán ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1.- Exencións directas de aplicación de oficio: as comprendidas no art. 63, apartado 1, da Lei 39/1988, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

2.- Exencións directas de carácter rogado: as comprendidas no art. 63.2, letras a), b) e c), da Lei 39/1988, na súa re-

dacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

3.- Exencións potestativas:

a.- Os bens inmobles de natureza urbana dos que a súa cota líquida sexa inferior a dous euros.

b.- Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a dous euros.

4.- Con carácter xeral, a concesión de exencións xurdirá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data da percepción do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu goce.

Artigo 5º. Base imponible.

1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación consonte coas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e da maneira que a lei preveña.

Artigo 6º. Reducións.

1.- A redución da base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles, urbanos e rústicos, que se encontren nalgunha destas dúas situacións:

a.- Inmobles dos que o seu valor catastral se incremente como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación do novo relatorio total de valoración aprobado con posterioridade ó 1-1-1997 ou por aplicación de sucesivos relatos totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no art. 69.1 da Lei 39/1988.

b.- Cando se aprobe un relatorio de valores que dera lugar á aplicación da redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e da que o seu valor catastral se altere antes de finaliza-lo prazo de redución por:

- 1.- procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.
- 2.- procedemento de valor colectiva de carácter parcial.

3.- procedemento simplificado de valoración colectiva.

4.- procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e emenda de discrepancia e inspección catastral.

2.- A redución será aplicable de oficio coas normas contidas no art. 69, 70 e

71 da Lei 39/1988, na modificación establecida pola Lei 51/2002.

Estas reducións, en ningún caso, serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7º. Base liquidable.

1.- A base liquidable será o resultado de practicar, de se-lo caso, na imposable as reducións que legalmente establezan.

2.- A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imposable, salvo as específicas aplicacións que prevexa a lexislación.

3.- A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imposable nos procedementos de valoración colectiva. A dita notificación incluíra a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base do inmovible así como o importe da redución, de se-lo caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.

4.- O valor base será a base liquidable consonte coas normas da Lei 39/1988 e Lei 48/2002, do 23 de decembro do catastro inmobiliario.

5.- A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e o réxime de recursos contra os actos administrativos, o establecido na dita lei, así como na Lei 39/1988.

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

a.- para os bens inmobles de natureza urbana o 0,6% (0,4-1,10%).

(Nota: no suposto de que o concello estableza diferentes gravames por usos, estarase ó establecido no novo artigo 73).

b.- para os bens inmobles de natureza rústica o 0,3% (0,3-0,9%).

(Nota: cando se trate da entrada en vigor de novos valores catastrais deberá consultarse o artigo 73.5 da lei).

c.- para tódolos grupos de bens inmobles de características especiais: o 1,30% (0,4-1,3%).

(Nota: no suposto de querer establecer tipos diferenciados polas distintas clases de bens inmobles de características especiais o concello deberá especificar, dentro dos límites sinalados antes, os tipos para cada un deles).

Artigo 9º. Bonificacións.

1. No suposto de novas construcións pódese conceder unha bonificación do 50% (entre 50-90%) na cota íntegra do imposto, trala solicitude previa dos interesados e antes do inicio das obras ás empresas urbanizadoras, constructoras e promotoras, tanto se se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a

esta, de conformidade co artigo 74 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización ou de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para gozar da citada bonificación os interesados deberán de cumprí-los seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción que se trate, a cal se fará mediante certificación do técnico-director competente delas, visado polo colexio profesional.

b) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, a cal se fará mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, a cal se fará mediante certificación do administrador da sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, para os efectos do imposto de sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por cento durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva e trala petición previa do interesado, debendo xustificala titularidade mediante escritura pública, inscrita no rexistro da propiedade.

Transcorridos os tres anos, contidos anteriormente, gozarán dunha bonificación do 2% (ata o 50%) por dous anos (especifica-lo número de anos).

3. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota os bens de natureza rústica das cooperativas agrícolas e de explotación comunitaria da terra, de acordo co art. 134 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, de cooperativas.

Artigo 10º. Período impositivo e acreditación do imposto.

1. O período impositivo é o ano natural.

2. O imposto aplícase o primeiro día do período impositivo.

3. As variacións de orde física, económica ou xurídica, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel en que se producen.

4. Cando o concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ó que figura no seu padrón, liquidará o IBI

na data en que o catastro lle notifique o novo valor catastral.

5. A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente ós exercicios meritados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel en que van finalizalas obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

6. De se-lo caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e ós anteriores a cota satisfeita por IBI a razón doutra configuración do inmovible, diferente da que tivo na realidade.

Artigo 11º. Réxime de declaración e ingreso.

1. Para os efectos previstos no art. 77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos están obrigados a formalizalas declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade no caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orde físico, económico ou xurídico nos bens inmobles que teñan transcendencia para os efectos deste imposto.

2. Ó ser competencia do concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse deben ser presentadas á administración municipal, ante a cal se deberá indicar, así mesmo, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obrigación dos suxeitos pasivos de presentalas modificacións, alteracións e demais o concello sen menoscabo das facultades do resto das administracións públicas, comunicará ó catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licencia ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da facultade de xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer-lo recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante isto, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar-la suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o reco-

rente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostra fidedignamente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conxuntamente coa Lei 48/2002 e 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pagamento voluntario sen que a débeda se satisfixera, iníciase o período executivo, o cal comporta a acreditación da recarga do 20 por cento do importe da débeda non ingresada, así como o dos intereses de mora correspondentes.

A recarga será do 10 por cento cando a débeda se ingrese antes que fora notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º. Xestión por delegación.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola administración convida ou delegada.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13º. Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza aprobada polo Pleno na sesión que tivo lugar o 11-02-2003, comezará a rexe-lo día 1º de xaneiro de 2003 e continuará vixente mentres non se acorde a modificación ou derrogación.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

O alcalde.- O secretario.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas

A teor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do título II e arts. 79 e seguintes, todos eles da

Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación da dita norma, régúlese mediante a presente ordenanza fiscal o imposto de actividades económicas.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. O imposto sobre actividades económicas é un tributo municipal directo e de carácter real, do que o seu feito imponible é o mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non estean exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, atópense ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2. Para os efectos deste imposto considéranse actividades empresariais as de gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración as actividades agrícolas, gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinen o feito imponible.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente, en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixírase, en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1. Están exentos do imposto:

a) O Estado, as comunidades autónomas e os entes locais, así como os seus respectivos organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os dous primeiros perí-

odos impositivos deste imposto en que se desenvolva esta.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- as persoas físicas.

- os suxeitos pasivos do imposto de sociedades, as sociedades civís e as entidades do art. 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Para os efectos da aplicación da exención prevista nesta letra teranse en conta as regras que conteñen o art. 83 da Lei 39/1988, na súa redacción dada pola Lei 51/2002.

d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro.

e) Os organismos públicos de investigación e os establecementos de ensinanza en tódolos seus graos, costeados integramente con fondos do Estado, das comunidades autónomas ou dos entes locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensinanza en tódolos seus graos que, faltando ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de ocupación que realicen para a ensinanza, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos.

g) Estarán exentas as fundacións e asociacións para o exercicio daquelas actividades que constituían o seu obxectivo social ou finalidade específica, non xeren competencia desleal e os seus destinatarios sexan unha colectividade xenérica de persoas. Para tal efecto esterase ó establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións e Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

h) A Cruz Vermella.

i) Os suxeitos pasivos ós que lles sexan de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2. As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

3. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da aplicación do tributo concorreran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplica-las tarifas do imposto, incluído o elemento superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realice a actividade regulados nos arts. 6 e 7 da presente ordenanza.

Artigo 6º. Coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios; coeficiente.

Desde:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29.
- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30.

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32.

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33.

Máis de 100.000.000,00; 1,35.

Sen cifra neta de negocio; 1,31.

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de facendas locais.

Artigo 7º. Bonificacións.

Sobre a cota do imposto aplicarase, en todo caso, as seguintes bonificacións:

- A) Ó abeiro do que prevé a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, gozarán dunha bonificación do 95% da cota as cooperativas, as súas unións, federacións e confederacións, así como as sociedades agrarias de transformación.

- B) Unha bonificación do 50% da cota correspondente, para quen inicie o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento dela. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Artigo 8º. Período impositivo e obriga de contribuír.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trata de

declaracións de alta, en tal caso comprenderá desde a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de inicio da actividade non coincida co ano natural, en tal caso as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que queden para remata-lo ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

Tamén, e no caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

3. Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgúns dos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da sección I das tarifas do IAE, aplicarase no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente ós metros vendidos ou espectáculos celebrados no exercicio anterior. No caso de cesamento na actividade, a declaración complementaria terá que presentarse xunto coa declaración de baixa.

Artigo 9º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. É competencia do concello a xestión tributaria deste imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que conducen á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os anteditos actos e actuacións para a información e asistencia ó contribuínte, sen prexuízo das facultades de delegación.

2. Contra os actos de xestión tributaria competencia do concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes contado desde:

a) A data da notificación expresa, no caso de liquidacións de ingreso directo.

b) A finalización do período de exposición pública do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime, por tratarse de exercicios seguintes a aquel en que tivo lugar a alta.

3. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que dentro do prazo previsto para interpoñelos o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

Non obstante iso, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre fidedignamente que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4. As liquidacións de ingreso directo satisfaranse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se realizara o ingreso iniciárase a vía de constrinximento e aplicarase a recarga establecida na Lei xeral tributaria.

As cantidades debidas acreditan interese de mora desde o día seguinte ó vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese aplicarase sobre a débeda tributaria, excluído a recarga de constrinximento.

O tipo de interese é o vixente ó longo do período en que se acredite, fixado de acordo co disposto no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria e disposicións legais que resulten de aplicación.

5. Cando o concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censal, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto esixírase en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados para o efecto pola entidade local.

Artigo 11º. Comprobación e investigación.

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o concello e o ente en quen este delegara as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do imposto sobre actividades económicas, que comprenderán a comprobación e a investigación, a práctica das liquidacións tributarias que, se cabe, sexan procedentes e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo iso referido, exclusivamente, ós supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 12º. Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno, na sesión que tivo lugar o 11 de febreiro de 2003, empezará a rexer o día 1 de xaneiro de 2003 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación. No caso de modificación parcial, os artigos non modificados continuarán vixentes. Modifícase expresamente o contido da anterior ordenanza que contradiga a presente, que será de íntegra aplicación.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado ou cal-

quera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

O alcalde.- O secretarioio.

Ordenanza reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A teor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do título II e artigo 102 ó 104, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación da dita norma, regúlase mediante a presente ordenanza fiscal o imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para as que se esixa a obtención da licenza de obras ou urbanística correspondente, obtivérase ou non esta licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

2. As construcións, instalacións ou obras as que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

A) Obras de construción de edificacións e instalacións de calquera tipo de nova planta.

B) Obras de demolición.

C) Obras en edificios, tanto as que modifiquen a súa disposición interior como as que modifiquen o seu aspecto exterior.

D) Aliñacións e rasantes.

E) Obras de fontanería e de rede de sumidoiros.

F) Movementos de terra tales como desmonte, explanacións, escavacións, terrapléns, obras de peche de soares ou terreos, valos, estadas e andadeiras.

G) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra ou urbanística.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realiza aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen

soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite as correspondentes licencias ou realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

3. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a nomear un representante con domicilio en territorio español, para os efectos das súas relacións coa Facenda Pública.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicará.

4. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

5. As débedas por este imposto serán esixibles ás persoas físicas e xurídicas que sucedan ó debedor no exercicio das explotacións e actividades económicas.

Artigo 4º. Exencións.

Están exentos de pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra das que sexan propietarios o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitos ó imposto, vaian destinarse directamente a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e ás súas augas residuais, a pesar de que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de conservación.

Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, a instalación ou a obra, e enténdese por tal para estes efectos o custo de execución material daquelas.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, de se-lo caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista, nin calquera outro concepto que non integre estrictamente o custo de execución material.

Artigo 6º. Tipo de gravame e cota.

1. O tipo de gravame será o 2 por cento.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

Artigo 7º. Bonificacións e reducións sobre a cota do imposto.

Concederáse unha bonificación do 2% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.

Artigo 8º. Obriga de contribuír.

O imposto aplicarase no momento de iniciarse a construción, a instalación ou a obra, aínda que non se obtivera a licenza correspondente.

Artigo 9º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. O solicitante dunha licenza para realízalas construcións, instalacións ou obras enumeradas no artigo 1º, punto 2, desta ordenanza, deberá presentar no momento da solicitude, o proxecto e o presuposto de execución estimado.

2. Cando se conceda a preceptiva licenza practícarase unha liquidación provisional e a base imponible determinarase en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que este estivera visado polo colexio oficial correspondente. Se non fora así, a base imponible a determinarán os técnicos municipais.

3. Á vista das construcións, as instalacións ou as obras realizadas e o seu custo real efectivo, o concello, mediante a comprobación administrativa correspondente, poderá modificar, se procede, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practícará a liquidación definitiva correspondente e esixirá do suxeito pasivo a diferenza, ou lle reintegrará, se procede, a cantidade que corresponda.

4. O ingreso das liquidacións, provisional e definitiva, efectuarase nas entidades colaboradoras da recadación nos prazos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Artigo 10º. Comprobación e investigación.

1. A inspección e a comprobación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas dispo-

sicións dictadas para o seu desenvolvemento.

2. En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que lles correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que o desenvolvan.

3. Para os efectos previstos neste apartado considerarase de especial transcendencia para a xestión do imposto a presentación das declaracións esixidas pola normativa vixente e recollidas nesta ordenanza.

Artigo 11º. Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno, na sesión que tivo lugar o 11 de febreiro de 2003, empezará a rexe-lo día 1 de xaneiro de 2003, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación. En caso de modificación parcial os artigos non modificados continuarán vixentes.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado ou calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

O alcalde.- O secretario.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo e voo sobre o dominio público local por parte de empresas operadoras do sector eléctrico, telecomunicacións e hidrocarburos.

A teor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do título II, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación da dita norma, regúlase mediante a presente ordenanza fiscal a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo e voo do dominio público local e consonte co réxime e ás tarifas que se inclúen na presente ordenanza.

Artigo 1º.- Ámbito de aplicación: Veñen obrigados ó pagamento da taxa que regula a presente ordenanza tódalas persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens e demais entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tri-

butaria, que, sendo operadores dos sectores de electricidade, telecomunicacións e hidrocarburos, leven a cabo a utilización privativa ou se beneficien de calquera modo do aproveitamento especial, do dominio público local coas especificacións e concrecións deste que se dirán, ou que veñan gozando dos ditos beneficios e que afecten en calquera forma ó solo, subsolo e voo do dito dominio público local.

A aplicación da presente ordenanza farase da forma seguinte:

a) En réxime xeral.

b) En réxime especial ou de compensación.

Enténdese por ámbito de aplicación no réxime xeral a taxa a satisfacer pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo e voo do dominio público local.

Enténdese por ámbito de aplicación no réxime especial a taxa a satisfacer pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servicios de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, entendéndose comprendidas as empresas distribuidoras e comercializadoras a que se refire o artigo 24.1.c) da Lei 39/1988, na modificación habida pola Lei 51/2002, do 27 de decembro e iso unicamente no que se refire ó aproveitamento especial ou utilización privativa das súas instalacións nas vías públicas municipais.

Artigo 2º.- Feito imponible: Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local que se concreta nesta ordenanza. Para os efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público local tódolos bens de uso, dominio ou servicio público e os comunais ou pertencentes ó común de veciños, exceptuándose por iso os denominados bens patrimoniais; e por vía pública, o espazo do solo, subsolo e voo que formando parte do dominio público local, estea comprendido por rúas, prazas, camiños municipais e demais espazos do dominio público local coa consideración de vías públicas que se atopen dentro do perímetro do solo urbano e urbanizable.

Para tal fin as persoas físicas ou xurídicas contribuíntes por esta ordenanza virán obrigadas a presentar no concello, durante o primeiro mes do ano, relación comprensiva e especificativa de tódalas súas instalacións e elementos afectos a esta ordenanza. Noutro caso será deter-

minado polos servicios técnicos municipais.

As taxas reguladas nesta ordenanza son compatibles co imposto sobre construcións, obras e instalacións e con outras taxas que teña establecidas, ou poida establecer, o concello, tanto pola utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, como por prestación de servicios ou realización de actividades de competencia local.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que teñan a condición de operadores dos sectores de electricidade, telecomunicación e hidrocarburos, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte con algún dos supostos previstos no artigo 20.3 desta lei e especialmente as empresas que producen, transportan, distribúen e comercializan enerxía eléctrica, redes de telecomunicación e hidrocarburos e os seus elementos anexos e necesarios para presta-lo servicio, afectando coas súas instalacións ó dominio público local, exceptuadas as empresas ás que se aplica o ámbito do réxime especial ou compensatorio xa contido anteriormente.

Artigo 4º. Cota tributaria. A contía das taxas reguladas na presente ordenanza será a seguinte:

a) Para os suxeitos pasivos sometidos ó réxime xeral da taxa e ordenanza, constitúe a cota tributaria a contida nas tarifas que figuran no anexo.

Tratándose a presente taxa como de réxime xeral pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, exceptuado o comprensivo das vías públicas municipais, nos termos desta ordenanza fiscal, o importe das taxas previstas pola dita utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, fixarase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da dita utilización ou aproveitamento, como se os bens afectados non fosen de dominio público.

Para tal fin e en consonancia co apartado 1.a) do artigo 24 da Lei reguladora, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial, establecéronse as tarifas anexas, atendidas as especiais circunstancias dos suxeitos pasivos, principalmente empresas subministradoras de servicio de subministración de interese xeral entre as que cabe citar ás empresas hidroeléctricas que transportan fluído

eléctrico para a súa posterior distribución ou comercialización a outras compañías, entidades ou particulares e que o fan mediante torres, soportes, postes, etc, sobre os que se atopan as liñas ou redes que se asentan e atravesan bens de uso, dominio, servizo público e bens comunais, e que en consecuencia non tendo a propiedade sobre os terreos afectados, ningúna sen embargo o seu aproveitamento común ou público e obteñen sobre os mesmos unha utilización privativa ou un aproveitamento especial para a súa propia actividade empresarial.

b) Para os suxeitos pasivos da taxa ós que se aplica a ordenanza en réxime especial ou compensatorio, o importe da taxa e en consecuencia da cota tributaria consistirá, en todo caso, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas.

Para efectos deste réxime de cuantificación da taxa aplicarase ás empresas a que se refire o parágrafo c) do n.º 1 do artigo 24 da Lei 39/1988, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúan as subministracións, como se, non sendo titulares das ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a elas.

Artigo 5º. Obrigación de pagamento.

1.- A obrigación de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos ou utilizacións privativas do dominio público local, no momento de solicita-la correspondente licenza ou aínda que carecendo dela, no momento da autorización ou concesión administrativa por quen proceda.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos ou utilizacións privativas xa autorizados, aínda que non contén con licenza municipal, e sen prexuízo da súa regularización polo suxeito pasivo ou titular da actividade, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2.- O pagamento da taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos ou utilizacións privativas novas, por ingreso directo nas dependencias municipais ou onde determine o concello e sempre antes de retirar-la correspondente licenza sen prexuízo do importe doutras obrigacións tributarias.

Este ingreso terá o carácter de depósito previo, de conformidade co establecido no artigo 26 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenza correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos ou utilizacións privativas xa autorizados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por semestres naturais nas oficinas da Recadación Municipal, desde o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo mes; non obstante o concello pode dispoñer-lo ingreso anual dunha soa e única vez coas notificacións previas ós contribuíntes das taxas.

Artigo 6º.- Réxime de ingreso das taxas.

1. A taxa esixírase normalmente en réxime de autoliquidación. Tamén se esixirá mediante notificación das cotas ó suxeito pasivo, cando non exista autoliquidación ou non se presente declaración polo suxeito pasivo no que atinxe ós elementos e demais para calcula-las cotas tributarias.

2. Cando se teñan subscrito convenios con representantes dos interesados ou cos propios suxeitos pasivos, segundo o previsto nesta ordenanza, as declaracións de inicio do aproveitamento especial ou utilización privativa ou das variacións dos elementos tributarios, así como o ingreso da taxa, realizaranse segundo o convenio.

3. En supostos diferentes do previsto no apartado 2, as cantidades esixibles consonte ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e por cada utilización privativa e serán irreductibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes da seguinte forma:

a) Nos supostos de concesións de novos aproveitamentos, xunto coa solitude de autorización para gozar do aproveitamento especial, presentarase debidamente cuberto o impreso de autoliquidación da taxa ou, noutro caso, aplicarase o apartado 1 deste artigo en relación co parágrafo seguinte.

Asemade, poden presentarse, na Secretaría, os elementos da declaración, con obxecto de que o funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria, para determina-la débeda. Neste suposto, expediráselle un billete de empréstito ó interesado, con obxecto de que poida satisfacer-la cota naquel momento, ou no prazo que proceda, nos lugares de pagamento indicados no propio billete de empréstito.

b) En supostos de aproveitamentos ou utilizacións xa existentes ou autorizados, o pagamento da taxa efectuarase no 1º trimestre de cada ano ou dentro dos prazos que estableza a liquidación, se se dese este suposto, a excepción do período de 2003 que, por virtude da modificación lexislativa, poderá realizarse ata o 31 de decembro do devandito ano. Co

fin de facilita-lo ano, o concello poderá remitirle ó domicilio do suxeito pasivo un documento apto para permiti-lo pago en entidade bancaria colaboradora.

Emporiso, a non recepción do documento de pago citado, non invalida a obriga de satisfacer-la taxa no período determinado polo concello.

4. O suxeito pasivo poderá solicita-la domiciliación do pagamento da taxa; neste caso, ordenarase o cargo en conta bancaria durante a última quincena do período de pagamento voluntario, establecéndose, en tales casos, unha bonificación do 5% da cota tributaria desta taxa, de conformidade co establecido no artigo 9, apartado 1, da lei reguladora.

Artigo 7º.- Notificacións das taxas.

1. A notificación da débeda tributaria, en supostos de aproveitamentos ou utilizacións a que se refire esta ordenanza, realizaráselle ó interesado, no momento no que se presenta a autoliquidación ou no que se leva a cabo a liquidación desta.

Non obstante o previsto no apartado anterior, se unha vez verificada a autoliquidación resultase incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2. Nos supostos de taxas por aproveitamentos especiais, ou utilización privativa obxecto desta ordenanza, continuados, que ten carácter periódico, notificáraselle persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes, e entenderase en todo caso notificado coa aprobación do padrón e o seu anuncio de que foi aprobado. A taxa de exercicios sucesivos notificárase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do concello, polo período correspondente, que se publicará no BOP.

Artigo 8º.- Normas de xestión.

1. As cantidades esixibles consonte coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, ou pola utilización privativa do dominio público local e serán irreductibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2. As persoas físicas ou xurídicas e demais entidades interesadas na concesión de aproveitamentos ou na utilización privativa regulados nesta ordenanza ou titulares de concesións administrativas ou outras autorizacións legais, que non contén coa oportuna licenza municipal, deberán solicita-la e cumprirlos trámites legais que resulten de aplicación.

3. Unha vez autorizada a ocupación sobre os bens a que se refire esta ordenanza, ou establecida esta, se non se determinou con exactitude a duración da autorización que leve consigo o aproveitamento ou a utilización privativa, en-

tenderase prorrogada para os efectos desta ordenanza, ata que se presente a declaración de baixa polos suxeitos pasivos.

4. A presentación da baixa producirá efectos a partir do 1º día do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

5. Poderanse establecer convenios de colaboración con organizacións representativas dos suxeitos pasivos, ou con entidades que deban tributar polos feitos impositivos previstos nesta ordenanza, co fin de simplificar os procedementos de declaración, liquidación ou recadación.

Artigo 9º.- Infraccións.

As infraccións desta ordenanza e defraudacións, que se cometan, serán sancionadas consonte coas disposicións vixentes na materia.

Constitúen casos especiais de infracción, cualificados de defraudación:

a) A realización dalgún aproveitamento ou utilización privativa dos regulados por esta ordenanza, sen a necesaria licenzia municipal.

b) A ocupación do dominio público local, excedendo os límites fixados na licenzia.

A imposición de sancións non impediría, en ningún caso, a liquidación e o cobro das cotas aplicadas non prescritas.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2003, conforme coa Disposición transitoria 5ª da Lei 51/2002, e permanecerá en vigor para exercicios sucesivos ata a súa modificación ou derrogación expresas.

Aprobada inicialmente polo Concello de Vilamartín, en pleno, na sesión ordinaria do 11 de febreiro de 2003. Elevada a definitiva, porque non se presentaron reclamacións.

V.e pr. O alcalde. O secretario.

R. 1.430

LEIRO

EDICTO

Unha vez elevado a definitivo, por non se ter presentado reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión do 17 de febreiro de 2003, de aprobación provisional do expediente de imposición e ordenación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, publícase seguidamente, tanto o acordo de aprobación como o

texto definitivo da ordenanza, en cumprimento do preceptuado no artigo 17 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das facendas locais.

Leiro, 28 de marzo de 2003.- O alcalde.

Anexo I (Acordo de aprobación)

2.- Expediente imposición e ordenación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Deuse conta da proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

“Expediente de imposición e ordenación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica”

Tendo en conta a entrada en vigor da nova Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e a súa incidencia no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, coa modificación substancial que esta norma comporta respecto do mesmo, recoñecida a potestade regulamentaria do Concello, ó abeiro do disposto no art. 4.1a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais lexislación de aplicación, e a competencia municipal na materia, derivada dos principios de fiscalidade municipal recollidos na Constitución Española.

Vista a memoria da Alcaldía, o informe de Secretaría-Intervención e demais documentación obrante no expediente, esta Alcaldía proponlle ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar, provisionalmente, a imposición do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, e ordenalo na forma que regula a ordenanza fiscal, o texto da cal figura no anexo á memoria da Alcaldía de data 10 de febreiro de 2003 que encabeza o expediente, conforme co disposto no artigo 16 da citada Lei 39/1998.

Segundo.- Expor ó público o presente acordo e a ordenanza fiscal, tal como preceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionada Lei 39/1998.

Terceiro.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións e continua-lo expediente ata a súa conclusión, de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida Lei 39/1998.

Cuarto.- A ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

A continuación, de orde da presidencia someteuse a votación a proposta da Alcaldía, dando o seguinte resultado: sete votos a favor da mesma e unha abstención (D. Luís Pérez Estévez). En conse-

cuencia, o Pleno municipal trala votación ordinaria, por sete votos a favor e unha abstención, sendo once o total de membros que de dereito o compoñen, acordou aproba-la proposta da Alcaldía sobre o expediente de imposición e ordenación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, quedando a referida proposta convertida en acordo nos seus propios termos.

Anexo II (Ordenanza reguladora)

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II, e artigos 93 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Artigo 1.º Natureza e feito impositivo.

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2. Considerase vehículo apto para a circulación o que houbera sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causase baixas neles. Os efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeitos ó imposto:

a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con motivo de exhibicións, certames ou carreiras limitadas os desta natureza.

b) Os remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica a carga útil dos cales non sexa superior a 750 kg.

Artigo 2.º Suxeitos Pasivos.

Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, a nome dos cales conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 3.º Exencións.

1. Estarán exentos deste imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e entidades

locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sé ou oficina en España y dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto os vehículos conducidos por persoas con discapacidade como os destinados o seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultan aplicables os suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por mais de un vehículo simultaneamente.

Os efectos do disposto nesta letra, consideraranse persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grado igual ou superior o 33 por 100.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder aplicar as exencións a que se refiren as letras e) e g) deste artigo, deberán acompañar a solicitude cos seguintes documentos:

A. No suposto de vehículos para persoas de mobilidade reducida:

-2.Fotocopia do Permiso de Circulación.

-4.Fotocopia do certificado de características.

-6.Fotocopia do Carné de Conducir (anverso e reverso)

-8.Fotocopia da declaración administrativa de invalidez ou diminución física expedida polo Organismo competente.

B. No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícolas:

-10.Fotocopia do Permiso de Circulación.

-12.Fotocopia do certificado de características.

-14.Fotocopia da Cartilla de Inspección Agrícola expedida a nome do titular do vehículo.

3. Con carácter xeral, o efecto da concesión de exencións empeza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. No obstante, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 4.º Tarifas.

1. As cotas do cadro de tarifas do imposto fixado no artigo 96.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro ou as que resulten pola modificación das mesmas na Lei de Orzamentos xerais do Estado, se incrementarán aplicando sobre as mesmas o seguinte coeficiente:

Clase de vehículo; coeficiente.

Coeficiente

A) Turismos; 1

B) Autobuses; 1

C) Camións; 1

D) Tractores; 1

E) Remolques e semirremolques; 1

F) Outros vehículos; 1

2. Este coeficiente aplicarase incluso no suposto que o mencionado cadro sexa modificado por Lei de Presupuestos Xerais do Estado.

3. O concepto das diversas clases de vehículos e as regras para a aplicación das tarifas será o que se determine con carácter xeral pola Administración do Estado.

No seu defecto estarase ó disposto no Código da Circulación polo que respecta os diferentes tipos de vehículos.

Artigo 5.º Bonificacións.

1. Establecese una bonificación do 100 por 100 da cota do imposto a favor dos titulares dos vehículos de carácter histórico, ou que teñan unha antigüidade superior a vintecinco anos.

2. No suposto do apartado anterior, a data de solicitude da bonificación será a data na que se cumpra a condición constitutiva do presuposto material da bonificación e a bonificación será efectiva a partir do exercicio seguinte a aquel no que se conceda.

Artigo 6.º Período impositivo e percibo.

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o

período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo.

3. Nos casos de baixa definitiva, ou baixa temporal por substracción ou roubo do vehículo, ratearase a cota por trimestres naturais. Corresponderá ó suxeito pasivo pagar a parte de cota correspondente os trimestres do ano que restan por transcourir incluído aquel en que se produza a baixa no Rexistro de Tráfico.

4. Si cando o Concello coñece a baixa aínda non se elaborou o instrumento cobratorio correspondente, liquidarase a cota rateada que debe satisfacerse.

5. Cando a baixa teña lugar despois do ingreso da cota anual, o suxeito pasivo poderá solicitar o importe que, por aplicación do rateo previsto no punto 3, lle corresponda percibir.

Artigo 7.º Réxime de declaración e liquidación.

1. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma deles, sempre que altere a súa clasificación a efectos de este imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ó cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de tódalas débedas por dito concepto percibidas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou mais anos de antigüidade.

2. A xestión, liquidación, inspección, recadación e a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponde ó Concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

3. As modificacións do padrón fundamentaranse nos datos do Rexistro Público de Tráfico e na comunicación da Xefatura de Tráfico relativa a altas, baixas, transferencias e cambios de domicilio das que poida dispor o Concello.

Artigo 8.º Ingresos.

1. No caso de primeiras adquisicións dos vehículos, provisto da declaración-liquidación, o interesado poderá ingresar o importe da cota do imposto resultante da mesma na oficina municipal xestora, o nunha entidade bancaria colaboradora.

En todo caso, con carácter previo á matriculación do vehículo, a oficina xestora verificará que o pago se fixera na

contía correcta e deixará constancia da verificación no impreso de declaración.

2. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro trimestre de cada ano e no período de cobro que fixe o Concello, anunciándose por medio de Edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Edictos do Concello, do modo que se crea mais adecuado. En ningún caso, o período de pago voluntario será inferior a dous meses.

3. No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das cotas correspondentes realizarase mediante o sistema de padrón anual.

4. O padrón ou matrícula do imposto se exporá ó público por un prazo de vinte días hábiles para que os interesados lexítimos poidan examinalo, e no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público se anunciará no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 9. Data de aprobación e vixencia.

A presente Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 17 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

Disposición Adicional Primeira.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición Adicional Segunda.

En relación coa xestión, liquidación, inspección e recadación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, a competencia para evacuar consultas, resolver reclamacións e impor sancións corresponderá á Entidade que exerza ditas funcións, cando houberen sido delegadas polo Concello, de acordo co establecido nos artigos 7, 12 e 13 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

EDICTO

Unha vez elevado a definitivo, por non se ter presentado reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión do 17 de febreiro de 2003, de aprobación provisional do expediente de modificación de

ordenanzas fiscais, publícase seguidamente, tanto os acordos de aprobación como os textos definitivos das ordenanzas, en cumprimento do preceptuado no artigo 17 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das facendas locais.

Leiro, 28 de marzo de 2003.- O alcalde.

Anexo I (Acordo de aprobación)

3.- Expediente modificación ordenanzas fiscais.

Deuse conta da proposta da Alcaldía, co tenor literal seguinte:

“Expediente modificación de ordenanzas fiscais”

Tendo coñecemento da entrada en vigor da nova Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, así como da entrada en vigor da lei 48/2002, do 28 de decembro, reguladora do castastro inmobiliario e a súa incidencia nos bens inmobles principalmente, e a modificación substancial que estas leis comportan respecto das ordenanzas fiscais municipais reguladoras do imposto sobre bens inmobles, do imposto sobre actividades económicas, do imposto sobre construcións, instalacións e obras e da taxa por licenzia de apertura de establecementos, recoñecida a potestade regulamentaria do Concello, ó abeiro do disposto no art. 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais lexislación de aplicación e a competencia municipal na materia, derivada dos principios de fiscalidade municipal recollidos na Constitución Española.

Vista a memoria da Alcaldía, o informe de Secretaría-Intervención e demais documentación obrante no expediente, esta Alcaldía proponlle ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar, provisionalmente, a modificación das ordenanzas fiscais que se relacionan a continuación, que quedan redactadas co texto que figura no anexo á memoria da Alcaldía de data 10 de febreiro que encabeza o expediente, conforme co disposto no artigo 16 da citada Lei 39/1988.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzia de apertura de establecementos.

Segundo.- Expor ó público o presente acordo e a ordenanza fiscal, tal como

preceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionada Lei 39/1998.

Terceiro.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións e continua-lo expediente ata a súa conclusión, de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida Lei 39/1998.

Cuarto.- A ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003.

A continuación, de orde da presidencia someteuse a votación a proposta da Alcaldía, dando o seguinte resultado: sete votos a favor da mesma e unha abstención (D. Luís Pérez Estévez). En consecuencia, o Pleno municipal trala votación ordinaria, por sete votos a favor e unha abstención, sendo once o total de membros que de dereito o compoñen, acordou aproba-la proposta da Alcaldía sobre o expediente de modificación de ordenanzas de impostos locais e da taxa por licenzia de apertura de establecementos, quedando a referida proposta convertida en acordo nos seus propios termos.

Anexo II (Ordenanzas reguladoras)

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior polo orden establecido nel, determinará a non suxeición do in-

moble ó resto das modalidades previstas nel.

3. Ten a consideración de bens inmo- bles rústicos, de bens inmo- bles urbanos e de bens inmo- bles de características espe- ciais, os definidos como tales nas nor- mas reguladoras do Catastro Inmo- biliar- rio.

Artículo 2º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurí- dicas e as entidades a que se refire o ar- tigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de de- cembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito im- poñi- ble deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facul- tade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de va- rios concesionarios sobre un mesmo in- mole de características especiais, será substituto do contribuínte o que deba sa- tisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros con- cesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós cánones que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obri- gacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tribu- taria o que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas partici- pacións nas obrigacións tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou enti- dades disoltas e liquidadas, as súas obri- gacións tributarias pendentes transmiti- ranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquida- ción que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co pro- cedemento previsto na Lei xeral tribu- taria.

Artigo 4º. Exencións.

1. Son exencións directas de aplica- ción de oficio as comprendidas no artigo 63, apartado 1, da Lei 39/1988.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 63 apartado 2, letras a), b) e c) da Lei 39/1988.

3. Estarán asemade exentos:

a) Os bens inmo- bles de natureza urba- na que teñan unha cota líquida inferior a 3 euros.

b) Os bens inmo- bles de natureza rús- tica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termino municipal sexa inferior a 3 euros.

4. Con carácter xeral, a concesión de exencións de carácter rogado terá efec- tos a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o bene- ficio fiscal se solicitase antes de que a li- quidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveita- mento.

Artigo 5º. Base im- poñi- ble.

A base im- poñi- ble deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmo- bles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación con- forme ó disposto nas normas regulado- ras do Catastro Inmo- biliar- rio.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación o actualización nos casos e da maneira que a lexislación prevea.

Artigo 6º. Reducións.

1. A redución na base im- poñi- ble será aplicable a aqueles bens inmo- bles urba- nos e rústicos que se encontren en al- gunha destas dúas situacións:

a) Inmo- bles nos que o valor catastral se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral en virtude de:

1.º A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobada con posteriori- dade ó 1 de xaneiro de 1997.

2.º A aplicación de sucesivos relato- rios totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de re- ducción establecido no artigo 69.1 da Lei 39/1988.

b) Cando se aprobe un relatorio de va- lores que teña dado lugar á aplicación da redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1.º Procedementos de valoración co- lectiva de carácter xeral.

2.º Procedementos de valoración co- lectiva de carácter parcial.

3.º Procedementos simplificados de valoración colectiva.

4.º Procedementos de inscrición me- diante declaracións, comunicacións, so- licitudes, rectificacións de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta redución aplicarase de oficio de acordo coas normas contidas nos ar- tigos 69, 70 e 71 da Lei 39/1988.

3. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmo- bles de ca- racterísticas especiais.

Artigo 7º. Base liquidable.

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na im- poñi- ble as reducións que legalmente se es- tablezan.

2. A base liquidable, nos bens inmo- bles de características especiais, coinci- dirá coa base im- poñi- ble, salvo as espe- cíficas aplicacións que prevea a lexisla- ción.

3. A base liquidable notificarase con- xuntamente coa base im- poñi- ble nos pro- cedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indi- cación do valor base que corresponda o inmo- ble así como o importe da reduc- ción, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral deste imposto.

4. O valor base será a base liquidable conforme ás normas da Lei 39/1988 e da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do Ca- tastro Inmo- biliar- rio.

5. A competencia nos distintos proce- dementos de valoración será a estableci- da na Lei 48/2002 e o réxime de recur- sos contra os actos administrativos o es- tablecido en dita Lei así como na Lei 39/1988.

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmo- bles de natureza urbana o 0,5 por 100.

b) Para os bens inmo- bles de natureza rús- tica o 0,8 por 100.

c) Para todos os grupos de bens inmo- bles de características especiais: o 1,3 por 100.

Artigo 9º. Bonificacións.

1. No suposto de novas construcións, terán dereito a unha bonificación do 50 por 100 na cota íntegra do Imposto, pre- via solicitude dos interesados e antes do inicio das obras, ás empresas urbaniza- doras, constructoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilita- ción equiparable a ela, de conformidade co artigo 74 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonifica- ción comprende o tempo de urbaniza- ción, o de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbaniza- ción e construción.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os se- guintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a que se fará mediante

certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa dedicase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

Transcorridos os tres anos, contidos anteriormente, terán unha bonificación do 50 por 100 polo prazo de cinco anos.

3. Terán dereito a unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido no artigo 134 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, de Cooperativas.

4. Terán dereito a unha bonificación do 50 por 100 da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, mentres por normativa se encontre dita familia constituída como tal.

Artigo 10º. Período impositivo e de percibo do Imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. O percibo do imposto nace o primeiro día do período impositivo.

As variacións de orden físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ó que figura no seu Padrón, liquidará o imposto na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

A liquidación do Imposto comprenderá a cota correspondente os exercicios mencionados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e os anteriores, a cota satisfeita por este imposto a razón doutra configuración do inmovible diferente da que ten na realidade.

Artigo 11º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. Os efectos previstos no artigo 77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orden físico, económico ou xurídico nos bens inmoables que teñan transcendencia a efectos deste Imposto.

2. É competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, e as solicitudes para acollerse a eles deberan ser presentados á administración municipal, ante a que se debe indicar, asema de, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obrigación dos suxeitos pasivos de presentar as declaracións, ó Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licencia ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostre claramente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme á Lei 48/2002 e a Lei 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iníciase o período executivo, o que comporta o percibo do recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por 100 cando a débeda se ingrese antes de que sexa notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º. Xestión por delegación.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración coa que se subscribe o convenio ou coa Administración na que se delega.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta Ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13º. Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modifi-

cación de dita norma, regúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal directo de carácter real, o feito imponible do cal está constituído polo mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non estean exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2. Os efectos deste imposto, considéranse actividades empresariais as da gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración, as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinen o feito imponible.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1. Están exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, así como os Organismos autónomos do Estado, e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividades no territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os efectos da aplicación da exención prevista neste parágrafo teranse en conta as regras que se conteñen no artigo 83 da Lei 39/1988.

d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos que realicen.

g) As fundacións e asociacións para o exercicio daquelas actividades que constitúan o seu obxecto social ou finalidade específica, non supoñan competencia desleal e os seus destinatarios sexan unha colectividade xenérica de persoas. A tal efecto estarase ó establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións e na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

h) A Cruz Vermella.

i) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2. As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

3. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuír do tributo concorreran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, incluído o

elemento superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realiza a actividade regulados nos artigos 6 e 7 da presente Ordenanza.

Artigo 6º. Coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); coeficiente

Desde:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29

- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30

- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,01; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo co previsto na parágrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de facendas locais.

Artigo 7º. Bonificacións.

Sobre a cota do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) O abeiro do que prevé a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, gozaran dunha bonificación do 95 por 100 da cota as cooperativas, as súas unións, federacións e confederacións, así como as sociedades agrarias de transformación.

b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

c) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen pola cota municipal, durante os cinco anos seguintes á con-

clusión do segundo período impositivo de desenvolvemento dela.

A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade se exerceu anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do art. 83 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

d) Unha bonificación por creación de emprego do 50 por 100 da cota correspondente, para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que incrementen o termo medio do seu cadro de persoal de traballadores por contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior o da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b) e c) deste artigo.

e) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeneración, ou que realicen as súas actividades industriais, dende o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións afastadas das zonas mais poboadas do termino municipal, ou que establezan un plan de transportes para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ó lugar do posto de traballo e fomentar o emprego de medios de transporte mais eficientes, como o transporte colectivo ou o compartido.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b), c) e d) deste artigo.

Artigo 8º. Período impositivo e percibo do imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trata de declaracións de alta, no caso das cales, comprenderá desde a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de inicio da actividade non coincida co ano natural, no caso das cales as cotas calcularanse

proporcionalmente o número de trimestres naturais que queden para acabar o ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

3. Tamén, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente os trimestres naturais nos que non se houberse exercido a actividade.

4. Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgúns dos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da Sección I das Tarifas do IAE, percibirán no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente os metros vendidos ou espectáculos cobrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

Artigo 9º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. É competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que conduzan á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os anteditos actos, e actuacións para información e asistencia o contribuínte, sen prexuízo das facultades de delegación.

2. Contra os actos de xestión tributaria competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar desde:

- A data da notificación expresa, no caso de liquidacións de ingreso directo.

- A finalización do período de exposición pública do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime, por tratarse de exercicios seguintes a aquel no que tivo lugar o alta.

3. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que, dentro do prazo previsto para interpoñelos, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achega garantía suficiente.

No obstante elo, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre de xeito inequívoco que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4. As liquidacións de ingreso directo han de satisfacerse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se realice o ingreso se iniciará a vía de prema e se aplicará o recargo establecido na Lei xeral tributaria.

As cantidades adebedadas reportan interese de demora desde o día seguinte o vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese se aplicará sobre a débeda tributaria, excluído o recargo de prema.

O tipo de interese e o vixente o longo do período en que se perciba, fixado de acordo co disposto no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria e disposicións legais que resulten de aplicación.

5. Cando o Concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censal, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto se esixirá en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados o efecto pola entidade local.

Artigo 10º. Comprobación e investigación.

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o Concello ou Ente en quen este delegase as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e a investigación, a práctica das liquidacións tributarias que, si cabe, sexan procedentes e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo elo referido, exclusivamente, os supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 11º. Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 17 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II e artigos 102 a 104, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, regúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Artigo 1º. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible do Imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para as que se esixa a obtención da licenza de obras ou urbanística correspondente, obtivérase ou non esta licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

A) Obras de construción de edificacións e instalacións de calquera tipo de nova planta.

B) Obras de demolición.

C) Obras en edificios, tanto as que modifiquen a súa disposición interior como as que modifiquen o seu aspecto exterior.

D) Aliñacións e rasantes.

E) Obras de fontanería e de rede de sumidoiros.

F) Movementos de terra tales como desmontes explanacións, escavacións, terrapléns, obras de peche de solares ou terreos, vallas e estadas.

G) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiriran licenza de obra ou urbanística.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realiza aquela.

Os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite a correspondente licenza ou quen realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

3. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español, os efectos das súas relacións coa Facenda Pública.

Artigo 3º. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades o entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiranse os socios ou partícipes no capital que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

5. As débedas por este Imposto serán esixibles as persoas físicas e xurídicas que sucedan o debedor no exercicio das explotacións e actividades económicas.

Artigo 4º. Exencións.

Están exentos do pago do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra das que sexan propietarios o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitos ó imposto, vaian a destinarse directamente a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e as súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obras de nova inversión como de conservación.

Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquelas.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto

que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

Artigo 6º. Tipo de gravame e cota.

1. O tipo de gravame será o 2 por 100.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

Artigo 7º. Bonificacións.

1. Concedese unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas o de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2. Concederáse unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación prevista neste apartado aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refire o punto anterior.

3. Concederáse unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras vinculadas os plans de fomento das inversións privadas en infraestruturas. A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións as que se refiren os puntos anteriores.

4. Concederáse unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras referentes as vendas de protección oficial.

A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os puntos anteriores.

5. Concederáse unha bonificación do 90 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren as letras anteriores.

Artigo 8º. Percibo do imposto.

O percibo do Imposto nacera no momento de iniciarse a construción, a instalación ou a obra, aínda que non se obtivese a licenza correspondente.

Artigo 9º. Réxime de declaración e de ingreso.

1. O solicitante dunha licenza para realizar as construcións, instalacións ou obras enumeradas no artigo 1º, punto 2, de esta Ordenanza deberá presentar no momento da solicitude o proxecto e o presuposto de execución estimado.

2. Cando se conceda a preceptiva licenza practicarase unha liquidación provisional e a base imponible determinarase en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que este estivese visado polo Colexio Oficial correspondente. Se non fora así, a base imponible a determinarán os técnicos municipais.

3. Á vista das construcións, as instalacións ou as obras realizadas e o seu custo real efectivo, o Concello, mediante a comprobación administrativa correspondente, poderá modificar, se procede, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicará a liquidación definitiva correspondente e esixirá do suxeito pasivo o ingreso da diferenza entre a liquidación provisional e a definitiva ou reintegraralle, se procede, a cantidade que corresponda.

4. O ingreso das liquidacións, provisional e definitiva, se efectuará nas entidades colaboradoras da recadación nos prazos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Artigo 10º. Comprobación e investigación.

1. A inspección e a comprobación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas disposicións diktadas para o seu desenvolvemento.

2. En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que lles correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolven.

3. Os efectos previstos neste apartado consideraranse de especial transcendencia para a xestión do imposto a presentación das declaracións esixidas pola normativa vixente e recollidas nesta Ordenanza.

Artigo 11º. Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por

calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento de este Imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Ordenanza fiscal da taxa por licenza de apertura de establecementos.

Artigo 1º:

En uso das facultades conferidas polos artigos 133,2 y 142 da Constitución e polo artigo 106 da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Ley 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora de las Haciendas Locales, éste Concello establece a Taxa por Licencia de Apertura de Establecementos, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, normas que atenden o prevenido no artigo 58 da citada Ley 39/1988.

Artigo 2º:

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a unificar se os establecementos industriais e mercantis reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas e Reglamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da Licencia de Apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

2.- A tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) A instalación por vez primeira do establecemento para comezar as súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular, non estando gravada, sen embargo, a ampliación de capital social por ser allea ó feito imponible, así como tampouco a ampliación de elementos mecánicos ou de potencia eléctrica dunha industria xa existente no local.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo en éste e que afecte as condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.

3.- Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, esté ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesana, da construción, comercial e de servicios que está suxeita a Licencia Fiscal ou, a partir do 1 de enero de 1991, ó Imposto sobre Actividades Económicas.

b) Aínda sin desenvolver aquelas actividades sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamentos, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3º:

1.- Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Ley General Tributaria, titulares da actividade de que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

2.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 y 39 da Ley General Tributaria.

3.- Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os Síndicos, Interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Ley General Tributaria.

Artigo 4º:

A base imponible desta taxa estará constituída polo importe total do Imposto sobre Actividades Económicas, resultado de aplicar as cuotas das Instrucións e Tarifas vixentes incrementadas no recargo provincial. No caso que se atopen exentos do pago do Imposto de actividades económicas a taxa estará constituída polo que lle correspondería aboar de acordo co resultado de aplicar as cuotas das Instrucións e Tarifas vixentes incrementadas no recargo provincial.

Artigo 5º:

A cota tributaria calcularase aplicando unha porcentaxe sobre a base imponible establecida no artigo 4º da presente Ordenanza, segundo a actividade de que se trate, segundo a clasificación seguinte:

1. Licencias de apertura que se rixen polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas: 150% da base imponible.

2.- Para licencias de apertura que se rixen polo Regulamento de Policía, Espectáculos y Actividades Recreativas: 125% da base imponible.

3.- Para as licencias non incluídas nos apartados anteriores: 100% da base imponible.

O seu abono en todos os casos farase por unha soa vez.

Artigo 6º:

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa.

Artigo 7º:

1.- Devengase a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A éstos efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da Licencia de Apertura, si o suxeito pasivo formulase expresamente ésta.

2.- Cando a apertura teña lugar sen obter a oportuna Licencia, a Taxa devengase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, si non fora autorizable dita apertura.

3.- A obriga de contribuir, una vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da Licencia solicitada ou pola concesión desta, condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 8º:

1.- As personas interesadas na obtención dunha Licencia de Apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán, previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local.

2.- Si despois de formulada a solicitude de Licencia de Apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas para tal establecemento, éstas modificacións poñeranse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

Artigo 9º:

Finalizada a actividade municipal e, unha vez dictada a Resolución que proceda sobre a Licencia de Apertura, practicarase a liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais, utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento General de Recaudación.

Artigo 10º:

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a as mesmas correspondan en cada caso, se estará o disposto nos artigos 77 e seguintes da Ley General Tributaria.

Disposición final.-

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no BOP e

transcurra o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases e Réxime Local e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

R. 1.468

* * *

O IRIXO**EDICTO**

Elevándose a definitivo, por non presentarse reclamacións, o acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 19 de febreiro de 2003, de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais do I.A.E e I.B.I. publicado no BOP de data 21 de febreiro, co texto integro das mesmas resultante da modificación, que se achega como Anexo de este edicto, faise público en cumprimento do disposto polo artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, facendo constar que contra o mesmo poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala de dita xurisdicción do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación deste acordo e das ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia.

Irixo, a 28 de marzo de 2003.- O alcalde

Anexo

Ordenanza fiscal n.º 9

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas

Ordenanza fiscal n.º 15

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Ordenanza fiscal n.º 9

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas

O abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 79 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, régúlase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1. Feito imponible.

1. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal directo

de carácter real, o feito imponible do cal está constituído polo mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que non estean exentas, tanto se se exercen nun local determinado como se non, se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

2. Os efectos deste imposto, considéranse actividades empresariais as da gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Polo tanto, non teñen esta consideración, as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Artigo 2. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinen o feito imponible.

Artigo 3. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitíranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán das mesmas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adjudicara.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4. Exencións.

1. Están exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, así como os Organismos autónomos do Estado, e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividades no territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 33 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que teñan un importe neto da

cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os efectos da aplicación da exención prevista neste paragrafo teranse en conta as regras que se conteñen no artigo 83 da Lei 39/1988.

d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en tódolos seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo.

f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de diminuídos que realicen.

g) As fundacións e asociacións para o exercicio daquelas actividades que constitúan o seu obxecto social ou finalidade específica, non supoñan competencia desleal e os seus destinatarios sexan unha colectividade xenérica de persoas. A tal efecto estarase ó establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións e na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

h) A Cruz Vermella.

i) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.

2. As exencións reguladas nas letras b), e) e f) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

3. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que sexa firme a liquidación correspondente terán efectos desde o inicio do período impositivo a que se refira a solicitude, sempre que na data da obriga de contribuír do tributo concorreran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

Artigo 5. Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, incluído o elemento superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se reali-

za a actividade regulados nos artigos 6 e 7 da presente Ordenanza.

Artigo 6. Coeficiente de ponderación en función da cifra de negocios.

De acordo co artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); coeficiente

Desde:
- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29
- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30
- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32
- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,01; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por el e determinarase de acordo co previsto na paragrafo c) do apartado 1 do artigo 83 da Lei de facendas locais.

Artigo 7. Bonificacións.

Sobre a cota do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

a) O abeiro do que prevé a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas, gozaran dunha bonificación do 95 por 100 da cota as cooperativas, as súas unións, federacións e confederacións, así como as sociedades agrarias de transformación.

b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no paragrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

c) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para os que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen pola cota municipal, durante os cinco anos seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento dela.

A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade se

exerceu anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no paragrafo b) do apartado 1 do art. 83 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

d) Unha bonificación por creación de emprego do 50 por 100 da cota correspondente, para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que incrementen o termo medio do seu cadro de persoal de

traballadores por contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior o da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b) e c) deste artigo.

e) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeneración, ou que realicen as súas actividades industriais, dende o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións afastadas das zonas mais poboadas do termino municipal, ou que establezan un plan de transportes para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ó lugar do posto de traballo e fomentar o emprego de medios de transporte mais eficientes, como o transporte colectivo ou o compartido.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados a), b), c) e d) deste artigo.

Artigo 8. Período impositivo e percibo do imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trata de declaracións de alta, no caso das cales, comprenderá desde a data de inicio da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, excepto cando, nos casos de declaración de alta, o día de inicio da actividade non coincida co ano natural, no caso das cales as cotas calcularanse proporcionalmente o número de trimestres naturais que queden para acabar o ano, incluído o do inicio do exercicio da actividade.

3. Tamén, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas

serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. Con este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente os trimestres naturais nos que non se houberse exercido a actividade.

4. Tratándose de suxeitos pasivos que figuren dados de alta nalgúns dos epígrafes 833.1, 833.2, 965.1, 965.2 e 965.5 da Sección I das Tarifas do IAE, percibirán no mes de xaneiro de cada ano a parte correspondente os metros vendidos ou espectáculos cobrados no exercicio anterior. No caso de cese na actividade, a declaración complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

Artigo 9. Réxime de declaración e de ingreso.

1. É competencia do Concello a xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e deneigación de bonificacións e exencións, realización das liquidacións que conduzan á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os anteditos actos, e actuacións para información e asistencia o contribuínte, sen prexuízo das facultades de delegación.

2. Contra os actos de xestión tributaria competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar desde:

- A data da notificación expresa, no caso de liquidacións de ingreso directo.

- A finalización do período de exposición pública do padrón cando o tributo se esixa en tal réxime, por tratarse de exercicios seguintes a aquel no que tivo lugar o alta.

3. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, salvo que, dentro do prazo previsto para interpoñelos, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía suficiente.

No obstante elo, en casos excepcionais, o órgano competente pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre de xeito inequívoco que hai erros materiais na liquidación que se impugna.

4. As liquidacións de ingreso directo han de satisfacerse nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se realice o ingreso se iniciará a vía de prema e se aplicará o recargo establecido na Lei xeral tributaria.

As cantidades adebedadas reportan interese de demora desde o día seguinte o vencemento da débeda en período voluntario ata o día do seu ingreso, e o antedito interese se aplicará sobre a débeda tributaria, excluído o recargo de prema.

O tipo de interese e o vixente o longo do período en que se perciba, fixado de acordo co disposto no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria e disposicións legais que resulten de aplicación.

5. Cando o Concello teña atribuídas as competencias en materia de xestión censal, segundo o establecido no artigo 92.1 da Lei 39/1988, o imposto se esixirá en réxime de autoliquidación cos impresos aprobados o efecto pola entidade local.

Artigo 10. Comprobación e investigación.

Por delegación do Ministerio de Economía e Facenda, o Concello ou Ente en quen este delegase as súas competencias de xestión tributaria exercerá as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderán a comprobación e a investigación, a práctica das liquidacións tributarias que, si cabe, sexan procedentes e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo elo referido, exclusivamente, os supostos de tributación por cota municipal.

Artigo 11. Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 19 de febreiro de 2.003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Irixo, 28 de marzo do 2.003

Ordenanza fiscal número 15

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade asemade co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 61 e seguintes, todos eles da Lei

39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das facendas locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles.

Artigo 1.- Feito imponible.-

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufructo.

e) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda dentro dos definidos no apartado anterior polo orden establecido nel, determinará a non suxeición do inmueble ó resto das modalidades previstas nel.

3. Ten a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artículo 2. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeneral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmueble de características especiais, será substituto do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir sobre os outros concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós cánones que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3. Responsables

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria o que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes o cotitulares das Entidades xurídicas o económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeneral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións nas obrigacións tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiránse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adjudicará.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeneral tributaria.

Artigo 4. Exencións

1. Son exencións directas de aplicación de oficio as comprendidas no artigo 63, apartado 1, da Lei 39/1988.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 63 apartado 2, letras a), b) e c) da Lei 39/1988.

3. Estarán asemade exentos:

a) Os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 3,00 euros.

b) Os bens inmobles de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termino municipal sexa inferior a 3,00 euros.

4. Con carácter xeneral, a concesión de exencións tera efectos a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non poderá ter carácter retroactivo. Sen embargo, cando o beneficio fiscal solicítase antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

Artigo 5. Base imponible

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación o actualización nos casos e da maneira que a Lei prevea.

Artigo 6. Reducións

1. A redución na base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urbanos e rústicos que se encontren en algunha destas dúas situacións:

a) Inmable no que o valor catastral se incrementa, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeneral en virtude da:

1.1 A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobada con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1997.

2.1 A aplicación de sucesivos reportos totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 69.1 da Lei 39/1988.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que teña dado lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e no que o valor catastral se altere, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1.1 Procedementos de valoración colectiva de carácter xeneral.

2.1 Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.

3.1 Procedementos simplificado de valoración colectiva.

4.1 Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e rectificacións de discrepancias e inspección catastral.

2. Esta redución aplicarase de oficio de acordo coas normas contidas nos artigos 69, 70 e 71 da Lei 39/1988.

3. Estas reducións, en ningún caso serán aplicables ós bens inmobles de características especiais.

Artigo 7. Base liquidable

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a legislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda o inmable así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral deste imposto.

4. O valor base será a base liquidable conforme ás normas da Lei 39/1988 e da Lei 48/2002, de 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario.

5. A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida na Lei 48/2002 e o réxime de recursos contra os actos administrativos o establecido en dita Lei así como na Lei 39/1988.

Artigo 8. Tipo de gravame e cota

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,4 por 100

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,3 por 100

c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais: o 1,3 por 100

Artigo 9. Bonificacións

1. No suposto de novas construcións, pódese conceder unha bonificación do 50 por 100 na cota íntegra do Imposto,

previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras, ás empresas urbanizadoras, constructoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a ela, de conformidade co artigo 74 da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización, o de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización o construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa dedicase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmable obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

3. Terán unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido no artigo 134 da Lei 20/1990, de 19 de decembre, de Cooperativas.

4. Terán dereito a unha bonificación do 20 por 100 da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, mentres por normativa se encuentre dita familia constituída como tal.

Artigo 10. Período impositivo e de obriga de contribuir do Imposto

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. A obriga de contribuir o imposto nace o primeiro día do período impositivo.

As variacións de orden físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ó que figura no seu Padrón, liquidará o imposto na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

A liquidación do Imposto comprenderá a cota correspondente os exercicios mencionados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e os anteriores a cota satisfeita por este imposto a razón doutra configuración do inmovible diferente da que ten na realidade.

Artigo 11. Réxime de declaración e de ingreso

1. Os efectos previstos no artigo 77 da Lei 39/1988, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orden físico, económico ou xurídico nos bens inmovibles que teñan transcendencia a efectos deste Imposto.

2. É competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse a eles deben ser presentados á administración municipal, ante a que se debe indicar, asemade, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obrigación dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais ó Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ó Catastro a incidencia dos valores catastrais ó outorgar licenza ou autorización municipal.

4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o

cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostra claramente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme á Lei 48/2002 e a Lei 39/1988.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeneral de recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iniciarase o período executivo, o que comporta a acreditación do recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por 100 cando a débeda se ingrese antes de que sexa notificada ó debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12. Xestión por delegación

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración coa que se subscribe o convenio ou coa Administración na que se delega.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13. Data de aprobación e vixencia

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 19 de febreiro do 2003 entrara en vigor o día 1 de xaneiro de 2003 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Irixo, 28 de marzo do 2003.- O Alcalde.

R. 1.467

XINZO DE LIMIA

Don José Rodríguez Díaz, en representación de Vego Supermercados, SA, solicitou desta Alcaldía a licenza municipal para abrir un supermercado de alimentación, que se situará na estrada de Celanova, 5, de Xinzo de Limia. Para cumprilo disposto polo apartado a), do número 2, do artigo 30 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública polo período de 10 días hábiles, co fin de que durante este tempo, que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan examinalo expediente, na secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Xinzo de Limia, 24 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.355

RAIRIZ DE VEIGA

EDICTO

Ó ser definitivo, por non se teren presentado reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión celebrada o día 11 de febreiro de 2003, de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas, que se adxunta como anexo deste edicto, faise público en cumprimento do disposto polo art. 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

“X.- Aprobación, se procede, da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Dada conta do expediente que se tramita para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas como consecuencia da profunda modificación do imposto que supuxo a entrada en vigor da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Vistos os informes favorables de Secretaría-Intervención, o Pleno do Concello acordou por unanimidade dos oito corporativos asistentes (o que supón a maioría absoluta legal):

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas, que modifica e deroga á anterior aprobada en outubro de 1991.

Segundo.- Expoñer ó público o presente acordo e a Ordenanza fiscal mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte ó da publicación no BOP do anuncio de exposición, conforme ó disposto no art. 17.1 e 2 da Lei 39/1988.

Terceiro.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentaran reclamacións ó mesmo, e continua-lo expediente ata a súa conclusión de acordo co procedemento previsto no art. 17.4 e 5 da Lei 39/1988.

Cuarto.- A devandita Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e será de aplicación dende o día 1 de xaneiro de 2003."

Anexo

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Artigo 1.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre actividades económicas é un tributo de carácter real no que o seu feito imponible está constituído polo mero exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas que se exerzan ou non en local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que realicen no territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 3.- Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarefas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 87 da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, tendo en conta o seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); Coeficiente

Dende:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29
- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30
- 10.000.000,01 ata 50.000.000,00; 1,32
- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,00; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase segundo o previsto no parágrafo c) do aparta-

do 1º do artigo 83 da Lei 51/2002, de 27 de decembro.

Artigo 4.- período impositivo e data de esixibilidade.

1.- O período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de declaracións de alta, que abarcará dende a data do comezo da actividade ata o remate do ano natural.

2.- O imposto é esixible dende o primeiro día do período impositivo e as cotas non se poden reducir salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día do comezo da actividade non coincida co ano natural; neste suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o devandito cese. Para este fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se exercesen a actividade.

3.- Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, a esixibilidade prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presentar as correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

Artigo 5.- Xestión do imposto.

1.- O imposto xestionase a partires da matrícula do mesmo. Esta matrícula formarase anualmente para cada termo municipal e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, de se-lo caso, do recargo provincial.

Artigo 6.- Cuestións non previstas nesta ordenanza

No non previsto na presente ordenanza estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro.

Disposición derogatoria.-

Queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de actividades Económicas aprobada polo Pleno deste concello na sesión do 31 de outubro de 1991.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse con efectos a partires do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Rairiz de Veiga, 24 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.428

EDICTO

Ó ser definitivo, por non se teren presentado reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión celebrada o día 11 de febreiro de 2003, de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais, que se adxunta como anexo deste edicto, faise público en cumprimento do disposto polo art. 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

"XI.- aprobación, se procede, da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais.

Dada conta do expediente que se tramita para a modificación da Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais, como consecuencia da profunda modificación do imposto que supuxo a entrada en vigor da Lei 51/2002 do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, así como a Lei 48/2002 do Catastro Inmobiliario.

Vistos os informes favorables de Secretaría-Intervención o Pleno do concello acordou por unanimidade dos oito corporativos asistentes (o que supón a maioría absoluta legal):

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal do Imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais que modifica e derroga á anterior aprobada en setembro de 1989.

Segundo.- Expoñer ó público o presente acordo e a Ordenanza fiscal mediante a inserción de anuncios no Boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios do concello, durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ó da publicación no BOP do anuncio de exposición, conforme ó disposto no art. 17.1 e 2 da Lei 39/1988.

Terceiro.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentaran reclamacións ó mesmo, e continua-lo expediente ata a súa conclusión de acordo co procedemento previsto no art. 17.4 e 5 da Lei 39/1988.

Cuarto.- A devandita Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e será de aplicación dende o día 1 de xaneiro de 2003".

Anexo

Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais.

Artigo 1.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava

o valor dos bens inmobles nos termos establecidos na Lei 30/1988, reguladora das facendas locais, Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, e a Lei 48/2002, de 23 de decembro, de catastro inmobiliario.

Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais.

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que se atopan afectados.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufructo.

d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

Para os efectos deste imposto terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do catastro inmobiliario, en particular, o disposto no artigo 2º da Lei 48/2002, de 23 de decembro.

Artigo 2º.- suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon.

Artigo 3.- base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles.

Artigo 4.- base liquidable.

A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións legais que de se-lo caso sexan de aplicación.

Artigo 5.- exencións.

En vista da facultade outorgada polo apartado 4º do artigo 7º da Lei 51/2002, de 27 de decembro, polo que se modifica o artigo 63 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, decláranse exentos os recibos correspondentes a inmobles rústicos e urbanos e de bens inmobles de características especiais que a súa cota líquida non supere a cantidade de 3,00 euros.

Artigo 6.- cota tributaria.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable os seguintes tipos de gravame:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,40 por 100.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,60 por 100.

c) Para os bens inmobles de características especiais o 0,60 por 100.

Artigo 7.- período impositivo e data de esixibilidade

1.- O imposto será esixible dende o primeiro día do período impositivo.

2.- O período impositivo coincide co ano natural.

3.- Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración diante do catastro inmobiliario terán efectividade na data de esixibilidade dese imposto inmediatamente posterior ó intre no que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

Artigo 8.- xestión do imposto.

1.- A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos, salvo delegación en forma no organismo competente e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións que conducen á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os devanditos actos e actuacións para a asistencia e información do contribuínte.

2.- A xestión catastral é competencia exclusiva da administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais.

3.- De conformidade coa prerrogativa outorgada polo apartado 2º do artigo 78 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, agruparanse nun único documento de cobro sempre que isto sexa posible, cando se refiran a bens que radiquen nun mesmo municipio.

Artigo 9.- cuestións non previstas nesta ordenanza.

No non previsto na presente ordenanza estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27

de decembro, reguladora das facendas locais e no disposto na Lei 48/2002, de 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Disposición derogatoria.-

Queda derogada a Ordenanza Fiscal do Imposto sobre bens inmobles aprobada polo Pleno deste concello na súa sesión de data 29 de setembro de 1.989.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse con efectos do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Rairiz de Veiga, 24 de febreiro de 2003.- O alcalde.

R. 1.429

XUNQUEIRA DE AMBÍA

EDICTO

Unha vez aprobado por resolución da Alcaldía, do 28 de febreiro de 2003, o prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante procedemento negociado da subministración de materiais para a obra "Abastecemento e saneamento en Xunqueira de Ambía", sométese a información pública polo prazo de oito días, contados a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio no BOP, para os efectos do seu exame e presentación das reclamacións a que houbera lugar.

Xunqueira de Ambía, 3 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.238

LAZA

EDICTO

Elevouse a definitivo por non presentaren reclamacións, o acordo plenario que se adoptou na sesión ordinaria que tivo lugar o 13 de febreiro de 2003, de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

O acordo de exposición ó público do expediente publicouse no BOP do 17 de febreiro de 2003, núm. 39, e o expediente completo permaneceu exposto ó público desde o día 18.02.2003 ata o día 26.03.2003, ámbolos dous incluídos, e non se presentaron reclamacións contra del.

En cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, faise pública a redacción da Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles, que queda

como se detalle de seguido, e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de 2003.

Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais

Artigo 1.- Natureza e feito imponible

O Imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos na Lei 39/1988, reguladora das Facendas locais, Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, e da Lei 48/2002, de 23 de decembro, de catastro inmobiliario.

Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos os que se atopen afectados.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufructo.

d) Dun dereito de propiedade

A realización do feito imponible que corresponda entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecido, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

Os efectos deste imposto terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do catastro inmobiliario, en particular, o disposto no artigo 2º da Lei 48/2002, de 23 de decembro.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituto do contaminante o que deba satisfacer o maior canon.

Artigo 3.- Base imponible

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles.

Artigo 4.- Base liquidable

A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións legais que no seu caso sexan de aplicación.

Artigo 5.- Exencións

1. Son exencións directas de aplicación de oficio as comprendidas no artigo 63.1 da Lei 39/1988.

2. Son exencións directas de carácter rogado as comprendidas no artigo 63.2 letras a), b) e c) da Lei 39/1988

3. Estarán ademais exentos, á vista da facultade outorgada polo apartado 4º do artigo 7º da Lei 51/2002, de 27 de decembro, polo que se modifica o artigo 63 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, os seguintes:

a) Os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 2,40 euros.

b) Os bens inmobles de natureza rústica no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no término municipal sexa inferior a 7,80 euros.

De conformidade coa prerrogativa outorgada polo apartado 2º do artigo 78 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, agrúpanse nun único documento de cobro sempre que sexa posible, cando se refira a bens que radiquen no mesmo municipio.

Artigo 6.- Cota tributaria

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable os seguintes tipos de gravamen:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,4 por cento.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,65 por cento.

c) Para os bens inmobles de características especiais o 1,30 por cento.

Artigo 7.- Bonificacións

Establécese unha bonificación do 50 por cen da cota íntegra do imposto ós suxeitos pasivos titulares de familia numerosa.

Artigo 8.- Período impositivo e devengo

1.- O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

2.- O período impositivo coincide co ano natural.

3.- Os feitos actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ante o catastro inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ó momento no que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

Artigo 9.- Xestión do imposto

1.- A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados na vía de xestión tributaria deste imposto, será competencia exclusiva do Concello, salvo delegación en forma no organismo competente e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a existencia e información ó contribuínte.

2.- A xestión catastral é competencia exclusiva da administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais.

Artigo 10.- Cuestións non previstas nesta ordenanza

En canto non contradiga ou non esté previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, de 28 de decembro, e na súa

redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, reguladora das facendas locais, e o disposto na Lei 48/2002, de 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Concello en Pleno, en sesión de data 13 de febreiro de 2003, que entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Laza, 27 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.473

* * *

EDICTO

Elevoase a definitivo por non presentaren reclamacións, o acordo plenario que se adoptou na sesión ordinaria que tivo lugar o 13 de febreiro de 2003, de aprobación provisional e imposición da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcadoiro, carga e descarga de mercaderías de calquera clase.

O acordo de exposición ó público do expediente publicouse no BOP do 17 de febreiro de 2003, núm. 39, e o expediente completo permaneceu exposto ó público desde o día 18.02.2003 ata o día 26.03.2003, ámbolos dous incluídos, e

non se presentaron reclamacións contra del.

En cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, faise pública a redacción da Ordenanza fiscal do taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcadoiro, carga e descarga de mercaderías de calquera clase, que queda como se detalle de seguido, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte o da publicación deste edicto no BOP.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

De conformidade co que prevé o artigo 58 en relación co artigo 20.3 h), ambos da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, segundo a modificación que establece o artigo 66 da Lei 25/1.998, do 13 de xullo, modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público, este concello establece a taxa polas utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por "entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase" que se regulará pola presente ordenanza, que se redactou conforme ó que dispón o artigo 16 da devandita Lei 39/88.

1. Será obxecto deste tributo:

a) A entrada ou paso de vehículos e carruaxes nos edificios e terreos.

b) A reserva de espazo nas vías e terreos de uso público para carga e descarga de mercaderías á solicitude de entidades, empresas e particulares.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe a realización sobre a vía ou terreo de uso público de calquera dos aproveitamentos que se enumeran no artigo 1º desta ordenanza, e a obriga de contribuír nace desde o momento en que se inicie o aproveitamento.

Artigo 3º.- Obriga de contribuir.

O tributo considerarase remunerado ó iniciarse algún dos aproveitamentos obxecto desta ordenanza, e anualmente, o primeiro de xaneiro de cada ano.

Artigo 4º.- Suxeitos pasivos.

Están solidariamente obrigados ó pagamento, en concepto de contribuíntes:

a) As persoas naturais ou xurídicas titulares da respectiva licenza municipal.

b) Os propietarios dos inmobles onde se establecen as entradas ou pasos de carruaxes.

c) As empresas, entidades ou particulares beneficiarios dos aproveitamentos que se enumeran no apartado b) do art. 1º.- desta ordenanza.

Artigo 5º.- Base imposible e liquidable.

Tomarase como base imponible o presente tributo, a lonxitude en metros lineais da entrada ou paso de carruaxes, así como o número de vehículos e no suposto de ocupación coa limitación de días e horas, a parte proporcional do tempo que se autoriza.

Artigo 6º.- Categorías das rúas.

Para os efectos que se prevé para a aplicación do apartado D) da tarifa, as vías públicas deste municipio clasifícanse nunha única categoría.

Artigo 7º.- Cota tributaria.

1.- A contía da taxa que regula esta ordenanza será a que se fixa na tarifa seguinte:

Conceptos; unidade; euros/ano

1. Por entrada de 1 a 5 m. sen pasaxe permanente ou rebaixe de bordo; metro lineal ou fracción; 1,50

2. Por entrada de 1 a 5 m. con pasaxe permanente ou rebaixe de bordo; metro lineal ou fracción; 2,60

3.- Pola entrada de máis de 5 vehículos, aplicaranse as anteriores tarifas multiplicadas polo coeficiente que resulte de dividir o número de vehículo entre cinco.

Conceptos; unidade; euros/ano

4.- Por autorización de carga e descarga; metro lineal ou fracción; 6,70

Para a ocupación con limitación de días e horas, a cota será na proporción do tempo que se autoriza en relación ós días laborais do ano.

5.- Por cada placa de pasaxe permanente que o suxeito pasivo terá a obriga de adquirir no concello, fixarase a cantidade de 24, 00 euros.

Artigo 8º.- Normas comúns para a aplicación das tarifas.

1.- Considerarase modificación da rasante da beirarrúa todo o que supoña alteración da liña rasante, ben sexa na totalidade do plano superior ou na arista exterior de dita beirarrúa, comprendéndose para os efectos os regos, vaos, desniveis, rebaixas de altura, escotes, substitucións da liña horizontal por oblicúa e, en suma, toda modificación do aspecto exterior do aceirado.

2.- A taxa aplicarase tanto á modificación de rasante das beirarrúas que se constrúan os particulares, toda vez que o pagamento deste aproveitamento motivo a molestia que ó transeúnte ocasiona dita modificación da rasante e polo

beneficio que obtén o usuario. Polo tanto, tamén procederá a aplicación da taxa, aínda cando a rúa careza de beirarrúa, se a rasante se modificou na parte correspondente a unha porta cocheira.

Artigo 9º.- Normas de xestión.

1.- As persoas naturais ou xurídicas interesadas na concesión dos aproveitamentos que regula esta ordenanza, presentarán no concello solicitude detallada da extensión e carácter do aproveitamento que se require.

2.- Tamén presentarán a oportuna declaración en caso de alteración ou baixa dos aproveitamentos que xa se concederán dende que o feito se produza ata o último día do mes natural seguinte ó que tal feito tivo lugar. Quen incumpra tal obriga seguirá obrigado ó pagamento do tributo. Tales declaracións surtirán efecto a partir do primeiro día do ano natural seguinte a aquel en que se formulen.

3.- Os titulares das licencias proveranse das placas regulamentarias que facilitará o concello, logo do pagamento do importe que estiupule a tarifa.

4.- Con igualdade, os titulares da reserva a que fai referencia o epígrafe 4, proveranse das placas oportunas, nas que constará o tempo de emprego.

5.- A falta de instalación das placas, ou o emprego doutras distintas ás regulamentarias, impedirá ós titulares das licencias o exercicio do seu dereito ó aproveitamento.

Artigo 10º.- Responsables.

1.- Responderán con solidariedade das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 11º.- Prazos e forma de declaración e ingresos.

1.- Anualmente formarase un padrón no que figurarán os contribuíntes afectados e as cotas correspondentes, que se exporá ó público para os efectos de reclamacións. Logo de que transcorra dito prazo, o concello resolverá as reclamacións e aprobará definitivamente dito padrón, que servirá de base para os documentos cobratorios correspondentes.

2.- O tributo recadarase anualmente nos prazos que se sinalen para o efecto para os tributos de notificación colectiva e periódica.

3.- O importe correspondente ás placas de pasaxe permanente que facilite o concello, aboarase directamente na Te-

sourería Municipal, unha vez que o suxeito pasivo obteña a correspondente licenza.

Artigo 12º.- Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables.

Non se recoñece ningún beneficio tributario, salvo os que sexan consecuencia do que establecen os tratados ou acordos internacionais ou os que prevén as normas con rango de lei.

Artigo 13º.- Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do que prevé esta ordenanza, estarase ó que dispoñen os arts. 77 e seguinte da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

Disposición derradeira

O texto da presente ordenanza fiscal entrará en vigor e será de aplicación ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Laza, 27 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.470

EDICTO

Elevouse a definitivo por non presentaren reclamacións, o acordo plenario que se adoptou na sesión ordinaria que tivo lugar o 13 de febreiro de 2003, de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

O acordo de exposición ó público do expediente publicouse no BOP do 17 de febreiro de 2003, núm. 39, e o expediente completo permaneceu exposto ó público desde o día 18.02.2003 ata o día 26.03.2003, ámbolos dous incluídos, e non se presentaron reclamacións contra del.

En cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, faise pública a redacción da Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles, que queda como se detalle de seguido, e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de 2003.

Ordenanza fiscal do imposto sobre actividades económicas

Artigo 1.- Natureza e feito imponible

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real, do que o seu feito imponible está constituido polo mero exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, se exerzan ou

non en local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 3.- Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarifas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 87 da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, tendo en conta o seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros); Coeficiente

Desde:

- 1.000.000,00 ata 5.000.000,00; 1,29
- 5.000.000,01 ata 10.000.000,00; 1,30

- 10.000.000,01 hasta 50.000.000,00; 1,32

- 50.000.000,01 ata 100.000.000,00; 1,33

Máis de 100.000.000,00; 1,35

Sen cifra neta de negocio; 1,31

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e se determinará de acordo có previsto no párrafo c) do apartado 1º do artigo 83 da Lei 39/1988, na súa redacción polo artigo 23 da Lei 51/2002, de 27 de decembro.

Artigo 4.- Período impositivo e devengo

1.- O período impositivo coincide có ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, caso no que abarcará desde a data de comezo da actividade ata o remate do ano natural.

2.- O imposto devengase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida có ano natural, en cuio suposto as cotas calcularanse proporcionalmente al número de trimestres naturais que restan para finalizar el año, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel en que se produza dito cese. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se exercera tal actividade.

3.- Tratándose de espectáculos, cando as cotas estén establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presentar as correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

Artigo 5.- Xestión do imposto

1.- O imposto xestionarase a partir da matrícula do mesmo. Dita matrícula formarase anualmente para cada término municipal e estará constituida por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, no seu caso, do recargo provincial.

Artigo 6.- Cuestións non previstas nesta ordenanza

En canto non contradiga ou non esté previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas locais, y na súa redacción da la Lei 51/2002, de 27 de decembro.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno do Concello, en sesión de data 13 de febreiro de 2002, que entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Laza, 27 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.471

PADRENDA

EDICTO

Don José Julio González Fernández solicitou desta Alcaldía a licenza municipal para a legalización de reforma e ampliación para granxa porcina, que se situará en Grixó-Padrenda. Para cumprilo disposto polo apartado a), do número 2, do artigo 30 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública polo período de 10 días hábiles, co fin de que durante este tempo, que comezará a contar desde o día seguinte ó da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan examina-lo expediente, na secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Padrenda, 14 de marzo de 2003.- O alcalde.

R. 1.253